



XUNTA
DE GALICIA

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica



Memoria de actividades 2013

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

galicia



SUMARIO

1. Introducción	4
2. AMTEGA: un novo modelo integral de xestión TIC	5
3. Principais logros 2013	14
3.1. PRINCIPAIS ACTUACIÓNS	16
3.2. MECANISMOS DE EFICIENCIA E AFORRO	28
4. Programa de actuacións do ano 2013	32
OBXECTIVO 1: ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE	34
1.1. MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN (ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA)	34
1.2. SISTEMA INTEGRADO PARA A XESTIÓN DOS RECURSOS HUMANOS, E DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS PARA O EMPREGADO PÚBLICO	40
1.3. INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E URBANISMO	42
1.4. IMPULSO DA RELACIÓN ELECTRÓNICA CO SECTOR EMPRESARIAL, COMERCIAL E INDUSTRIAL	44
1.5. MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE XESTIÓN AMBIENTAL	46
1.6. DESENVOLVEMENTO DAS TIC NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA: PLAN E-XUSTIZA	48
1.7. INCORPORACIÓN DE SOLUCIÓNS TIC NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, PROGRAMA EBENESTAR	56
1.8. MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN RELACIONADOS CO EMPREGO, A FORMACIÓN E CO FOMENTO DA CONTRATACIÓN	59
1.9. MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN RELACIONADOS COA XESTIÓN ACADÉMICA NO SISTEMA EDUCATIVO	61
OBXECTIVO 2: ADMINISTRACIÓN EFICIENTE	63
2.1. CONSOLIDACIÓN E HOMOXENEIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA	63
2.3. INTEROPERABILIDADE E HOMOXENEIZACIÓN DE PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS	68
2.4. IMPLANTACIÓN DUNHA XESTIÓN EFICAZ DO GASTO TIC	69
2.5. MELLORA DE CALIDADE DOS SERVIZOS PRESTADOS	71
2.6. INSTAURACIÓN DE POLÍTICAS DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN	72
2.7. IMPULSO AO SOFTWARE LIBRE	74
OBXECTIVO 3: CIDADANÍA DIXITAL	76
3.1. TRANSFORMACIÓN DA EDUCACIÓN A TRAVÉS DA INCORPORACIÓN DAS TIC Á ESCOLA, PROXECTO ABALAR	76
3.2. PROGRAMA DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS	78
3.3. REDE CEMIT	79
3.4. VOLUNTARIADO DIXITAL	83
3.5. MODERNIZAR A CATALOGACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO E BENS DE INTERESE CULTURAL	86
3.6. IMPULSO Á ORDENACIÓN, NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA A TRAVÉS DAS TIC	89

3.7. ORDENACIÓN E IMPULSO DA PRESENZA DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA EN INTERNET	91
4.1. APOIO Á INNOVACIÓN TIC E AO FOMENTO DO EMPRENDEMENTO	99
OBXECTIVO 5: ECONOMIC - IT	100
5.2. CENTRO PÚBLICO DEMOSTRADOR TIC	100
5.3. SMART TURISMO	103
5.4. MODERNIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO EN GALICIA	105
5.5. POTENCIAR A XESTIÓN ELECTRÓNICA NO SECTOR AGROGANDEIRO	107
5.6. IMPULSAR LA GESTIÓN INTEGRAL DE LOS RECURSOS FORESTALES	110
5.7. POTENCIAR A PLATAFORMA DE XESTIÓN DE SERVIZOS PARA O SECTOR DA PESCA E DO MAR	112
6.1. PLAN DIRECTOR DE BANDA LARGA	114
OBXECTIVO 6: INFRATELECOM	117
6.2. POTENCIACIÓN DE RETEGAL COMO OPERADOR DE VANGUARDIA	117
6.3. MODERNIZACIÓN DAS REDES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	118
6.4 CONSTITUCIÓN DUN SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DE EMERXENCIAS DE GALICIA	121
OBXECTIVO 7: MEDIDAS INSTRUMENTAIS DE EFICIENCIA E DE COOPERACIÓN	122
7.2. COORDINACIÓN COAS AXENDAS DIXITAIS LOCAIS E APOIO ÁS ALIANZAS ESTRATÉXICAS	122
7.3. IMPULSO DA COLABORACIÓN E ACCIÓN COORDINADA ENTRE ADMINISTRACIÓNS: PLAN E-CONCELLOS	125
7.5. OBSERVATORIO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA	127
5. Instrumentos de colaboración e desenvolvemento normativo	129



1.Introdución

O memoria de actividades da Axencia reflicte un elevado grao de execución dos obxectivos establecidos no seu plan de acción 2013, incidindo en aspectos como a consolidación de aforros e a evolución e mellora dos servizos e tecnoloxías postas a disposición da sociedade e da Administración.

O artigo 10 dos Estatutos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobados polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, establece a obriga de someter á aprobación do Consello Reitor, nas datas que estableza a normativa aplicable, o informe xeral de actividade correspondente ao ano inmediatamente anterior.

Coa finalidade de dar cumprimento á obriga anterior elabórase a presente memoria na que tras unha breve reseña da natureza e funcións desta axencia pública autonómica, exporase a actividade desenvolta durante o anterior exercicio e os principais logros acadados.



2.AMTEGA: un novo modelo integral de xestión TIC

Durante 2013 a Axencia avanzou nos obxectivos de mellora da eficiencia e redución do gasto tecnolóxico. A xestión integrada das TIC baseada na orientación cara á centralización de compras e en economías de escala, permite establecer indicadores de aforro.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) configúrase como axencia pública autonómica adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia destinada a converterse na entidade única de xestión das tecnoloxías da información e as comunicacións de carácter público a nivel autonómico.

Desde a convicción da importancia estratéxica das tecnoloxías da información e a comunicación como panca de desenvolvemento económico e social e coa

finalidade de dar resposta á crecente necesidade de mellorar a eficiencia na prestación de servizos públicos, creouse a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como entidade única de xestión das tecnoloxías da información e as comunicacións de carácter público destinada a concentrar a xestión dos recursos TIC do sector público autonómico.

A súa creación supuxo un xiro na orientación das políticas tecnolóxicas da Xunta de Galicia, promovendo o

desenvolvemento dunha **estratexia tecnolóxica única para Galicia**, aliñada coas directrices que establece o plan “*Europa 2020: Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador*”, e **potenciando as sinerxias** entre os diferentes departamentos que a conforman.

Neste contexto, **a Xunta de Galicia convértese na primeira comunidade autónoma en establecer un modelo de xestión integral das TIC.**

Os obxectivos básicos a que debe dar cumprimento a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia acadaranse mediante a prosecución dos seguintes obxectivos específicos:

1. Favorecer a prestación dun modelo de servizos flexible e o principio de responsabilización pola xestión.

2. Optimizar o rendemento da entidade, demostrando que a austeridade non está rifada coa eficacia e a responsabilización por obxectivos.

3. Promover a participación e colaboración do ámbito privado, tanto empresarial como de entidades que dan soporte á innovación e ao desenvolvemento tecnolóxico.

4. Asegurar a posibilidade de participación das consellerías con iniciativas no ámbito tecnolóxico, para corresponsabilizar e aliñar esforzos de todo o Goberno e a administración da comunidade autónoma.

Coa creación da Amtega logrouse unha **maior eficiencia na xestión** e unha **redución do gasto** ao integrar os recursos humanos, materiais e orzamentarios da área tecnolóxica de diferentes consellerías e entidades públicas baixo unha mesma dirección.

Así, coa creación da Axencia, a estrutura organizativa da área tecnolóxica da Administración autonómica queda notablemente **reorganizada e simplificada**, xa que se suprimiron 15 departamentos administrativos cuxas competencias se encontraban duplicadas dentro da Xunta. Supuxo ademais unha

reestruturación organizativa e unha consolidación das infraestruturas que xerou unha liberación de espazos de **máis de 1.120 m2**.

Contrato de xestión

O contrato de xestión establece o marco de relacións entre a Amtega e a Xunta de Galicia e sinala os compromisos asumidos por cada unha das partes para a consecución dos obxectivos fixados.

A través do contrato de xestión regúlase a actividade da Amtega establecendo as diferentes actividades para o cumprimento da súa misión, o enfoque para a realización das mesmas, e asignando os recursos económicos e humanos necesarios para acometelas.

Misión

*A misión da Axencia é **servir de instrumento estratéxico e executivo para impulsar a modernización da Administración pública e contribuír ao desenvolvemento social e económico***


de Galicia. Para avanzar cara estes obxectivos, a Amtega traballará na definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, da innovación e do desenvolvemento tecnolóxico, sempre desde unha perspectiva de eficiencia e austeridade.

Visión

Converterse nun referente de boa xestión no ámbito das TIC, asumindo o desenvolvemento dunha estratexia tecnolóxica que establece o uso intensivo da tecnoloxía para a modernización das Administracións públicas, a sustentabilidade e mellora dos servizos públicos, o incremento da competitividade dos sectores produtivos e a redución da fenda dixital da Comunidade.

Obxectivos

A Axencia articula o seu modelo de actuación ao redor da consecución de 7 obxectivos estratéxicos aliñados coa Axenda Dixital de Galicia:



Funcións

De conformidade co establecido no Decreto 252/2011 polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, as principais **funcións e competencias da Amtega** resúmense nas seguintes:

- Dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de TIC.
- Impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outros órganos do sector público autonómico en todo o referente ás TIC, e a súa aplicación para a modernización, a innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.
- Elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia.

- Definición dos estándares e directrices tecnolóxicas aos que deberían axustarse todos os órganos da Xunta de Galicia e o sector público autonómico.
- Promoción da inclusión e execución do despregamento das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos.
- Deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte a súa operativa.
- Xestión e coordinación de instrumentos e actuacións de órganos con competencias TIC.
- Fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de TIC.
- Deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o

desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, e coordinación coas distintas consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións nesta materia no ámbito das súas competencias, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

- Planificación e proposta da normativa en materia de sociedade da información e das telecomunicacións.
- Impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica, como elemento indispensable para a modernización da Administración pública.
- Definición, consolidación e homoxeneización da infraestrutura TIC e os servizos de

telecomunicacións do sector público autonómico.

- Dirección, xestión e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.
- Planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.
- Fomento da innovación no ámbito das TIC en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia.
- Participación en órganos de colaboración deliberantes ou consultivos, en representación da Xunta de Galicia, en materia das TIC.
- E todas as demais que se deriven dos fins que ten atribuídos e aquelas que lle sexan asignadas legal ou regulamentariamente.

Beneficios para a cidadanía e as empresas

Mediante o desenvolvemento de novas políticas no ámbito da Sociedade da Información e as TIC preténdese converter Galicia nunha rexión con identidade propia, cohesionada social e territorialmente.

Estas políticas contribuirán, igualmente, á creación de emprego e ao crecemento económico sustentable mediante a creación dun novo modelo produtivo que:

1. Fomente e posibilite o traballo en rede.

2. Permita o acceso ao coñecemento, á participación activa de todos os axentes implicados na sociedade do coñecemento e a proxección da cultura galega no mundo.

3. Mellora a calidade de vida dos cidadáns e garanta a súa autonomía persoal universalizando a cultura dixital.

Entre os principais beneficios para a cidadanía e as empresas merecen destacarse os seguintes:

Maior proximidade
ao cidadán e as
empresas dos
servizos públicos
dixitais avanzados

Facilitar á cidadanía
o acceso á
Sociedade da
Información

Mellora da
competitividade do
tecido produtivo de
Galicia mediante a
incorporación de
novas tecnoloxías

Simplificación de
trámites e estruturas
organizativas da
administración

Aumento da
eficiencia na
prestación de
servizos dixitais
fomentando as TIC e
o acceso ás mesmas

Impulsar o emprego
e o tecido produtivo
de Galicia mediante
o fomento do sector
TIC

Desenvolvemento
dunha nova rede de
infraestruturas
moderna e avanzada

Redución de custos
e optimización de
esforzos

Órganos de goberno

A estrutura funcional da Amtega componse de catro áreas encargadas da planificación, dirección e execución das competencias tecnolóxicas na Xunta de Galicia baixo un **esquema de goberno composto pola Presidencia, o Consello Reitor e a Dirección da Axencia** (órgano de goberno e executivo). Estes órganos están compostos polas seguintes personalidades:

PRESIDENCIA

Alberto Núñez Feijoo

CONSELLO REITOR


Amtega	NOME	CARGO
PRESIDENTE	Alberto Núñez Feijoo	Presidente da Xunta de Galicia
VICEPRESIDENTE 1º	Alfonso Rueda Valenzuela	Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
VICEPRESIDENTE 2º	Elena Muñoz Fonteriz	Conselleira de Facenda
MEMBRO NATO	NOME	CARGO
Amtega	María del Mar Pereira Álvarez	Directora Xeral da Amtega, que ostenta unha vogalía
VOGAIS	NOME	CARGO
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Alfonso Rueda Valenzuela	Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Vogal suplente 1º	Beatriz Cuiña Barja	Secretaría xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Vogal suplente 2º	Juan José Martín Álvarez	Director xeral de Xustiza
Consellería de Facenda	Elena Muñoz Fonteriz	Conselleira de Facenda
Vogal suplente 1º	M.ª Socorro Martín Hierro	Secretaría xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda
Vogal suplente 2º	Mauro Fernández Dabouza	Director xeral do CIXTEC
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Agustín Hernández Fernández de Rojas	Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Vogal suplente 1º	José Antonio Fernández Vázquez	Secretario xeral técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Vogal suplente 2º	José Antonio	Vicesecretario xeral da Consellería de

	Domínguez Varela	Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Consellería de Economía e Industria	Francisco José Conde López	Conselleiro de Economía e Industria
Vogal suplente 1º	Borja Vereza Fraiz	Secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria
Vogal suplente 2º	Manuel Antonio Varela Rey	Director da Axencia Galega de Innovación
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Jesús Vázquez Abad	Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Vogal suplente 1º	Jesús Oitavén Barcala	Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Vogal suplente 2º	Manuel Corredoira López	Director xeral de Educación, FP e Innovación Educativa
Consellería de Sanidade	Rocío Mosquera Álvarez	Conselleira de Sanidade
Vogal suplente 1º	Antonio Fernández-Campa García-Bernardo	Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade
Vogal suplente 2º	Benigno Rosón Calvo	Subdirector xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información
Consellería de Traballo e Benestar	Beatriz Mato Otero	Conselleira de Traballo e Benestar
Vogal suplente 1º	María Jesús Lorenzana Somoza	Secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar
Vogal suplente 2º	Pablo Nimo Ríos	Vicesecretario xeral da Consellería de Traballo e Benestar
Consellería do Medio Rural e do Mar	Rosa María Quintana Carballo	Conselleira do Medio Rural e do Mar
Vogal suplente 1º	Francisco José Vidal-Pardo Pardo	Secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural e do Mar
Vogal suplente 2º	Carlos Gabín Sánchez	Xefe do Servizo de Análise e de Rexistros

DIRECCIÓN DA AXENCIA

María del Mar Pereira Álvarez

Estrutura organizativa da Axencia:





3. Principais logros 2013

Durante este exercicio avanzouse na consolidación dos servizos electrónicos para cidadáns e empresas; na capacitación dixital da cidadanía a través da rede CeMIT, que incrementou nun 50% o número de usuarios; na extensión da banda larga ao 97% da poboación e na modernización de servizos públicos como a educación, o emprego e o benestar. En 2013 Galicia converteuse na primeira Comunidade Autónoma que consegue plasmar nun convenio o compromiso de 12 empresas tecnolóxicas de ámbito nacional, internacional e autonómico de investir en Galicia e contribuír a converter á Comunidade en polo tecnolóxico de referencia.

Neste apartado expoñeranse os principais resultados acadados en cada un dos ámbitos de actuación da Amtega xunto cos principais aforros económicos

conseguidos, resaltándose as cifras máis representativas. Compre destacar que durante o presente exercicio avanzouse na consolidación das medidas previstas

no Plan de Modernización para acadar unha verdadeira administración electrónica, incrementando nun 20% os trámites online para cidadáns e empresas, implantando o nodo de interoperabilidade ou dotando de sinatura dixital a máis de 9.000 empregados públicos. Ampliouse o alcance do proxecto Abalar, que este curso beneficia a 45.000 alumnos de 531 centros; aprobouse a estratexia para desenvolver a Historia Social Única; deseñouse un novo Sistema para modernizar o transporte de viaxeiros por estrada; puxéronse en marcha novos servizos en mobilidade para desempregados, e avanzouse na evolución dos sistemas de información para a xestión dos sectores primarios.

Acadouse o obxectivo de facilitar o acceso á banda larga ao 97% da poboación e que máis de 1 millón de galegos teñan acceso a redes NGAs. Incrementouse o número de beneficiarios da formación dixital gratuíta nun 50% e definíronse as bases do futuro Plan de Inclusión Dixital.

En 2013 Galicia converteuse na primeira Comunidade que consegue plasmar nun Pacto co Goberno autonómico o compromiso de 12 empresas tecnolóxicas de ámbito nacional, internacional e rexional de investir en Galicia e cuxos primeiros froitos se materializarán en 2014

3.1. Principais actuacións

Modernización das Administracións Públicas

- **Impulso da Administración Electrónica na Administración Pública**

Durante o 2013 consolidáronse no xeito de funcionamento da Administración Pública Galega iniciativas de continuidade que forman parte do proceso de transformación nunha administración que se move nun contexto electrónico.


É xa un feito que a habilitación dos procedementos administrativos inclúe a obrigatoriedade de por a disposición dos cidadáns a presentación electrónica da solicitude de inicio do expediente, salvo causas xustificadas. A sede electrónica, afianzouse como a canle segura e accesible para que a cidadanía galega se relacione coa Xunta en diversos ámbitos de actuación. Ao longo do ano **aumentouse un 19% o número de procedementos accesibles electronicamente** (chegando a 604), melloráronse funcionalidades clave e simplifícaronse os requisitos técnicos para o seu uso. Todo isto permitiu un significativo aumento do consumo de servizo por parte dos cidadáns (máis dun 500% de incremento). A sede permite tamén o acceso cara sistemas especializados en sectores concretos.

Así mesmo, en 2013 leváronse a cabo dúas actuacións que supoñen un salto cualitativo no ámbito da **interoperabilidade**. Por unha banda, construíuse e púxose en marcha o **nodo de interoperabilidade pasaXe!**, mentres que por outra banda, asinouase o convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta para a prestación mutua de servizos de administración electrónica. Estas dúas actuacións permitirán que as consellerías e concellos galegos poidan acceder servizos de interoperabilidade con información xerada por outras administracións públicas, mentres que se pon a disposición destas os datos xerados pola Xunta que puidesen ser de interese (familia numerosa, discapacidade, etc.). **Mais de 1.000 empregados públicos son usuarios do portal de interoperabilidade.**



Neste ámbito debe destacarse a posta en marcha dun proxecto que terá resultados nos dous seguintes anos. Trátase da posta do sistema corporativo de **Xestión documental e Arquivo Dixital da Administración Pública Galega (ARPAD)**. Este establecerá o marco tecnolóxico, funcional e organizativo do tratamento do documento e expediente electrónico, peza fundamental para consolidar definitivamente unha administración electrónica.





No ámbito interno continuouse co despregamento **da identidade dixital corporativa**, alcanzando os 9.242 profesionais acreditados con sinatura **electrónica de empregado público**, mentres que se mellorou a funcionalidade do sistema de sinatura dixital, acadando no servizo corporativo de **portasinaturas** máis de 89.000 documentos asinados electronicamente.

O proceso de implantación do **Sistema Único de Rexistro** avanzou coa implantación de 44 oficinas, que xestionan máis do 50% das entradas e saídas.

No eido da **Xestión dos Recursos Humanos** (Función Pública), avanzouse na integración de tódalas Consellerías nun sistema único, desenvolvemento e implantación do sistema de seguimento de persoal, e adaptación continuada aos procesos especiais derivados de concursos de traslados e outros.

No marco do **proxecto Kronos**, finalizou a implantación da fichaxe en posto de traballo nos principais edificios administrativos de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol.

Dentro dos sistemas para a xestión que se puxeron en marcha en 2013, destaca o sistema para a **xestión de xogo e apostas deportivas**, que acompaña a lexislación vixente, e completa **38 procedementos** en materia de xogo e apostas deportivas.

Púxose en marcha o **Rexistro de Comercio** que permite a tramitación electrónica integral de todo o proceso de xestión do rexistro, integrado coa sede electrónica e o cartafol do cidadán.

• Catálogo de portais e presenza en internet

O catálogo de portais inclúe actualmente 445 portais e canles socias. Durante o 2013 continuou a tarefa de coordinación, e revisión de políticas corporativas.

Na **web institucional** incorporáronse **3 novas áreas** ou servizos temáticos: renovación integral do espazo de Función Pública, renovación integral do espazo de Riscos Laborais, e publicación de **“Servizos no mapa”** que conta con **máis de 6.300** recursos ou infraestruturas ao servizo da cidadanía, xeorreferenciadas.

O **portal eidolocal**, renovou a súa estruturación e contidos.

Púxose en marcha en setembro de 2013 unha **nova versión da Plataforma de Contratos de Galicia**, que recolle na actualidade **210 perfís do contratante**.

A difusión do **Diario Oficial de Galicia**, veuse reforzada pola súa incorporación no mundo da mobilidade, mediante a publicación da aplicación dunha versión **adaptada aos dispositivos móbiles**.

No eido da dinamización lingüística púxose a disposición de todas as administracións públicas galegas o **sistema de tradución automatizado GAIO**.

- **Xestión do posto de traballo e atención aos usuarios**

O Centro de Atención aos Usuarios da Administración Pública recolleu en 2013 **máis de 89.000 incidencias ou peticións**, e iniciou o proceso de extensión a todos os departamentos da Xunta. No proceso de ordeación da atención aos usuarios, configurouse un punto especializado de atención para os arquivos, bibliotecas e museos, e outro para os centros de benestar, que progresivamente confluirán nun modelo único de prestación de servizo.

Iniciouse o proceso de inventariado, homoxeneización e renovación progresiva dun parque ofimático de aproximadamente 10.000 postos de traballo.

- **Modernización da Administración de Xustiza**

Destaca neste eido a posta en marcha de procesos **de dotación de medios**:

- renovación de sistemas de impresión mediante a modalidade de arrendamento
- inicio do proceso de implantación dun sistema de gravación de vistas con sinatura dixital. En 2013 dotáronse 15 salas con esta funcionalidade, e se asinaron dixitalmente 5.877 vistas co sistema eFidelius
- consolidación da rede de videoconferencia con **máis de 3.000 videoconferencias realizadas**.

En canto aos sistemas de información de soporte ao procedemento xudicial, destaca en 2013 a consolidación do sistema de notificacións electrónicas LEXNET nas sedes xudiciais, estableceuse a comunicación entre a fiscalía e o órgano xudicial, e se integraron novos colectivos. Fixéronse **4.039.522 notificacións**, o que supón un incremento do 54% con respecto ao 2012.

A administración de Xustiza queda plenamente integrada no **proxecto Kronos**, coa acreditación dixital de todos os seus funcionarios xestores e tramitadores, e a implantación da fichaxe en posto de traballo en todas as sedes xudiciais e xulgados de paz.

Destaca tamén a publicación do canle web da administración de Xustiza en Galicia (www.exustiza.es) coa publicación da guía de recursos xudiciais e a posta en marcha do sistema de presentación electrónica de demandas xudiciais.

É importante destacar a posta en marcha da construción da administración electrónica xudicial, no marco dun convenio asinado entre o *Ministerio de Justicia, o Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta*

de Galicia, a Axencia para la Modernización Tecnolóxica de Galicia, e a Entidade Pública Empresarial Red.es, para o desenvolvemento de servizos avanzados non ámbito das tecnoloxías da información na Administración de Xustiza.

• Proxectos en execución

No 2013 iniciáronse proxectos en distintos ámbitos que terán resultados visibles no próximo ano e seguintes, pero que deben resaltarse na actividade do 2013. Mencionando os máis salientables:

- A posta en marcha do **sistema corporativo de información xeográfica**.
- O sistema de **arquivo dixital** da administración e arquivo dixital histórico.
- O novo **tramitador corporativo** e notificacións electrónicas
- A renovación integral do **sistema de xestión bibliotecaria** da rede de bibliotecas públicas de Galicia
- O novo sistema para o **registro e inspección de recursos turísticos**. Esta actuación encádrase no plan, en elaboración, **SmartTurismo**.
- A renovación do **sistema de información de relación co consumidor**.



Áreas tecnolóxicas sectoriais:



- **Continou a evolución do SITME**, o sistema de información do transporte metropolitano.
- **Deseño do proxecto do Sistema de Axuda a Explotación da Mobilidade de Galicia**

- **Deseño e posta en uso dun sistema de axuda a explotación da mobilidade no ámbito de transporte de viaxeiros por estrada en Galicia**

Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade de Galicia

No ámbito de transporte, no ano 2013 realizouse o deseño do proxecto do **Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade de Galicia**, que **permitirá por a disposición da cidadanía toda a información sobre o transporte de viaxeiros por estrada de Galicia**, fomentar o uso deste transporte, implementar mecanismos como o transporte a demanda, modernizar o sector, ofrecendo ferramentas tecnolóxicas que melloren a xestión e eficiencia, e coñecer as necesidades da mobilidade dos viaxeiros en Galicia.

Doutra banda, **continuouse coa evolución do SITME**, o sistema de información do transporte metropolitano de Galicia, que **no 2013, procesou mais de 16 millóns de billetes**, e realizáronse

**TRANSPORTE
METROPOLITANO DE GALICIA**



Men

Principais logros.

as adaptacións necesarias para a incorporación de novos concellos ás zonas metropolitanas, e á automatización de procesos de relación cos operadores e cos concellos.

• **Introdución das TIC na contorna educativa**

- **3ª Fase Proxecto Abalar:** 531 centros, 2014 aulas, preto de 45.000 alumnos e comunidade virtual de docentes.
- Aplicacións para dispositivos móbiles
- Consolidación de sinatura electrónica



1. **Proxecto Abalar**

No ámbito educativo desenvolveuse **a terceira fase do Proxecto Abalar**, que no ano 2013 chegou a **531 centros** (un 81% deles centros públicos), a **2014 aulas** e a preto **45.000 alumnos**, cun nivel de **uso** semanal do equipamento **que acadou o 75%** antes do Nadal. Desde o espazo Abalar puxéronse a disposición da comunidade educativa **2.015 recursos educativos dixitais libres**, de todos os niveis (dende infantil a bacharelato) e en 7 idiomas (destacando que preto do 48% estaban en galego). O éxito desta iniciativa, queda acreditado polo **preto dun millón e medio de descargas de contidos** realizadas ao longo do 2013 dende o Repositorio de Contidos Abalar.

Neste ano, e dentro do proxecto, **tamén se consolidou Redeiras como a rede social do profesorado galego**, con **máis de 9.000 docentes** usando as súas funcionalidades.

2. **Aplicacións para dispositivos móbiles**

Posta en funcionamento, en 13 centros piloto, **da app abalarMobil**, que **permite ás familias comunicarse cos centros educativos** a través do dispositivo móbil, obter información académica dos seus fillos (notas, faltas, ...), comunicarse cos titores (petición de titorías, avisos, mensaxes, ...), todo elo dun xeito sinxelo. Nos derradeiros meses do ano, e só nos centros piloto, **máis de 700 usuarios** están a empregar abalarMóbil.

3. **Ademais...**

Tamén destacan no ámbito educativo outras actuacións, como son a **consolidación da sinatura electrónica**, con preto de 65.000 documentos asinados dixitalmente; a xestión integral do persoal de centros concertados; a adaptación dos sistemas de xestión das ensinanzas á FP a distancia.

• Servizos Sociais

- **Aprobación do plan Trabe** : Mellora da conectividade, das infraestruturas e do equipamento...
- Evolucións dos sistemas



Plan Trabe de Modernización Tecnolóxica

No ámbito dos servizos sociais destaca a **aprobación do Plan Trabe de Modernización Tecnolóxica** dos Servizos Sociais de Galicia e o comezo do seu desenvolvemento. Neste 2013 realizáronse actuacións de **mellora da conectividade, das infraestruturas e do equipamento** dos centros, especialmente de residencias de maiores e de persoas con discapacidade, así como das estruturas de soporte e atención aos ditos centros.

Tamén relevante foi a actuación para permitir o **acceso dos médicos** das residencias de maiores ás ferramentas de **historia clínica electrónica do servizo sanitario**, o que redonda nunha mellor atención médica aos usuarios e permite una mellor coordinación e eficiencias na atención socio-sanitaria.

Neste ámbito, e en liña co recollido no plan, foron relevantes as evolucións nos sistemas que constitúen o núcleo dos sistemas de información de servizos sociais:

SIGAD	• Sistema de Información Galego de Atención a Dependencia
Prestacións	• S.I. de Pensión Non Contributivas (PNC) e Renda de Integración Social (RISGA) • Novas aplicacións postas en funcionamento este ano
CDI	• S.I. Censo de Discapacitados • Nova aplicación posta en funcionamento (parcialmente) neste ano
SGAMP	• Plataforma do Servizo Galego de Apoio a Mobilidade Persoal
Plan concertado	• S.I. de Xestión do Plan Concertado

• Emprego

- **MOBEM** aplicativo móbil para renovar demanda de emprego, consulta de actividades de formación, ... con 6.000 usuarios e supuxo un aforro en desprazamentos para a cidadanía de 450.000 €



Posta en funcionamento da app de Mobilidade de Emprego



No ámbito do emprego, a actuación máis destacada foi a **posta en funcionamento da app Mobem** (Mobilidade de Emprego) que permite realizar dende o móbil accións que requirían o desprazamento do desempregado á oficina de emprego (renovación da demanda de emprego, a consulta de actividades de formación, ou a xestión das citas de formación e orientación..).

Dita app foi **descargada por máis de 6.000 cidadáns**, que realizaron preto de **35.000 accesos**. No seu conxunto os servizos electrónicos foron utilizados por mais de **80.000 cidadáns**. Cun investimento no 2013 de 100.000 euros, estas solucións supuxeron **un aforro aos usuarios de preto de 450.000 €**, unicamente en desprazamentos as oficinas de

emprego.

• Medio Rural e Mar

Evolución dos sistemas de información do sector agrogandeiro Deuse soporte e desenvolvéronse novas funcionalidades nos sistemas de información que constitúen o núcleo dos sistemas de xestión do sector agrogandeiro, destacando:

- **Sistema integrado de xestión e control de axudas**, que xestiona na actualidade mais de 7.5 millóns de animais e mais de 1.65 millóns de movementos anuais de gando; e que rexistrou 6700 actualizacións do rexistro vitícola
- A **oficina agraria virtual**, canle de xestión electrónica dos procedementos neste ámbito, a través da cal se realizaron 425.000 comunicacións ou trámites directamente por parte dos gandeiros durante o ano 2013, un 73 % dos totais, cun incremento dun 14% con respecto o ano anterior.
- **Sistema de xestión da solicitude de axuda única da PAC** que tramitou máis de 38.500 solicitudes que deron lugar a 130.000 expedientes que implicaron 1,7 millóns de recintos e 1,1 millóns de animais; así como mais de 6000 controis de

superficie en campo de 135.000 parcelas mediante o uso de tecnoloxías e dispositivos en mobilidade.

- **O anterior sistema de xestión da PAC** xestionou axudas da orde de 300 millóns de euros (fondos FEAGA e FEADER), utilizando sistemas de dereito, pagamentos e comunicación co Ministerio específico.
- **Sistema de xestión electrónica dos Laboratorios de Sanidade e Produción Animal**, que xestionou máis de 1,3 millóns de mostras (análises de gando), o 84% do total tramitado polo laboratorio.
- **A Lonxa Virtual de Gando**, posta en funcionamento no 2013.

Evolución dos sistemas de información do ámbito forestal e de incendios.

No ámbito forestal, evolucionáronse sistemas relevantes de apoio na xestión, como son o de **xestión de axudas do ámbito forestal**, que involucrou expedientes por máis de 9 millóns de euros, ou o de **comunicación electrónica de queimas**, que xestionou preto de 75.000 solicitudes, un 20% sobre o total, e 9 puntos porcentuais máis que no ano anterior (porcentaxe que aumenta ata o 40% se se engade a canle telefónica a través de IVR).

No eido da prevención e extinción de incendios, préstase soporte ao dispositivo de extinción, incorporándose no 2013 o control de novos posicionadores para os medios humanos e materiais que participan no dispositivo de extinción; e desenvolvendo un piloto de vixianza automatizada dos montes.

Evolución dos sistemas de información do ámbito do mar

No ámbito do mar, a evolución centrouse na **plataforma tecnolóxica da pesca (PTP)**, sistema central que dá soporte no proceso de trazabilidade dos produtos do mar e que permitiu emitir máis de 250.000 documentos (transporte, orixe,) así como xestionar 3,2 millóns de notas de primeira venda. Continuase no proceso de potenciación do uso **dos 32 terminais TICPESC** a través dos cales se tramitaron directamente polos profesionais do mar o 20% dos documentos antes mencionados.

Actuacións tamén relevantes neste ámbito foron a posta en marcha dunha plataforma para a precumplimentación e tramitación electrónica da axudas financiadas con fondos FEP; proxectos de innovación para vixilancia das rías mediante vídeo intelixente; a instalación dun moderno simulador de prácticas de buques na escola Náutico Pesqueira de Ribeira; así como o impulso do portal pescadegalicia.com, que incrementou máis do 10% as visitas sobre o ano 2012.

Sociedade Dixital

Ao longo do 2013 realizouse un importante esforzo por manter o impulso e o liderado da Amtega en materia de sociedade da información, mantendo sempre un rol relevante como tractor do desenvolvemento dixital en Galicia.

Neste senso, cómpre destacar durante o ano 2013 as seguintes actuacións:

A posta en marcha do Programa TransformaTIC para impulsar ao hipersector TIC de forma que se converta nun soporte para incrementar a competitividade do país, en xerador de emprego cualificado e, á súa vez, nun sector estratéxico na economía de Galicia.

Para acadar estes obxectivos é necesaria a execución de políticas encamiñadas a favorecer un mellor posicionamento do sector da economía do coñecemento con medidas como a capacitación e a especialización de capital humano, o impulso da creación e a consolidación de empresas de base tecnolóxica e a aposta por un marco de especialización e cooperación das empresas.


O **Pacto para o desenvolvemento dixital de Galicia** entre a Xunta de Galicia e o sector TIC, ao que se adheriron no 2013 o clúster TIC e once empresas tecnolóxicas, tanto internacionais como galegas (HP, Indra, Everis, Tecnom, Televés, R, Altia, Coremain, Iecisa, Satec e Telefónica), supón o primeiro acordo destas características en España, establecendo un decálogo de compromisos por ambas as partes cara a definir unha cooperación firme que converta ao sector tecnolóxico en motor da economía galega e acade o desenvolvemento dixital de Galicia no período 2013-2020.

Doutra banda, o **Centro Demostrador TIC (CDTIC)** seguiu a consolidarse como punto de encontro entre a oferta do sector TIC e as empresas galegas doutros sectores produtivos, que demandan produtos e servizos tecnolóxicos. Así durante o ano 2013, foron máis de 260 as empresas que participaron en actividades, onde accederon a 37 solucións TIC presentadas por 28 empresas TIC galegas. Pola súa banda, o **Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia** continúa axuntando a oferta TIC galega, superando os 225 provedores e as 550 solucións TIC.

Ao abeiro do **Plan de de Software Libre 2013** realizáronse **máis de 100 actuacións**, avanzado na difusión e fomento da utilización de tecnoloxías baseadas en fontes abertas. Ademais impartíronse por riba de **25.000 horas de formación** en software libre e elaborouse o **catálogo de empresas galegas de software libre** e a **guía de solucións para profesionais autónomos**.

No ámbito de **cidanía dixital**, leváronse a cabo numerosas iniciativas en proxectos xa consolidados como o programa de **Voluntariado Dixital** (4.300 persoas beneficiadas de 5 colectivos diferentes) e a **Rede CeMit** (98 aulas integradas e presenza en 92 concellos), iniciándose a segunda fase da Rede coa aprobación do **convenio de colaboración** entre a Amtega, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp de forma que a Rede CeMIT camiñará cara a un modelo **universal e global**, onde todos os axentes poderán participar nas políticas de inclusión dixital.

Tamén no ano 2013 comezouse a definición do escenario para a consecución dos obxectivos de inclusión dixital que se materializará a través do **Plan de Inclusión Dixital** que se aprobará no ano 2014 e que suporá a definición dun modelo de inclusión con horizonte 2020.



Continuouse cos despregamentos previstos no Plan de Banda Larga, acadando actualmente a máis do 97% da poboación (máis de 2,7 millóns de galegos). Neste ámbito, realizáronse as seguintes actuacións:

- Estendéronse as redes fixas de banda ancha en núcleos de poboación sen cobertura e con maior demanda de servizo.
- Reforzouse a rede de telecomunicacións do operador público Retegal.
- Despregáronse redes sen fíos na contorna rural.
- Estendéronse as redes de acceso de nova xeración en núcleos de máis de 500 habitantes que dispoñen de cobertura de banda ancha, excluindo os principais núcleos das 7 grandes cidades.
- Complementouse a cobertura de banda larga de calidade ao 3% da poboación que non se cubrirá coas actuacións anteriores debido á dispersión da poboación e á dificultade de acceso á mesma.
- Aprobouse a nova Lei de Telecomunicacións de Galicia.

Doutra banda, non pode deixar de destacarse a coordinación e seguimento da Axenda Dixital. Neste marco, destaca:

- Participouse nos grupos de traballo para o deseño da **Estratexia RIS3 de Galicia**, co obxecto de xerar un mapa de prioridades no que as TIC xoguen un papel principal no desenvolvemento dos sectores produtivos clave de Galicia, aliñado coa visión estratéxica da Amtega. Elaborouse, así mesmo, unha proposta de recomendacións para a definición dunha estratexia de especialización intelixente no ámbito das TIC que permita o crecemento dixital de Galicia.
- A Amtega elaborou en 2013 a **Estratexia galega de crecemento dixital**, aliñada coa RIS3 de Galicia para potenciar as relacións e captar fondos europeos en proxectos tecnolóxicos para a comunidade no novo período de financiamento 2014-2020, ademais de priorizar as grandes liñas de actuación que consolidarán e darán continuidade ás medidas da Axenda Dixital 2014.gal.

Infraestruturas, sistemas e telecomunicacións

Consolidación e homoxeneización da infraestrutura

Durante o 2013 continuouse o proceso de consolidación e homoxeneización da infraestrutura tecnolóxica mediante o traslado de CPDs ao novo Centro de Procesos de Datos Integral (CPDi) da Xunta de Galicia e a consolidación de sistemas e plataformas.

En febreiro de 2013 comezou o traslado de CPDs e en apenas 8 meses trasladáronse o 44,68% dos CPDs incluídos no proxecto. Está previsto que o proceso de consolidación do novo CPDi finalice en 2015.

A consolidación da infraestrutura tecnolóxica e de soporte permitiu a redución de entre un 25% e un 30% do custo dos contratos de mantemento e adquisición de novos sistemas, debido ás economías de escala, as novas ferramentas de virtualización, ao impulso do software libre e evitando duplicidades. Os principais bloques de servizos foron agrupados en contratos corporativos, o cal permitiu centralizar os pagos e negociar cos provedores.

De igual modo reduciuse en torno dun 30% o custo de adquisición e mantemento de licenzas de software, novamente mediante a unificación de contratos corporativos e a aposta polo software libre.

Outro resultado para destacar é a importante redución, dun 20%, no consumo enerxético dos CPDs migrados ao CPDi, alcanzado grazas á implantación de medidas de aforro enerxético como o peche de corredores de aire, incremento da temperatura do CPD ou free cooling.



En materia de seguridade realizáronse tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa e avaliación do cumprimento da protección de datos de carácter persoal. Continuouse co servizo de certificación electrónica e actualizouse o soporte do software de seguridade.

Cómpre destacar a posta en marcha dunha plataforma de cifrado corporativa para garantir a confidencialidade da información que así o precise. O proxecto abarca o cifrado de ordenadores persoais, carpetas e arquivos, dispositivos móbiles e mensaxes de correo.

Finalmente abriuse unha nova liña de traballo en materia de calidade co obxectivo de controlar a calidade da documentación técnica e software xerada e definir unha arquitectura tecnolóxica de referencia para o desenvolvemento de novas aplicacións.

Modernización das redes do sector público autonómico:

Continuouse o despregamento de cableado estruturado para a rede corporativa da Xunta de Galicia, realizándose importantes melloras no cableado de diferentes edificios, 35 aulas CeMIT, conexións de diferentes centros á rede corporativa, equipamento de comunicación dos servizos administrativos e electrónica de rede do CPDi.

Durante 2013 continuouse a mellorar as conexións dos distintos centros á Rede Corporativa, acadando unha velocidade media de 28,57 Mbps a finais de 2013.

En particular cómpre resaltar o aumento da velocidade de acceso en 30 aulas Cemit, que pasaron dunha velocidade media de 10,97Mbps a finais de 2012 a unha velocidade media de 67,62 Mbps en 2013.

Ampliáronse a 200 Mbps 32 centros da rede corporativa, maioritariamente centros educativos.

Tamén renovouse a electrónica de comunicación en numerosos edificios administrativos, permitindo multiplicar por 10 a velocidade das redes de área local destes centros.

De forma complementaria implantouse unha nova ferramenta de monitorización baseada en software libre que permite coñecer o estado da rede en todo momento.

Durante o 2013 Red.es adxudicou a implantación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, iniciándose as actuacións de rebrandexamento nas primeiras fases do proxecto.

Esta rede integrará nun mesmo sistema a todos os colectivos que participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas ou de saturación.

Vai ser a primeira rede de emerxencias de España con capacidade para multiplicar por 5 a velocidade de transmisión de datos respecto as redes de emerxencia convencionais. Dimensionada inicialmente para 8.000 usuarios, ten capacidade técnica para chegar ata os 12.000

Conta cun investimento de 6,4 millóns de euros dos cales a Xunta achega o 30% e o resto Red.es, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

Empregará as infraestruturas do operador público RETEGAL, permitindo un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais

3.2. Mecanismos de eficiencia e aforro

A Axencia foi capaz de consolidar importantes aforros e xerar eficiencias na xestión dos servizos e infraestruturas tecnolóxica. Estes aforros proveñen principalmente de:

1. Consolidación de contratos de infraestrutura e hardware

Redución máis dun 25% dos custos de mantemento e adquisición de sistemas e infraestruturas

Como? Mediante a agrupación de pedidos, o incremento do volume de compra e a optimización da xestión grazas a:

- A consolidación e homoxeneización de infraestruturas tecnolóxicas e de soporte.
- O impulso da virtualización e do uso do Software Libre.
- Evitar duplicidades no gasto.
- A xeración de economías de escala por volume de pedido.

As anteriores medidas de xestión do gasto aplicáronse sobre os seguintes contratos:

- Contratos corporativos de Servidores.
- Contratos corporativos de Cabinas de Almacenamento.
- Contratos corporativos de Librerías de Cintas Virtuais.
- Contrato corporativo de Mantemento de Hardware Sistemas.
- Contrato corporativo de Mantemento de Hardware Telecom.

2. Consolidación de contratos de servizos

Aforro do 60,4% en telefonía fixa, o que supuxo un aforro de 1,8 millóns de euros ao

ano

Como? Centralizando, desde o ano 2011, o pagamento por consellerías dos centros que tiñan contrato co operador.

Aforro do 43%, 257.000 euros, no contrato de mantemento de hardware

Como? Consolidando os contratos de mantemento nun único contrato.

Aforro do 60% en custo de consumibles e do 20% en mantemento e adquisición de equipamento de impresión

Como? Formalizando un novo contrato corporativo do servizo de impresión no ámbito de Xustiza, Consellería de Presidencia e delegacións territoriais.

Esta medida reforzouse con políticas de concienciación do uso adecuado de impresoras.

Ademais...

- Integráronse todos os contratos de administración que tiña cada consellería nun único contrato corporativo.
- Asinouse un novo contrato de administración de sistemas de aplicacións corporativas.
- Tamén se asinou un novo contrato para a administración de sistemas de aplicacións sectoriais.

3. Consolidación de contratos de software

*De forma xeral reduciuse nun **30%** o custo de adquisición e mantemento de licenzas. Especificamente merecen mención os seguintes logros:*

Aforro dun 50% en licenzas de software de servidor, backoffice e escritorio de produtos de Microsoft cunha redución media anual de 1,7 millóns de euros con respecto ao 2010 e unha redución media anual de 0,4 millóns de euros con respecto a 2012

Como? Asinando un novo contrato corporativo que da cobertura a diferentes produtos de software (software de servidor, backoffice e escritorio).

Empregando economías de escala e apostando polo software libre, substituíndo de forma progresiva a suite de ofimática por LibreOffice (software libre).

Aforro dun 35% en ferramentas de xestión de bases de datos e servidores de aplicacións, o que supón unha redución de 1 millón de euros a 4 anos con respecto a

2012

Como? Asinando en 2012 un novo contrato corporativo de licenzas de BBDD e a unificación de contratos.

Aforro de 3,7 millóns de euros no período 2010-2012, supoñendo un aforro anual en custos de mantemento de case un millón de euros

Como? Impulsando a utilización de ferramentas de software libre en iniciativas estratéxicas da Administración autonómica como o Proxecto Abalar (ámbito educativo), a Rede de Aulas CeMIt (formación á cidadanía) e en actuacións do ámbito da administración electrónica.

Aforro estimado de 3,5 millóns de euros de investimento e soporte en software de base de infraestruturas baseados en software libre (backups, xestores de bases de datos, software de servidor do proxecto Abalar)

Como? Potenciando o uso de software libre.

Aforros de ata un 50% na ferramenta de virtualización

Como? Grazas á migración da ferramenta de virtualización a unha plataforma baseada en software libre (Red Hat).

4. Optimización da estrutura e economías de escala

Aforro de 37 millóns de euros en 10 anos na Rede dixital de Emerxencias de Galicia

Como? Licitación e adxudicación do concurso de implantación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, maximizando o uso das infraestruturas existentes no canto do uso de redes comerciais.

A solución inclúe aplicacións e funcionalidades estendidas, tanto de voz como de datos, entre as que destaca o servizo TEDS (a máis moderna de España), que permite a transmisión de datos en redes de emerxencia a alta velocidade.

Mediante a súa consolidación nun CPD conseguiu un incremento adicional do aforro.

Redución dun 50% en custos en coordinación de proxectos

Como?

- Creando o novo perfil de “xerentes de proxecto”, con competencia e especialización por tipoloxía de proxecto e sector.
 - Consolidando e racionalizando os proxectos das consellerías.
 - Reducindo os cargos de estrutura organizativa.
 - Mediante a reutilización de sistemas de información entre distintos organismos (Ex.: sistema de información de acreditación de competencias profesionais, portasinaturas, etc.).
-

Aforro dun 20% de unificación de aplicacións e soporte dos sistemas corporativos

Como?

- Mediante a unificación de Sistemas de xestión, de persoal, ofimática, etc.
 - Concentrando os contratos de desenvolvemento. Por exemplo: concentráronse 6 contratos de desenvolvemento nun único contrato no ámbito de educación: aforro dun **7%**.
 - Consolidación de contratos de servizos de atención ao usuario
 - Consolidación de contratos de soporte microinformático
-

Redución dun 20% no consumo enerxético

Como?

- Mediante o peche de corredores de aire logrando un aforro enerxético de entre o **10 e o 12%**.
 - Incrementando en 5 graos a temperatura do CPD, grazas a que as novas máquinas están preparadas para traballar a pleno rendemento a temperaturas de ata 27º centígrados.
 - Free Cooling, o que supón un aforro de entre o **7% e o 15%** na factura enerxética.
-



4. Programa de actuacións do ano 2013

A Axencia consolidou proxectos para acadar o desenvolvemento da administración electrónica na propia Xunta e ampliar os servizos dixitais para cidadáns e empresas; puxo en marcha iniciativas para integrar as TIC nos sectores produtivos galegos e definiu novas medidas para converter o sector TIC en elemento tractor da economía galega.

A Amtega é o organismo encargado da definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das TIC e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. No contexto dos seus obxectivos estratéxicos, as actuacións e actividades realizadas pola Amtega están enteiramente relacionadas co

desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia e a integración das TIC en todos os ámbitos da sociedade.

As actividades realizadas pola Amtega teñen como marco de referencia o Plan Estratéxico Galicia 2010 – 2014, que aposta pola cohesión social e a calidade de vida da cidadanía, pola dinamización

económica e o emprego, a sostibilidade e o equilibrio territorial, por unha administración máis próxima e eficiente, e por unha economía baseada no coñecemento, o que supón unha aposta decidida polo cambio de actual sistema produtivo de Galicia.

2014.gal Axenda Dixital de Galicia (en adiante ADG) é o instrumento que establece o xeito no que as políticas tecnolóxicas avalan e reforzan transversalmente os distintos eixos de actuación do Plan Estratéxico Galicia. **Como unha das súas principais funcións, a Amtega ten encomendada a definición e impulso da ADG** que se constitúe como o principal instrumento da Xunta de Galicia para dar resposta á súa estratexia integral no emprego das novas tecnoloxías.

A continuación, preséntanse todos os **proxectos e programas postos en marcha pola Axencia** ao longo do ano 2013, organizados en base aos obxectivos estratéxicos que figuran no contrato plurianual de xestión.

Actualmente, a definición das políticas tecnolóxicas da Xunta de Galicia enfróntanse a un importante cambio de enfoque estratéxico respecto ás levadas a cabo ata o momento. A través do impulso da ADG, a Amtega procurará pasar dunha sociedade galega que utiliza as TIC a unha sociedade galega que se serve das novas tecnoloxías para xerar crecemento sustentable, para mellorar as súas cotas de participación na toma de decisións e para contribuír á súa calidade de vida sobre a base do coñecemento.

A Amtega tamén é a encargada da **posta en marcha de gran parte dos programas e iniciativas integradas na ADG** e dalgúns proxectos altamente transformadores.

Obxectivo 1: Administración intelixente

Obxectivo 1: Administración intelixente

1.1. Modernización da Administración (administración electrónica)

O plan de despregamento de sistemas para a implantación efectiva da xestión electrónica da actividade administrativa e de relación coa cidadanía, continuou en 2013 mediante a adopción dos sistemas necesarios para a simplificación e a tramitación electrónica dos procedementos, a interoperabilidade dos sistemas e os servizos dixitais horizontais. Resúmense a continuación os principais feitos deste ano 2013, no que:

- Continuouse coa consolidación de iniciativas existentes, orientado sobre todo cara o cidadán:



- Iniciouse o desenvolvemento de marcha os proxectos de implantación de 3 sistemas que deben pechar o conxunto de ferramentas para a tramitación electrónica integral: o sistema de notificacións electrónicas, o xestión documental e arquivo dixital da administración e o sistema corporativo de tramitación.


1.1.1.- Evolución da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

E xa un feito que a habilitación dos procedementos administrativos, xa inclúe a **obligatoriedade** de por a disposición dos cidadáns a **presentación electrónica dunha solicitude de inicio de un expediente**, salvo causas xustificadas.

En canto a evolución dos procedementos dispoñibles a través da sede electrónica desde a súa posta en funcionamento:

- En Decembro de 2013 estaban dispoñibles 604 o que supón o **38% dos procedementos** da guía do cidadán.
- **12 procedementos esixen** a presentación electrónica como canle única.

En 2013 alcanzouse a cifra de 17.228 **presentacións de inicio de procedementos** realizadas desde a sede electrónica, fronte ás 3.415 do ano anterior, o que supón un **incremento do 500% sobre o exercicio anterior**.



Desde o punto de vista da evolución de funcións e servizos, dende a súa posta en funcionamento, avanzaouse en melloras continuas na usabilidade e información ao usuario:



- Dotación dos medios técnicos para a actualización periódica da carpeta do cidadán na que poden consultar a información do estado dos seus expedientes, utilizados dende os departamentos xestores.
- Universalización e redución dos requirimentos técnicos da sede a través da aceptación dos sistemas operativos e navegadores máis utilizados. Facilitar a utilización dos servizos electrónicos a través da incorporación de guías de configuración e comprobadores automáticos de requisitos.

1.1.2.- Sistemas para a xestión dos procedementos administrativos.

- **Guía de procedementos e servizos.** A finais de 2013 o total de procedementos e servizos dispoñibles para a cidadanía, empresas e outras administracións ascende a uns **1.570 procedementos**.

A Guía de procedementos e servizos supón unha parte estrutural do inventario de información administrativa nos termos establecidos no **Esquema Nacional de Interoperabilidade**. Durante o vindeiro 2014, abordarase o desenvolvemento do sistema de Inventario de Información Administrativa conforme aos termos do devandito ENI.

- **Guías de habilitación de procedementos.** Na liña de mellora continua para homoxeneizar a relación coa cidadanía, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia elaboraron as **Guías de habilitación de procedementos** como ferramenta de apoio para todos os órganos e unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na elaboración de proxectos de disposicións normativas de carácter xeral reguladoras de procedementos administrativos e convocatorias de subvencións, co fin de cumprir coa normativa en materia de administración electrónica, simplificación administrativa e acceso

da cidadanía aos diferentes servizos electrónicos, fomentando unha visión de administración única.

Estas guías son de aplicación para os diferentes órganos e unidades en virtude do acordo do **Consello da Xunta de Galicia de data 25 de abril de 2013**.

As guías publicadas son:

- Guía para a habilitación electrónica de procedementos administrativos.
- Guía de textos normalizados para a habilitación electrónica de procedementos administrativos.
- Guía de formularios normalizados.
- Plantilla esquema en formato editable.

E están dispoñibles na Intranet para a súa consulta: <http://intranet.xunta.es/guias-habilitacion-procedementos>

Para dar difusión a todos os interesados da publicación das guías realizáronse **sesións de presentación a todas as Consellerías** nas que se incluían ademais as principais novidades no eido da administración electrónica.

- **Habilitación de procedementos.** Durante o 2013, emitíronse 383 informes tecnolóxico-funcionais de habilitación de procedementos, tal e como dispón a Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos.

1.1.3.- Sistema Único de Rexistro.

Durante o 2013, continuouse coa evolución funcional do Sistema Único de Rexistro, incorporando novas funcionalidades e melloras no uso do sistema. A fin de 2013, o Sistema Único de Rexistro está implantado en:

- 22 oficinas de rexistro principais e auxiliares.
- 8 oficinas de rexistro concertadas (portelo único)
- 14 rexistros operativos internos da Xunta de Galicia.



A implantación deste sistema nas oficinas da Xunta de Galicia e sobre todo nos rexistros únicos, supón actualmente que **máis do 50% do volume actual de movementos de entrada/saída xa está no devandito sistema**.

O sistema único de rexistro integra o rexistro electrónico.

Total movementos	3.698.937	2.908.849
Rexistro Xeral	2.931.454	2.068.286
Rexistro electrónico	767.483	840.563
% de entradas electrónicas en relación co total	20,75	28,90

Proporcionalmente, a porcentaxe de entradas en rexistro electrónico sobre o presencial, **pasou do 20,75% ao 28,90%**

O proceso de implantación continuará no 2014 coa dispoñibilidade de medios para a loxística dos rexistros (impresoras e lectores de código de barras).

1.1.4.- Sinatura dixital.

O PortaSinaturas proporciona a funcionalidade necesaria para poder asinar documentos de forma electrónica e segura. Durante o 2013, mellorouse sensiblemente a súa funcionalidade:

- Desenvolvemento dun módulo que mellora e facilita a xestión de usuarios e permisos, e en materia de seguridade.
- Integración co novo cliente de @firma (versión 3.3.1). Implementación da firma lonxeva PADES – LTV.
- Selección do formato de firma desexado tanto desde o portasinaturas como desde os servizos de firma.
- Posibilidade de realizar unha firma múltiple a través dos servizos de firma. Desta forma, as aplicacións de tramitación poderán enviar un documento a varios asinantes.

A situación actual do sistema permite xa avanzar no ano 2014 nunha implantación masiva do uso do documento electrónico e sinatura dixital. Na actualidade o número de usuarios de perfil **solicitante é de 728** e o número de usuarios de perfil **asinante é de 440**.

1.1.5.- Nodo de Interoperabilidade PasaXe!

O Portal de interoperabilidade ten como finalidade axilizar a tramitación dos expedientes, e evitar ao cidadán ou demandante do servizo público a presentación de documentación xa en poder da Administración.

A finais de 2013 estaban dispoñibles os seguintes servizos:


Servizo	Modo de uso	Cedente dos datos
Consulta de datos de identidade	Usuario / Aplicación	Dirección Xeral da Policía
Verificación de datos de identidade	Aplicación	Dirección Xeral da Policía
Consulta de datos de residencia	Usuario / Aplicación	Instituto Nacional de Estatística (INE)
Verificación de datos de residencia	Aplicación	Instituto Nacional de Estatística (INE)
Consulta de datos catastrais	Usuario / Aplicación	Dirección Xeral do Catastro
Consulta de estar ao corrente do pago	Usuario / Aplicación	Tesourería Xeral da Seguridade Social
Alta en data concreta	Aplicación	Tesourería Xeral da Seguridade Social
Consulta de situación de desemprego	Aplicación	Servizo Público de Emprego Estatal
Consulta de importes actuais	Aplicación	Servizo Público de Emprego Estatal
Consulta de importes percibidos por período	Aplicación	Servizo Público de Emprego Estatal

O número de usuarios dados de alta no portal de interoperabilidade supera os **1000 empregados públicos**, e hai **máis de 12 aplicacións consumidoras** dos seus servizos.

En 2013, estableceuse un salto cualitativo neste sistema, ao convertelo, con todos os requisitos tecnolóxicos, nun **nodo de intermediación de datos** para a Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a configuración da Xunta de Galicia como nodo de interoperabilidade da comunidade autónoma, asínase o **Convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica**.

Estas dúas actuacións conxuntas permitirán a intermediación de datos e certificados entre a Administración Xeral do Estado, a Administración Autonómica, e a Administración Local Galega.



Ademais da continuidade de incorporación durante o 2013, púxose en marcha unha nova versión do nodo (PasaXe!) que permite:

- Que as consellerías poidan consumir servizos de intraoperabilidade con información xerada por outras unidades da Administración xeral de Galicia.
- Consumir un maior número de servizos de interoperabilidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Que concellos galegos poidan consumir dos servizos de interoperabilidade da Xunta de Galicia e do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Por a disposición de calquera Administración pública datos que puideran ser de interese xerados pola Xunta de Galicia (familia numerosa, discapacidade, etc).

1.1.6.- Xestión Documental e Arquivo Dixital da Administración Pública.



En Novembro de 2013, apróbase un proxecto europeo, no contexto da 3ª convocatoria do programa de cooperación transfronteriza Galicia-Norte de Portugal, 0607_ARPAD_1_E: Arquivo Dixital, conservación do patrimonio documental e eliminación do papel nas relacións administrativas.

Este proxecto permitirá por en marcha de xeito corporativo a xestión documental e arquivo dixital, así como un sistema de dixitalización e compulsa que permita substituír gradualmente os expedientes en papel por expedientes íntegros electrónicos, coas consecuentes vantaxes en canto a facilidade e rapidez de acceso á información, seguridade e facilidade de consulta por parte dos cidadáns.

O Comité do Proxecto constitúese en Novembro de 2013.

1.1.7.- Novos proxectos en execución:

Neste mesmo ámbito, durante o 2013 avanzouse en tres ámbitos que darán os seus resultados no 2014:

- No sistema **Chave365**, de claves concertadas que permitirá aos cidadáns acceder aos servizos de administración electrónica da Xunta a través de claves concertadas e un pin enviado ao seu teléfono móbil, de maneira que o acceso aos servizos vólvese máis sinxelo, mantendo a súa seguridade.
- No novo sistema de notificacións **electrónicas (notific@)**, que permitirá o envío das notificacións a cidadáns, empresas e outras administracións de maneira máis áxil e eficiente, conseguindo importantes aforros para a Xunta de Galicia.
- Sistema de tramitación corporativo para procedementos administrativos, baseado nunha plataforma en software libre.

Estes sistemas viñéronse desenvolvendo ao longo deste ano e implantaranse a principios de 2014.

1.1.8.- Ademais...

Durante o 2013, puxéronse en marcha diversos sistema de ámbito sectorial. Destacan os seguintes:

- Sistema de xestión para a tramitación dos procedementos de rexistro e autorización das actividades de **Xogo e Apostas Deportivas**.
- Sistema de **xestión de pleitos** da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.
- Sistemas no ámbito da Igualdade : Xestión de ordes de autoprotección e **Sistema de información dos Centros de Atención á Muller**, implantado este último nos 81 CIM de Galicia.

Por outra banda, deuse continuidade e evolucións, entre outros, aos seguintes

- Sistemas de soporte á actividade institucional:
 - Xestión documental das Comisións de Secretarios e Consello da Xunta.
 - Relacións Parlamentarias.
 - Publicación de convenios.
- Sistema de xestión de gabinetes.
- Sistema de xestión do parque móbil da Xunta de Galicia.
- Sistema de xestión de **riscos laborais**.
- **Sistemas da S.X. de Emigración**. Mantemento da plataforma GaliciaAberta.com
- **Sistemas de xestión no ámbito das actuacións de Deporte**. Soporte tecnolóxico nos sistemas de información dentro do programa Galicia Saudable e programas vinculados a actividade deportiva en Galicia.

Obxectivo 1: Administración intelixente

1.2 Sistema integrado para a xestión dos recursos humanos, e desenvolvemento de servizos para o empregado público

Con este obxectivo preténdese alcanzar un Sistema integrado para a xestión dos recursos humanos e o desenvolvemento de servizos para o empregado público.

1.2.1.- Sistema de xestión de recursos humanos.

Na evolución continuada do sistema de xestión dos recursos humanos vinculados á Función Pública desenvóléronse as seguintes actividades:

- Implantación na Consellería de Sanidade, co que remata a integración de todo o persoal dependente de Función Pública nun sistema único de xestión.
- **Adaptación no sistema de xestión do concurso de Traslados:**
 - **Melloras operativas derivadas dos concursos en marcha:** *concurso corpo xeral 2013, concurso escala de Informática 2013, concurso de corpos especiais 2012,*
 - **Adaptación a normativa publicada o día 26 de Febreiro:** “Orde do 20 de febreiro de 2013 pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia” o que supuxo a adaptación do sistema ao cambio de normativa: *Os concursantes poderán especificar para a fase de resultados os postos que desexan que se lles adxudiquen cumpran certo nivel mínimo segundo os concellos que se solicite.*
- **Sistema de Seguimento de Persoal (Morfeo):** Finalización do desenvolvemento do novo sistema. Implantación do piloto nas unidades de xestión de persoal.
- **Flexibilidade e Teletraballo:** Adaptación dos sistemas de información para a implantación da flexibilidade e teletraballo. **Posta en marcha do formulario de solicitude de teletraballo e flexibilidade.**
- **Explotación de información de fichaxe:**
 - Informe e cadro de mando de absentismo
 - Adaptacións para a entrada en vigor da Orde de flexibilidade e teletraballo
 - Acceso ao sistema dos usuarios de SSCC e SSPP

1.2.2.- Acreditación do empregado público

Continúase co proceso de acreditación do empregado público. En 2013, se emiten:

- 2.908 novas acreditacións de empregado público na Admin. Xeral, 90% correspondente a SS.PP. nos principais edificios das 7 cidades
- 536 tarxetas de persoal especial (Axentes Forestais 110, Fac. medioambientais 426)

A situación en Decembro de 2013 era a seguinte:

Ámbito	Nº persoal acreditado	% sobre o total
Administración xeral	6.470	39,83
Administración de xustiza	2.772	100,00
Total	9.242	48,58

Tendo en conta que na previsión relativa a administración xeral da Xunta de Galicia non se inclúe persoal docente e de institucións sanitarias, estimando unha cifra global de 16.245 empregados públicos.

1.2.3.- *Fichaxe en posto de traballo.*

Ponse en marcha o sistema de fichaxe Kronos nos principais edificios administrativos das cidades:

- **22/04/2013:** Edificio Admin. A Coruña (Monelos)
- **13/05/2013:** Edificio Admin. Lugo (Ronda da Muralla)
- **08/07/2013:** Edificio Admin. Vigo (Concepción Arenal)
- **15/07/2013:** Edificio Admin. Ourense (Avda Habana)
- **07/10/2013:** Edificio Admin. Pontevedra (Fdez Ladreda)
- **18/11/2013:** Edificio Admin. Ferrol (Pza Camilo José Cela)

1.2.4. *Sistemas para o empregado público*

En 2013 publicouse unha nova versión do Portal do Empregado da Xunta de Galicia, dispoñible **desde calquera punto con acceso a Internet** e integrada co directorio activo.

Con esta nova versión permítese a consulta de datos de fichaxe no PC (Kronos) e o acceso con certificado de empregado público (aloxado na tarxeta corporativa).

1.2.5.- *Intranet corporativa*

Mantemento e evolución da intranet corporativa, reestruturando contidos para simplificar o acceso. Abórdase a renovación das seguintes áreas:

- Área de recursos lingüísticos.
- Canle xurídica.
- Canle tecnolóxica.




Obxectivo 1: Administración intelixente

1.3. Información xeográfica e urbanismo

A información xeográfica móstrase cada vez máis relevante en todos os procesos de planificación e xestión da administración pública. Este programa está orientado a dar o soporte tecnolóxico ao proceso de coordinación da información xeográfica da Xunta de Galicia durante todo o seu ciclo de vida, dende a produción ata a promoción e reutilización da información por parte doutros sectores.

No ano 2013 elaborouse un plan de actuación, aliñado co Instituto de Estudos do Territorio, para consolidar o repositorio de Información Xeográfica de Xunta de Galicia.

En 2013, avanzouse nas dúas primeiras fases do plan:



1.3.1.- Posta en marcha dunha arquitectura SIX Corporativa:

- **Contrato corporativo de software SIX.** Rematouse a tramitación da adquisición de licenza corporativa de ferramentas de xestión de información xeográfica, actualmente licitadas polas diferentes consellerías usuarias, na liña de homoxeneización das ferramentas utilizadas na Xunta de Galicia.
- **Definición e implantación da arquitectura SIX Corporativa:** Definiuse, de acordo co Instituto de Estudos do Territorio unha arquitectura para a posta en marcha do sistema corporativo troncal da información xeográfica da Xunta de Galicia. A iniciativa está aliñada coa directiva INSPIRE para o funcionamento das infraestruturas de datos espaciais en Europa.
 - Definición da arquitectura corporativa unificada.
 - Definición da metodoloxía e procedementos internos para a produción e publicación de cartografía, aplicacións e servizos vinculados.

Creación na intranet corporativa do espazo da
“**Plataforma SIX Corporativa**”:

<http://intranet.xunta.es/tecnoloxica/plataforma-six-corporativa>



- **Creación e configuración da infraestrutura:** Coa arquitectura definida, púxose en marcha a infraestrutura tecnolóxica no Centro de Proceso de Datos da Xunta de Galicia, de servizos e almacenamento da información xeoespacial.

1.3.2.- Inicio da fase de explotación da arquitectura SIX Corporativa:

Unha vez finalizados os elementos anteriores se pon en marcha o proxecto de ordeación da infraestrutura:

- **Desenvolvemento do portal de referencia :** Trátase do portal de referencia para a Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG), que integra todos os datos xeográficos e os servizos interoperables de información xeográfica proporcionados polos distintos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público e están dispoñibles mediante este xeoportal: mapas.xunta.es. O portal está na súa fase final de desenvolvemento, se presentará en 2014.



Obxectivo 1: Administración intelixente

1.4. Impulso da relación electrónica co sector empresarial, comercial e industrial

O sector empresarial, comercial e industrial é un dos ámbitos obxectivo para a consolidación da administración electrónica na súa relación coa Administración pública, no relativo á tramitación de axudas, a aplicación da directiva de servizos ou a consolidación dos rexistros creados no ámbito de competencia da administración pública. O obxectivo deste programa é a simplificación dos procedementos administrativos vinculados á actividade empresarial e industrial para a redución das cargas administrativas en relación coa Xunta de Galicia e a extensión da sede electrónica cara a un modelo de portelo único empresarial que facilite ás empresas a relación coa Administración pública.

De xeito específico deben salientarse os seguintes ámbitos:

1.4.1. DSI. Sistema de información para a adaptación á Directiva de Servizos de Industria

Reorganización da Oficina Virtual de Industria, para adaptala á normativa do Rexistro Industrial e para facilitar aos usuarios un acceso intuitivo á información:

- **Migración do módulo de presentación electrónica á sede electrónica** (finalización prevista para o primeiro trimestre de 2014).
- Finalizado o módulo para o **rexistro das inspeccións realizadas polos Organismos de Control Autorizados** (se porá en produción en 2014):
 - IN633A Autorización-modificación de organismos de control autorizados.
 - IN633B Outras inspeccións regulamentarias.
 - IN633C Inspección de regulamentación eléctrica: baixa tensión.

1.4.2. Eficiencia enerxética dos edificios

Incorporouse á sede electrónico o procedemento de inscrición do certificado de edificios existentes no rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios (IN413D).

1.4.4. Rexistro Galego de Comercio

Finalizado o desenvolvemento dun novo sistema de xestión do Rexistro Galego de Comercio. O sistema:

- Permite a tramitación electrónica integral de todo o proceso de xestión do Rexistro.
- Está integrado coa sede electrónica e co cartafol do cidadán.

1.4.6. Páxina web da Consellería de Economía e Industria

Actualización tecnolóxica e funcional do portal Web da Consellería:
<http://economiaeindustria.xunta.es>

- Actualización tecnolóxica e integración nos servizos corporativos de mantemento da web.
- Reutilización de funcións comúns a outros portais, como a sincronización das noticias publicadas na web da Xunta relativas ao ámbito da Consellería.
- Versión bilingüe do portal e tradución de contidos á versión en castelán.

1.4.7. Ademais...

- Mantemento do **Portal do Comerciante**..
- Implantación do **sistema AIRES** de xestión do rexistro de Entrada/Saída para a xestión interna da documentación.
- Coordinación e adaptación da **plataforma PINNG** da **Axencia Galega de Innovación** para a instalación nas contornas corporativas do CPDi. Está pendente a determinación da data de publicación da plataforma.
- Actualización da plataforma de axudas FIE para a convocatoria 2013.
- Colaboración co **Instituto Galego de Consumo (IGC)** en materia de soporte e medios no proceso de arbitraje de preferentes.



Portal do Comerciante Galego

axencia
galega de
Innovación



 **INSTITUTO
GALEGO DE
CONSUMO**

Obxectivo 1: Administración intelixente

1.5. Modernización dos sistemas de información de xestión ambiental

1.5.1. Mantemento e evolución dos sistema de información de residuos de Galicia

Os sistemas de información de residuos de Galicia (SIRGA), de residuos urbanos de Galicia (SIRGARU), permiten realizar a xestión das operacións realizadas con distintos tipos de residuos por parte dos axentes do sector. Este sistema debe incorporar algunhas novas funcionais de carácter transitorio no que se desenvolve un novo sistema adaptado a linguaxe de comunicación de datos de carácter ambiental e a nova lei de residuos e chans contaminados aprobada en 2011.

- **Sistema de información de residuos de Galicia (SIRGA):** realizáronse cambios para a súa adaptación á lei 22/2011 de residuos e chans contaminados.
- **Sistema de residuos urbanos de Galicia (SIRGARU):** desenvolvéronse novos módulos para a carga de información desde os sistemas integrados de xestión (SIX) e concellos.



Engadíronse indicadores para o seguimento do plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020.

1.5.2. Mantemento e evolución do sistema de información ambiental

Os sistemas de información ambiental permiten a xestión de procedementos nos ámbitos da coordinación e avaliación ambiental. É necesario que estes sistemas atópanse operativos e adaptados aos requisitos legais e procedimentais.

- **Sistema de autodiagnóstico ambiental de residuos (AAR):** desenvolvéronse os cambios necesarios para a presentación electrónica do autodiagnóstico ambiental de residuos do ano 2013.
- No **sistema de verificación da Autorización Ambiental Integrada (AAINT)** incorporáronse cambios no cuestionario de inspección e automatizouse a xeración do informe de verificación da autorización ambiental integrada das empresas IPPC.
- **Sistema de información ambiental (SIMCA):** cambios necesarios para a súa adaptación á lei 22/2011 de residuos e chans contaminados.
- **Sistema de verificación da Autorización Ambiental Integrada (AAINT):** cambios no cuestionario de inspección e automatización da xeración do informe de verificación da autorización ambiental integrada das empresas IPPC.
- Desenvolvéronse diversas melloras no **sistema de inspección ambiental**.

1.5.3. Mantemento e evolución do sistema de información de calidade do aire e Meteogalicia

Publicouse o novo portal de Meteogalicia que incorpora como novidades a predición por concellos e un subportal temático de calidade **do aire (ICA)**.



Publicáronse novas versións das aplicacións móbiles desenvolvidas por Meteogalicia, MeteoRoute e MeteoSIX, para os dispositivos con sistema operativo IOS e Android.

1.5.4. Desenvolvemento dun novo Sistema de Información de Residuos de Galicia (SIRGA2)

Desenvolvemento dun novo Sistema de Información de Residuos de Galicia que permita a adaptación dos procedementos ao estándar E3L de intercomunicación de datos de carácter ambiental con outras comunidades e coas empresas, ademais de contemplar os novos requisitos motivados pola lei 22/2011 de residuos e chans contaminados.

Durante o 2013 saíu a licitación un contrato para o desenvolvemento dunha **plataforma galega de información ambiental**, denominada **GaIA** (expediente 92/2013). Esta plataforma será accesible, integrable, escalable e con capacidades de interconexión e de interoperabilidade con outros sistemas de información que manexen información ambiental, tanto no ámbito autonómico como estatal ou europeo. Actualmente atópanse en valoración os criterios non avaliados mediante fórmulas das dúas ofertas presentadas.



Obxectivo 1: Administración intelixente


1.6. Desenvolvemento das TIC na Administración de Xustiza en Galicia: Plan e-Xustiza

Este plan busca promover o uso das TIC na tramitación xudicial. As actuacións aquí indicadas se engloban no Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia.

1.6.1. Melloras infraestrutura das sedes xudiciais.

Durante o ano 2013 continuouse coa mellora e consolidación da rede de comunicacións da Administración de Xustiza en Galicia. Desde a posta en marcha do Plan Senda 2014 todas as sedes xudiciais melloraron a súa liña de comunicacións, pasando do 36% de liñas con cable en 2009 a un 55% actualmente, descendendo as liñas de menor capacidade.

- **Renovación das infraestruturas de servidores e almacenamento en sedes xudiciais.** Rematado nas sedes urbanas, en proceso de implantación nas sedes de vilas.
- **Monitorización e centralización das copias de respaldo.**
- **Renovación dos sistemas de impresión: Proxecto Imprime.** O Programa Imprime está a permitir mellorar as prestacións de impresión nos xulgados e aforrar custos cunha xestión eficiente do papel. Levouse a cabo satisfactoriamente o despregamento de 53 novos equipos nas sedes xudiciais de Carballo, Ferrol, Lugo, Vilagarcía, Lalín e A Coruña. En 2014, continuarase co resto das sedes.




1.6.2. Rede de videoconferencia da Administración de Xustiza.

Continuouse coa instalación da solución de videoconferencia persoal nos equipos dos xuíces e maxistrados das cidades de Galicia que demandan esta solución, actualmente **384 usuarios**, coa que é posible realizar videochamadas con calquera equipo de videoconferencia.

En canto ao equipamento de videoconferencia en sala, o 100% dos equipos instalados están conectados por IP, cun total de 56 postos de videoconferencia.

O **número de videoconferencias realizadas** nos equipos de sala da rede de videoconferencia de Xustiza en Galicia en 2013 ascendeu a **3.046**, cun 12% de chamadas internas da rede de Xustiza e un 88% restante con sistemas externos.



1.6.3. **Sistemas de gravación de vistas. Implantación eFidelius.**

Na actualidade a Administración de Xustiza de Galicia conta con 171 salas de vistas. Todas elas contan con sistema de gravación que teñen como obxectivo recoller o acontecido na sala durante a celebración dos actos.

Renovación da dotación tecnolóxica das salas de vistas da administración de Xustiza en Galicia, integrando a sinatura dixital na elaboración da acta xudicial e cun novo modelo tecnolóxico de salvagarda das gravacións de vistas, se executa no marco do convenio de colaboración Ius+Red, asinado co Ministerio de Justicia e Red.es, que incluía a dotación de 70 salas.




No 2013, a Amtega asina un novo convenio con Red.es que permitirá acadar a totalidade das salas de vistas.

Durante o 2013 levouse a cabo a **implantación de novos equipos de gravación eFidelius en 15 salas de vistas** e a validación da solución para o acceso desde o equipo de gravación ao equipo de xestión procesual Minerva. A 31 de decembro estaban instalados 15 sistemas de gravación de vistas en sala, e 4 repositorios de sede xudicial. E se tiñan gravado **5.877 vistas con eFideliusv5**.

1.6.4. **Sistemas de xestión procesual**

En novembro de 2012 activouse a funcionalidade de itineración entre Minerva e Fortuny de asuntos entre os órganos xudiciais e as fiscalías nas sete cidades principais e desde xaneiro de 2013 está activa en todos os partidos xudiciais de Galicia.

A **porcentaxe total de asuntos itinerados** con éxito en relación aos asuntos susceptibles de itinerar en Galicia no ano 2013 foi dun **61%**. A provincia coa maior porcentaxe de asuntos itinerados foi Lugo cun 85%.




1.6.5. Sistema de notificacións electrónicas: LEXNET

LexNet é a plataforma de intercambio seguro de información entre os órganos xudiciais e os diversos operadores xurídicos. Durante o ano 2013 habilitáronse os servizos de comunicacións a diferentes axentes, pasando da cifra inicial de 13 en xaneiro aos **15 actuais**, activándose a presentación de escritos na Asesoría Xurídica e na AEAT. Así:

- Durante o ano 2013 enviáronse un **total de 4.039.522 notificacións** mentres que no ano anterior foron 2.626.319, o que supón un **incremento do 54%**. Pódese estimar un importe mínimo de aforro en termos de papel e custo de impresión en 2013 de 357.788,54€ (supoñendo unha media de 6 follas non impresas por notificación).
- No ano 2013 enviáronse un total de 5.698 **escritos**, mentres no ano 2012 foron 755, o que supón un **incremento do 655%**.

Durante o 2013 volveuse a duplicar o número de comunicacións a través de Lexnet.



1.6.6. Sistema de información de EXPURGO

En 2013 ponse en marcha o sistema de información **Expurgo** que se encarga de realizar de maneira sinxela o rexistro da información necesaria para a xeración de expedientes xudiciais potencialmente expurgables.

Actualmente esta aplicación atópase despregada na contorna de produción coa versión v.01.02 e está a ser empregada a modo piloto.

1.6.7. Sistema de información de IMELGA

O sistema de información SIMELGA dá soporte ao proceso de xestión administrativa da actividade do persoal do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga).

Dentro das funcionalidades máis importantes implementadas durante o ano 2013 na aplicación SIMELGA, destacan as seguintes:

- Integración con MINERVA para todos os usuarios da aplicación
- Control de acceso mediante LDAP
- Novas listaxes no módulo de estatísticas
- Creación de novos perfís de Xefe de Sección e Xefe de Servizo
- Libro de rexistro de entrada
- Axenda electrónica forense

Durante o 2013 rexistráronse na aplicación SIMELGA 29.620 expedientes.

1.6.8. Oficina Virtual do Empregado Público da Administración de Xustiza en Galicia: AIX

O sistema AIX xestiona a vida administrativa, dilixencias, licenzas, permisos, comisións de servizo, acción social, control da xornada laboral, trienios, e outras funcións que permiten a xestión íntegra dos recursos humanos da Administración de Xustiza en Galicia. Durante o 2013:

- Potenciouse a axilización das comunicacións entre o persoal das unidades xudiciais e a Administración, e a integración de AIX co sistema Kronos de recollida de fichaxes.
- Para os xestores ampliouse a colección de solicitudes electrónicas e incorporáronse mecanismos de control do cumprimento do horario nos órganos xudiciais.
- As actuacións dirixidas aos cidadáns centráronse principalmente no acceso ás solicitudes de bolsas de traballo.

Durante 2013 realizáronse un total de 16.825 solicitudes, das cales 10.197 foron cumprimentadas por vía electrónica e 3.721 presentadas de forma electrónica.

1.6.9. Sistema de Xestión de Medios: SXM

Evolución do Sistema de Xestión de Medios (SXM), que permite o rexistro, tramitación e resolución electrónica das solicitudes de mobiliario (mesas, cadeiras, etc.) e de material de oficina (folios, cartafolios, arquivadores, etc.) destinados a cubrir as necesidades das unidades xudiciais de Galicia.

Durante o 2013 estendeuse o seu uso aos funcionarios do Instituto de Medicina Legal (IMELGA) e ás Secretarías de Coordinación Provincial das unidades xudiciais.

1.6.10. Sistema de fichaxe KRONOS

Púxose en marcha o sistema de fichaxe no posto de traballo KRONOS na totalidade das sedes xudiciais, sendo utilizado por 2.525 persoas na actualidade.

1.6.11. Intranet de Xustiza

Ao longo do ano 2013 acometéronse as seguintes melloras e cambios máis destacados:

- Renovación de imaxe: creouse unha nova interface gráfica máis amigable para o usuario e cun deseño máis limpo que facilita a usabilidade.
- Reestruturación de contidos que permite o acceso á información, servizos e contidos de forma máis ordenada e intuitiva.
- Creación da biblioteca, centraliza toda a documentación existente ao longo da Intranet de Xustiza
- Dinamización da sección de Actualidade, establecéndose novos procedementos de traballo para a publicación de noticias.

1.6.12. Asistencia Xurídica Gratuíta: AXG-AXGNET

De cara os **Colexios Profesionais**, avanzouse na:

- Implantación do servizo web para a descarga das resolucións dos expedientes por parte dos colexios de procuradores.
- Ampliación das consultas para facilitar o acceso á información dos expedientes tramitados polas comisións de xustiza gratuíta.

De cara as **Comisión de asistencia xurídica gratuíta**. As comisións xestionaron 51.611 solicitudes durante o ano 2013. O principal obxectivo neste ámbito foi a adaptación do sistema aos cambios normativos.

- Implantación do servizo de envío electrónico en todos os colexios de avogados e nos colexios de procuradores da Coruña e Vigo. O resto dos colexios atópanse en fase de implantación.
- Consulta on-line do estado de pagos realizados e importes pendentes de reintegro por colexio e trimestre.

O **99,3% dos expedientes** tramitados foron iniciados a través dunha solicitude realizada vía electrónica.

1.6.13. Novo portal de eXustiza (www.exustiza.es)

O obxectivo é que www.exustiza.es sexa a canle de comunicación na rede entre os cidadáns e a Xustiza e que poidan realizar os seus trámites electrónicos a través da futura sede xudicial electrónica.



eXustiza. Publicación da primeira sección do portal da Administración de Xustiza en Galicia: Cidadáns. Ao longo de 2014 integraranse as seccións de Profesionais e de Administración de Xustiza

Data de publicación: agosto de 2013
<http://www.exustiza.es>

Cidadáns

INFORMACIÓN SOBRE O ACCIDENTE FERROVIARIO EN SANTIAGO
 Información para as persoas presuñidas polo accidente ferroviario ocorrido en Santiago o 24 de xullo: datos de contacto, formularios, procedemento para o cobramento de indemnizacións etc.

DEREITOS E DEBERES ANTE A XUSTIZA
 A Carta de dereitos dos cidadáns ante a xustiza establece os principios de transparencia, información e atención axilizada, co obxectivo de lograr unha xustiza moderna e aberta aos cidadáns.


ASISTENCIA XURÍDICA
 É un dereito recoñecido na Constitución o dereito de toda persoa a obter efectivo dos xuízos e tribunais de xustiza os seus dereitos legais sen que en produciéndose indefensión...

Inclúense nel os seguintes servizos

- **Presentación de demandas por investimentos en produtos financeiros:** Ferramenta para a presentación electrónica de demandas relativas á comercialización de produtos financeiros complexos (preferentes e subordinadas).
- **Directorio de órganos, institucións e recursos xudiciais:** Desde esta sección do portal os cidadáns poden atopar o directorio de órganos, institucións e recursos xudiciais de interese.

1.6.14. Centro de servizos aos usuarios de Xustiza

Durante o ano 2013 atendéronse un total **39.704 chamadas** o que supón unha media de 3.309 chamadas por mes. Así mesmo atendéronse **29.728 solicitudes de servizo**, das cales 15.950 foron incidencias (interrupcións non planificadas dun servizo) e 13.778 peticións de servizo.



1.6.15. *Formación e Comunidade Virtual de Aprendizaxe*

No ano 2013 as actividades de formación realizadas estiveron marcadas pola consolidación do Servizo de Soporte Formativo Remoto a través do deseño de plans específicos de formación, destinados a capacitar aos usuarios nas súas necesidades concretas, definidas polos órganos xudiciais nos que desempeñan o seu labor.

Foise dando acceso á Comunidade Virtual de Aprendizaxe da Administración (CVA) aos usuarios que participaron nos distintos plans de formación deseñados, de maneira que, a finais de ano, atopábanse rexistrados un total de 293 **usuarios**, dos cales **177 accederon ao espazo (un 60%)**. En total producíronse **7.059 accesos** á CVA.

O **número de titorías** realizadas aos usuarios alcanzou a cifra total de 115 e o de reforzos formativos remotos a 77.

Esta actividade remota completouse coa realización, dentro dos plans de formación definidos, de 122 sesións presenciais, nas que participaron 541 usuarios.

1.6.16. *Apoio a procedementos singulares.*

Durante o 2013, realizáronse tarefas de soporte tecnolóxico a procedementos excepcionais no eido da administración de Xustiza.

- Dotación e coordinación da infraestrutura para a celebración da vista: oficinas xudicial y fiscal, macrosala de vistas, difusión a medios, tradución simultánea, gravación, videoconferencia. Así como dixitalización da causa, na **celebración da vista do Prestige**.
- No caso das **Demandas por investimentos en produtos financeiros**: Dotación de medios de reforzo e presentación electrónica de escritos iniciadores de demanda.
- **Outros procesos excepcionais**: Coordinación TIC dos medios para a oficina xudicial creada, desenvolvemento dun sistema de información para o proceso, así como a páxina web de difusión de información.

1.6.17. *Convenio para o desenvolvemento da Administración Electrónica Xudicial e o Expediente Xudicial Electrónico.*

O 26 de Abril de 2013 o Ministerio de Justicia, o Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a Axencia para la Modernización Tecnolóxica de Galicia , e a Entidade Pública Empresarial Red.es, asinan o convenio de colaboración para a coordinación estratéxica e desenvolvemento de **servizos avanzados no ámbito das tecnoloxías da información na administración de Xustiza**.

As actividades que se inclúen no devandito convenio, se estruturan en dous eixos:

- **Expediente Xudicial Electrónico:** Actuacións encamiñadas á implantación efectiva do expediente xudicial electrónico: mellorar a accesibilidade á información, reducir a circulación de papel, aumentando a axilidade, eficiencia, transparencia e sostibilidade na xestión.
- **Administración Electrónica no eido xudicial:** Sede electrónica xudicial e compoñentes de administración electrónica xudicial. Englobaránse neste eixo as actuacións necesarias para a implantación da sede xudicial electrónica e a habilitación na mesma de servizos electrónicos para os profesionais e a cidadanía.

Obxectivo 1: Administración intelixente

1.7. Incorporación de solucións TIC no ámbito dos servizos sociais, programa eBenestar

A finalidade do programa eBenestar é a modernización da prestación de servizos sociais a través da transformación dos procesos e da carteira de servizos, facendo uso das ferramentas TIC. Este programa incide na mellora das ferramentas de traballo e dos sistemas de información que soportan tanto os procesos de xestión como os de toma de decisións, e no aumento do nivel de integración e compartición da información entre os distintos niveis asistenciais e de xestión involucrados na prestación de servizos sociais.

1.7.1. Aprobación do Plan de Modernización de Servizos Sociais

- Aprobación do plan polo Comité de Dirección da AMTEGA (primeiro trimestre)
- Aprobación do plan no consello da Xunta (outubro)
- Actuacións de mellora **do soporte micro-informático** a centros:
 - a. Ampliación de velocidades de rede nos centros que o admitían
 - b. Lanzamentos de estudos de cobertura IP-OFDM para varios centros de menores
 - c. Auditorías de revisión do equipamento en diversas tipoloxías de centros dependentes da área de Benestar da Consellería de Traballo e Benestar
 - d. Articulación dun CAU específico para centros de Benestar
- **Implantación IANUS** en Residencias:
 - a. Actuacións preparatorias da implantación da aplicación informática de Historia Clínica Electrónica do SERGAS (implantación completada en xaneiro de 2014)
- **Proxectos de sistemas de información:**
 - a. Escolas Infantís / Cheque Infantil: toma de requisitos e lanzamento da contratación do desenvolvemento dun novo sistema de información con ámbito Consellería de Traballo e Benestar e Consorcio Galego de Igualdade e Servizos Sociais (en fase de licitación ao final de 2013)
 - b. Aplicacións de Menores: toma de requisitos previa ao lanzamento da contratación do novo sistema (prevista para 2014)
 - c. HSU: iniciados os traballos de definición do modelo conceptual do novo sistema de Historia Social Única
 - d. Servizos Sociais Comunitarios de Concellos: estudo de alternativas e definición de estratexia para potenciar e realizar unha evolución propia galega sobre SIUSS.



1.7.2. Sistema de Información Galego de Atención á Dependencia (SIGAD)

- Soporte aos novos procesos de certificación da información fornecida ao SAAD do IMSERSO postos en marcha en 2013.
- Evolucións no módulo PAR de SAF empregado na interrelación cos Concellos no marco da provisión do SAF, consolidándose o cambio no modelo de xestión iniciado no 2012.
- Adaptacións á nova normativa, en particular nas compatibilidades e intensidades das prestacións e na carteira de servizos (Decreto 149/2013, de 5 de setembro, Orde de 19 de abril de 2013)
- Incorporación de mecanismos de interoperabilidade con SAAD para a incorporación a SIGAD de información de tipo económico que facilite o proceso de cálculo da capacidade económica
- Completada a integración coa Sede electrónica, habilitándose a recepción da solicitude electrónica por cidadáns ou traballadores sociais
- Soporte aos traballos de captura e clasificación da documentación, dentro do proxecto de Expediente Dixital de Dependencia. Implantación da aplicación de captura (Kofax) en Xefaturas Territoriais.
- Adaptación da aplicación de VALORADORES de Dependencia para o seu emprego en Discapacidade, de forma integrada coa nova aplicación de tramitación do procedemento de Discapacidade CDI.

Indicadores de ámbito:

- Colectivo de usuarios de SIGAD: aproximadamente 500 usuarios.

1.7.3. Desenvolvemento do sistema de tramitación do procedemento de discapacidade (CDI)

Finalización do desenvolvemento da nova aplicación de tramitación do procedemento de recoñecemento da situación de discapacidade (Censo de de persoas con discapacidade – CDI), e comezo da implantación progresiva nos Equipos de Valoración da Discapacidade.

A data de decembro de 2013, atópase implantada en Lugo, Ourense e Santiago.

1.7.4. Mantemento de evolución das aplicacións de xestión de Prestacións

- Implantación (marzo) das novas aplicacións de soporte ás principais prestacións económicas do ámbito de inclusión: pensións non contributivas (PNC) e Renda de integración social (RISGA).
- Estabilización das novas aplicacións e adaptación á nova lei de RISGA (aprobada en decembro).

Indicadores de ámbito:



Colectivo de usuarios das aplicacións:

- PNC: ao redor de 100
- RISGA: ao redor de 60

1.7.5. Mantemento e evolución da plataforma tecnolóxica de soporte ao Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065)

Mantemento da plataforma tecnolóxica da flota de vehículos e das aplicacións de soporte á operación do servizo.

Analizouse o impacto dos cambios previstos no modelo de servizo ante a próxima renovación dos contratos cos transportistas en febreiro de 2014, colaborando coa Secretaría Xeral de Política Social no seu traballo de definición dunha nova normativa reguladora do servizo e dos novos contratos a través das explotacións de información solicitadas.

Indicadores de ámbito:

- Flota de aproximadamente 110 microbuses
- Ao redor de 2.000 usuarios habituais do servizo

1.7.6. Mantemento e evolución da aplicación de xestión do Plan Concertado

Adaptación da aplicación ás modificacións normativas operadas, en particular nas fases de xustificación e presentación de solicitudes polos concellos, consolidándose o cambio de modelo operado sobre o financiamento a través da Orde anual de subvencións á regulación a través do Decreto 99/2012 de 16 de marzo.



1.7.7. Ademais...

Implantación e mantemento de sistemas que dan soporte á xestión

Atópase en desenvolvemento un novo sistema de información de xestión para os Puntos de Encontro Familiar (PEF) adaptado ao novo Decreto en elaboración.

Realizáronse actuacións de mantemento das distintas aplicacións destacando as seguintes actuacións:

- Posta en marcha da versión inicial da aplicación para a xestión de contratos de prazos con centros (pendente de abordar as peticións de cambio trasladadas pola Subdirección de Recursos Económicos).
- Implantación e soporte da NICM, articulando unha canle de soporte específico.
- Finalización da instalación de XECEME en infraestrutura AMTEGA (en proceso de verificación).
- Mantemento da operatividade do resto de aplicacións.

Obxectivo 1: Administración intelixente

1.8. Modernización dos sistemas de información relacionados co emprego, a formación e co fomento da contratación

Este programa persegue o aproveitamento das posibilidades das TIC para a mellora da xestión e a eficacia das políticas activas de emprego.

1.8.1. Mantemento, operativa e evolución dos sistemas corporativos de intermediación laboral e orientación laboral

A dispoñibilidade dos sistemas de intermediación alcanzou un 98,78% no período de 20x7 no que dá servizo. Do 1,22% de non dispoñibilidade un 0,46% derivou de problemas propios e un 0,78% de problemas de terceiros.

As principais causas dos problemas de terceiros, teñen a súa orixe na caída do CPD por fallo das baterías e problemas de conexión coa rede SARA que achegan o 55% da non dispoñibilidade. O 0,46% de non dispoñibilidade por problemas propios repártense nun 0'026% derivados do xestor de informes, un 0'06% por actualizacións, un 0'09% por reinicio e un 0'28% por causas diversas.

1.8.2. Mantemento da dispoñibilidade das oficinas de emprego

Nas oficinas de emprego rexistráronse 3 avarías de equipamento sobre un parque de 700 equipos, o que supón unha taxa do 0'4% de avarías anuais nos equipos de usuario (5 veces inferior ao do equipamento tradicional).

Nos servidores a taxa de fallo foi do 2%. A recuperación da oficina de emprego de Santiago Centro tras a súa inundación fíxose en 24 horas, sen perda de datos e sen interrupción do servizo.



Mantense a redución de consumo enerxético a 30KWhora/ano fronte aos 137KWhora/ano dunha solución convencional.

1.8.3. Ademais...

- Explotación e obtención dos datos mensuais e diarios da evolución do mercado laboral nos aspectos de desemprego e evolución da contratación. Creación de cadros de mando en dispositivos móbiles.
- Desenvolvemento dun novo sistema de información para a xestión da formación para o emprego, coa finalidade de unificar a formación para desempregados coa formación para traballadores, e integrando a xestión do alumnado, xestión económica do curso e a

integración cos demais sistemas de información Orientación e Intermediación a través dunha arquitectura orientada a servizos.

- Desenvolvemento do sistema de información de xestión do rexistro de cooperativas.
- Desenvolvemento da aplicación de oficina virtual móbil de emprego (MOBEM).



Obxectivo 1: Administración intelixente

1.9. Modernización dos sistemas de información relacionados coa xestión académica no sistema educativo

Este programa posibilitará a modernización dos sistemas de información relacionados coa xestión académica e educativa dos centros educativos. Dita modernización permitirá unha mellora na calidade dos servizos, tanto na xestión, na toma de decisións, como no referido a información e servizos ofrecidos aos usuarios; mellorando tanto a explotación como a xestión da información en poder da administración.

1.9.1. Mantemento, operativa e evolución dos sistemas de información corporativos do sistema educativo

- Adaptación á firma electrónica desatendida, con **64.746 documentos asinados dixitalmente**.
- Xestión completa do persoal de centros concertados.
- Adaptación á nova normativa do sistema de xestión de oposicións do profesorado.
- Evolución da **Xestión Académica dos Ensinos (XADE)**, incluíndo a integración XADE-Platega para a FP a distancia e a xestión de avisos individualizados por centro.
- Integración do histórico de títulos emitidos en XADE
- Xestión de solicitudes **de admisión a ciclos vía web**, novo sistema de xestión das peticións de equipamento para Formación Profesional.
- Explotación e publicación da información estatística autonómica e nacional
- Novas funcionalidades de comedores, transporte escolar e catálogo de centros.



1.9.2. Soporte e atención tecnolóxica aos centros educativos públicos

Os centros educativos de ensino non universitario e os usuarios de sistemas de información e tecnoloxías dos devanditos centros teñen á súa disposición servizos de atención presencial e remota en ámbitos como: soporte á implantación e uso das aplicacións e sistemas corporativos, soporte aos procesos educativos apoiados en sistemas ou tecnoloxías, mantemento de sistemas, elementos de comunicación e equipamentos corporativos, etc.

Ao longo de 2013 houbo **73.159** chamadas atendidas, **55.622** tickets de incidencias atendidas e **2.729** incidencias atendidas presencialmente en centros educativos.

1.9.3. Implantación dun sistema de análise da información educativa e soporte á toma de decisións

Ferramenta corporativa de intelixencia de negocio que permite ás distintas unidades administrativas a **explotación e análise dos datos** existentes dentro da CCEOU.

Así mesmo definíronse e desenvolvéronse cadros de mando para a dirección.

Actualmente o sistema atópase despregado nunha contorna de probas e pendente do seu paso a produción.

1.9.4. Implantación dun sistema de xestión centralizada da admisión a ensinos regrados (Infantil, Primaria, Secundaria)

Análise dos requisitos para o desenvolvemento dun **novo sistema de xestión centralizada da admisión** a ensinos regrados (Infantil, Primaria, Secundaria).

Durante o 2013 traballouse na toma de requisitos coa unidade de negocio responsable e, en base a estes requisitos, redactouse un prego de concurso aberto publicado o 23/10/2013.



Obxectivo 2: Administración eficiente

Obxectivo 2: Administración eficiente

2.1. Consolidación e homoxeneización da infraestrutura

Este programa comprende a consolidación e centralización de infraestruturas así como a identificación e implantación de ferramentas corporativas comúns que permitan aforrar custos de mantemento e alcanzar economías de escala. Ademais persegue a modernización e consolidación da infraestrutura de soporte e atención ao usuario (CAU) e a evolución e administración do posto de traballo.

A Amtega aglutina na súa constitución un escenario de posto de traballo e de atención ao usuario disperso, non homoxéneo e cun alto nivel de obsolescencia nalgúns ámbitos.

Para ordear esta situación estase a evolucionar cara unha implantación dun modelo único de xestión, da atención aos usuarios, e de evolución e administración do posto de traballo, sen perder a perspectiva de atención especializada aos diversos colectivos de persoas usuarias, tendo en conta as diferentes necesidades tecnolóxicas

2.1.1.- Xestión do posto de traballo.

En canto a xestión de posto de traballo abordáronse varias liñas de actividade encamiñadas a identificar e homoxeneizar o inventario de posto de traballo,

- Realización das seguintes contratacións orientadas a **normalización de posto de traballo e consolidación de contratos de soporte**:
 - Contrato de arrendamento de impresión. Que permite poñer en marcha unha liña de traballo de cambio do modelo de impresión, substituindo a adquisición polo arrendamento. Este expediente permitiu poñer en marcha este modelo en toda a Administración de Xustiza en Galicia. E dotación parcial en dúas delegacións provinciais e en certos ámbitos de SSCC.
 - Renovación de equipamento e contratación corporativa de sistemas de xestión de posto de traballo:
 - Equipamento: Pcs, impresoras, e equipamento de código de barras para a implantación de rexistro único, nas oficinas de rexistro.
 - Software corporativo para a xestión do posto de traballo: antivirus, e ferramenta de descubrimento, xestión remota, distribución de software.
- Inicio da posta en marcha do **inventariado de posto de traballo**: Inicio da posta en marcha da CMDDB de Posto de traballo e inicio do proceso de revisión e inventariado do

equipamento de posto de traballo. Deberá finalizarse no 2014. Na actualidade no ámbito administración están identificados e integrados no directorio activo corporativo uns 10.900 postos de traballo (sen incluír os ámbitos de centros educativos, nin centros da administración de Xustiza).


- Elaboración dunha **auditoría de situación en centros de benestar**, como preparación para o plan de renovación de equipamento nestes centros.

2.1.2.- Centro de atención aos usuarios

O obxectivo desta liña de actividade e a normalización da prestación do servizo de atención ao usuario, tanto cobertura de servizos como en ferramentas de seguimento, así como a consolidación de menos grupos de soporte pero mellor dotados. No 2013, avanzouse sobre todo no análise de situación pero tamén en:

- Polo que se refire á homoxeneización do soporte a usuarios, no ano 2013 reducíronse o número de centros de atención a persoas usuarias, ao integrarse no **CAU central** corporativo o CAU da Consellería do Medio Rural e do Mar e o do Benestar e a preparación da integración do CAU da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o de Traballo, neste mesmo grupo integrouse a atención as Delegacións Provinciais.
- Configuración dun **CAU especializado en arquivos, bibliotecas e museos**. Aglutina tres ámbitos de atención diferenciados hasta ese momento.
- Creación de **CAU especializado de atención á rede de centros de benestar**. Non existente ata ese momento.
- **1ª fase de consolidación dun servizo soporte in-situ** a postos de traballo en centros non urbanos. Con reparto territorial por lotes. Lote 1: A Coruña, Lugo, Lote 2: Pontevedra, Ourense.

Contactos co CAU en 2013



Durante o 2013, recolléronse no CAU Central **86.793 incidencias e peticións**.

2.1.3.- Plan de evolución de posto de traballo .

- Posta en marcha do análise e estratexia de “**Xestión Sostible do Posto de Traballo**”, que se presentará en 2014.
- No marco do “*Convenio coa Asociación de Empresas Galegas de Software Libre para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción do software libre e de fontes abertas e o uso de estándares abertos en Galicia*” abordáronse os seguintes estudos no contexto de evolución cara o software libre.

- Guía para a implantación de solucións de software libre: Análise para a migración do posto de empregado público.
- Guía para a implantación de solucións de software libre: Análise plataformas de teleformación



2.1.4. Traslados de CPDs

Durante o ano 2013 iniciouse o traslado de CPDs ao Centro de Procesos de Datos Integral da Xunta de Galicia cuxa finalización está prevista para o 2015.

Alcanzáronse os seguintes resultados:

	% de CPDs trasladados
CPDs en proxecto	44,68%
CPDs integrados en Amtega	69,23%
CPDs non integrados en Amtega	14,29%

2.1.5. Ampliación dos sistemas de almacenamento e copias de seguridade

Subministración de diversas **ampliacións de sistemas de almacenamento e copias de seguridade** existentes na Xunta de Galicia coa finalidade de dimensionarlos adecuadamente aos procesos de consolidación e homoxeneización.

2.1.6. Adquisición de hardware para o CPD corporativo da Xunta de Galicia

Neste ámbito realizáronse varias actuacións:

- Actuación iniciada en 2012 e rematada en 2013 para la **adquisición dun sistema de almacenamento e de servidores orientados** a albergar proxectos de administración electrónica e outros servizos ofrecidos ás Entidades Locais
- Actuacións iniciadas en 2013 pero que se rematan ao inicio de 2014: **adquisición de servidores de sistemas críticos e adquisición de servidores para a consolidación de servizos nos centros de proceso de datos** destinados aos centros de proceso de datos e a distintas dependencias da comunidade autónoma de Galicia.

2.1.7. Adquisición de librerías de cintas

Adquisición de librerías de cintas que permitan a consolidación, aliñamento e ampliación das capacidades dos sistemas de copia de seguridade actualmente existentes.

- Librería de **cintas principal y transversal**, instalada no CPDi da Xunta de Galicia na Cidade da Cultura de Galicia.
- Librería de continxencia instalada no centro de respaldo da Xunta de Galicia do Edificio Administrativo de San Caetano.

2.1.8. Consolidación do mantemento da infraestrutura hardware existente nos centros de proceso de datos dependentes da Xunta de Galicia

Contratación dun servizo unificado e consolidado para o mantemento da infraestrutura hardware existente nos centros de proceso de datos dependentes da Xunta de Galicia. Están incluídas todas as intervencións necesarias para a resolución de incidencias e avarías para garantir o bo funcionamento da infraestrutura.

En atención á continua evolución tecnolóxica e a rápida obsolescencia á que se ve sometida a infraestrutura hardware, así como á progresiva migración e consolidación de equipamento, prevíuse no servizo contratado que durante a vixencia do contrato se produzan cambios na cantidade e características do equipamento inventariado inicialmente.

O servizo de mantemento inclúe todos os elementos hardware recolleitos no inventario de equipamento, así como todas as compoñentes existentes na súa configuración (discos internos ou externos, memorias, placas, controladoras, fontes de alimentación, etc.).

Tamén se inicia no 2013 o mantemento da infraestrutura básica do CPDi (sistema de climatización, sistema eléctrico, grupo electrógeno, ...)

Obxectivo 2: Administración eficiente

2.3. Interoperabilidade e homoxeneización de plataformas tecnolóxicas

As actuacións realizadas en 2013 relacionadas co incremento e homoxeneización dos sistemas de plataforma base recóllense no obxectivo operativo “2.4 *Implantación dunha xestión eficaz do gasto TIC*”, xa que tamén teñen relación directa con ese obxectivo.

As actuacións realizadas en 2013 relacionadas coa identificación e implantación progresiva da arquitectura corporativa recóllense no obxectivo operativo “2.5 *Mellora da calidade dos servizos prestados*”, xa que tamén teñen relación directa con ese obxectivo

Obxectivo 2: Administración eficiente

2.4. Implantación dunha xestión eficaz do gasto TIC

A finalidade deste plan é a centralización de compras de activos e de servizos TIC, a consolidación de contratos en servizos agregados de volume, e a monitoraxe económica de demandas, subministracións e medición.

Neste contexto de aforro inclúese tamén a substitución paulatina do modelo tradicional de adquisición de medios TIC por modelos de arrendamento con opción de compra.

2.4.1.- Unificación de licenzas de diversos recursos de xestión documental

Para avanzar na evolución e unificación dos sistemas corporativos da Xunta establecéronse acordos corporativos para a contratación dos servizos de acceso aos repositorios xurídicos de uso habitual na administración pública de Galicia. Trátase de empregar as bases de datos xurídicas máis completas que existen actualmente en España, sistemas integrais de información xurídica, con lexislación, xurisprudencia, bibliografía, códigos, formularios, etc.

Ademais proporcionan **utilidades e ferramentas** como a interrelación de contidos entre as bases de lexislación, xurisprudencia e doutrina; versións automáticas de vixencia das normas; iter xurisprudencial ou busca universal. Así mesmo, dispoñen dunha base de datos especializada en materia de convenios. Inclúense neste ámbito, adquisición corporativa dos repositorios xurídicos.

Coa contratación corporativa acadouse un aforro dun 30% sobre o custe de 2012.

2.4.2.- Unificación dos sistemas de xestión de posto de traballo e de contratos de prestación de servizo aos usuarios.

Como xa se mencionou noutros apartados desta memoria, durante o 2013, xestionáronse de xeito corporativo a adquisición de:

- Ferramentas de posto de traballo (antivirus, ferramenta de descubrimento, xestión remota, distribución de software),
- Ferramentas especializadas (para sistemas de información xeográfica),.
- Contratación de servizos unificados : soporte in-situ en centros non urbanos.

2.4.3. Administración de sistemas

Durante o ano 2013 continuáronse as actividades de administración, operación e mantemento da infraestrutura tecnolóxica que dá servizo ás aplicacións desenvolvidas pola Amtega.

2.4.4. Soporte e Mantemento de software base de servidor.

Durante o ano 2013 continuouse co soporte, mantemento e actualización de todas as licenzas de software de base de servidor da AMTEGA, integrándose boa parte destes servizos en contratos corporativos e iniciando a contratación centralizada dos restantes, que se formalizarán ao inicio de 2014

2.4.5.- Contratación dun xestor documental

Contratación dun **sistema de xestión documental** para os seguintes ámbitos de aplicación:

- **Dixitalización de expedientes xudiciais**
- **Rexistro xeral**

O sistema permite a xestión do ciclo de vida da información (ILM) en modo clúster de alta dispoñibilidade activo-activo e balanceo de carga para un número ilimitado de servidores. Incorpora ademais a posibilidade de replicación e transferencia entre repositorios, permitindo a distribución xeográfica dos almacéns físicos, así como a integración baseada en servizos web estándares e compatibles cos frameworks de desenvolvemento JEE e .NET.



2.4.6. Contratación dun sistema de procura de documentos

Contratación dun **sistema de procura de documentos** para continuar o servizo actualmente en funcionamento nos portais da Xunta de Galicia e que permite consultar todo o contido da organización mediante unha única plataforma tecnolóxica.

- Capacidade de procura en intranets, servidores web, portais, sistemas de ficheiros compartidos, bases de datos, sistemas de xestión de contido e datos en tempo real.
- Acceso a aplicacións en tempo real tales como sistemas de ERP, CRM e BI.
- Integración cos sistemas existentes de seguridade e control de acceso para proporcionar protección aos documentos.
- Compatibilidade con varios mecanismos de autenticación e de inicio de sesión único tales como Kerberos, LDAP4, autenticación básica e NTLM5, autenticación PKI6 con certificados X.509 e autenticación integrada sobre plataforma Microsoft Windows.
- Integración de hardware e software nunha única plataforma integral que simplifica a xestión e administración do sistema de procura.

Obxectivo 2: Administración eficiente

2.5. Mellora de calidade dos servizos prestados

Con este plan trátase de normalizar e institucionalizar o modelo de desenvolvemento de aplicacións, a través da definición de normativas de calidade, estándares e dunha única metodoloxía corporativa.

2.5.1. Calidade

A continuación enuméranse as principais actividades desenvolvidas no ámbito da calidade:

- Elaboración dos contidos da proposta da **carta de servizos da Amtega**.
- Creación dunha **base de datos de xestión da configuración (CMDB) corporativa**.
- Implantación do procedemento de alta **de proxectos** homoxeneizada e aliñada coas ferramentas corporativas (Subversión, Redmine, xestor documental) e a xestión da configuración.
- Coordinación do procedemento de revisión de pregos TIC de organismos non integrados na Amtega.

2.5.2. Arquitecturas tecnolóxicas

Ao final do ano iniciouse unha nova liña de traballo para mellorar o **control da calidade** da documentación técnica xerada e o software desenvolvido na Amtega.

Exponse ademais como obxectivo definir unha **arquitectura tecnolóxica de referencia** para o desenvolvemento de aplicacións na Amtega.

Obxectivo 2: Administración eficiente

2.6. Instauración de políticas de seguridade da información

Con este programa preténdese reforzar a confianza do cidadán nos procesos electrónicos realizados coa administración e optimizar os gastos en seguridade adecuándonos aos riscos.

2.6.1. Seguridade

No ámbito da Seguridade realizáronse tarefas de xestión e **supervisión da seguridade corporativa** da Xunta de Galicia e seguimento do **cumprimento normativo en materia de protección de datos de carácter persoal**. Entre outras leváronse a cabo as seguintes iniciativas:

- **Adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade**: revisión do cumprimento das medidas de seguridade requiridas polo ENS para os servizos e a información xestionados pola Sede electrónica da Xunta de Galicia.
- **Proposta de Decreto de creación da Comisión de Seguridade e Goberno electrónico**.
- **Elaboración de políticas e procedementos de seguridade**: control de acceso físico e lóxico aos sistemas de información da Amtega, co fin de asegurar o cumprimento da lexislación aplicable.
- **Posta en marcha dunha plataforma corporativa de cifrado**: instalación dunha plataforma de cifrado para garantir a confidencialidade da información que o precise. O proxecto inclúe cifrado de computadores persoais, cartafoles e arquivos, dispositivos móbiles e mensaxes de correo electrónico.
- **Análise das vulnerabilidades** de aplicacións e servidores.
- **Elaboración de material formativo** en materia de seguridade da información.
- **Xestión da plataforma de antivirus corporativa**.
- **Resolución de consultas en materia de protección de datos** de carácter persoal que se reciben da Amtega e das diferentes unidades da Xunta de Galicia.
- **Estudo de solucións tecnolóxicas** no campo da seguridade de sistemas de información.
- **Sistema de correlación de logs**: estudo das necesidades para a adopción dun sistema que permita reforzar a seguridade lóxica dos sistemas de información da Amtega e a auditoría eficaz dos eventos sospeitosos detectados na infraestrutura e as aplicacións.



2.6.2. Servizo de certificación

Durante o ano 2013 continuouse coa prestación do **servizo de certificación electrónica** a través da *Fábrica Nacional de Moneda y Timbre*. Este servizo proporciona os medios

técnicos, administrativos e de seguridade necesarios para garantir a eficacia da emisión e recepción de comunicacións e documentos de carácter electrónico.

2.6.3. Servizo de soporte de software de seguridade

Actualizouse o **soporte do software de seguridade** que protexe o sistema de correo electrónico e permite analizar a seguridade dos aplicativos web antes da súa publicación.

Obxectivo 2: Administración eficiente

2.7. Impulso ao software libre

Durante o ano 2013 a Amtega seguiu apostando decididamente polo fomento e promoción do Software libre e dos estándares abertos no sector empresarial, na sociedade e na Administración, para avanzar cara a un modelo produtivo máis sustentable e unha Administración máis eficiente e próxima á cidadanía.

2.7.1. Software Libre na Administración Eficiente

- Elaborouse unha **folla de ruta para a migración a Software Libre** do posto de traballo do empregado público en colaboración con AGASOL.



- Varias **aplicacións da Xunta de Galicia foron liberadas** (sistema de videoconferencias, xestor de transaccións en linguaxe java, aplicacións de hostalería e turismo, etc.).
- **Estado da arte** de diferentes **ferramentas de teleformación** de Software Libre para a súa implantación na Administración.
- Realización de Xornadas **de Difusión dos Servizos da Oficina de Software Libre** da Xunta de Galicia. Cabe destacar a *Xornada de Difusión dos Servizos da Oficina de Software Libre á Asesoría Xurídica*

- Participación da Amtega nos congresos:
 - Congreso Epyme: “Por que utilizar software libre se son unha PEME?”.
 - II Edición do Congreso de Software Libre organizado por IGACIENCIA.

2.7.2. Software Libre para a Cidadanía Dixital

- Asináronse **convenios de colaboración para o impulso do Software Libre** con diferentes asociacións:
 - Asociación Galega de Usuarios de Software Libre (AGUSL)
 - Consorcio Interuniversitario das Universidades Galegas (CIXUG)
 - Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL)
- **VI Premio ao Mellor Proxecto Fin de Carreira con Software Libre**, organizado pola Amtega coa colaboración de CIXUG e a AGUSL.
- Publicación dos **cursos de formación elaborados na rede CeMIT** no Repositorio Documental de Software Libre a través do convenio de colaboración con CIXUG.

- Publicación e difusión de 132 **noticias sobre Software Libre** no portal mancomun.org durante 2013.

2.7.3. Software Libre na empresa

- Publicación do **Catálogo de Empresas Galegas de Software Libre**, de forma coordinada coa publicación dos servizos web do MapaTIC.gal no portal abert@s e do código fonte do directorio na Forxa.
- Implantación da **nova distribución de Linux** en CDTIC que conta cun escritorio baseado na contorna gráfica de GNOME 3.
- **Xornadas prácticas sobre ferramentas de software libre** para empresas no CDTIC.
- Presentación da **Guía de Software Libre para Profesionais Autónomos** en colaboración con AGASOL.
- Actividades de difusión das vantaxes que o Software Libre ten para as pemes en diversas xornadas no CDTIC e durante a realización de asesoramentos TIC a empresas.

2.7.4. Ademais...

- Resolución de 86 **consultas sobre software libre** procedentes de cidadáns , empresas e outras administracións públicas durante o 2013.
- Coordinación e seguimento da solicitude realizada a Google para a **tradución ao galego de Android e das Google Apps**.
- Máis de 25.100 horas de formación en software libre.



Obxectivo 3: Cidadanía dixital

Obxectivo 3: Cidadanía Dixital

3.1. Transformación da educación a través da incorporación das TIC á escola, proxecto ABALAR

O obxectivo principal deste programa é a mellora do sistema educativo a través da integración plena das TIC na práctica educativa, como motor dese proceso de modernización, cambio e mellora. Este programa posibilitará a modernización do sistema educativo, a mellora das capacidades TIC entre profesores e alumnos e a mellora da calidade na educación, o cal redundará nunha redución do fracaso escolar.

3.1.1. Proxecto Abalar

A través deste proxecto perséguese a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia. Este plan busca converter os colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais (CED).

As principais actuacións realizadas en 2013 son:

- Instalación de 530 aulas para completar un total 2014 aulas Abalar a 31/12/2013.
- Instalación de servidores de centro, SAI's, e equipos de comunicacións nos centros
- Seguimento do uso do equipamento Abalar
- Colaboración no desenvolvemento de contidos educativos dixitais (bacharelato) e na súa catalogación e publicación.
- Migración dos contornos virtuais de aprendizaxe a versións máis avanzadas e con máis funcionalidades (preto de 900 centros).
- Evolución do espazoAbalar, co desenvolvemento de novas funcionalidades e unha nova vía a través de aplicación móbil abalarMóbil, cun piloto operativo en varios centros educativos.
- Desenvolvemento e promoción da Rede Profesional do profesorado (Redeiras).



3.1.2. Dotación de equipamento informático e comunicación aos centros educativos públicos

Dotación aos centros educativos públicos de ensinos non universitarios das comunicacións internas e de acceso á Rede Corporativa da Xunta de Galicia, e do equipamento micro-informático (computadores persoais, portátiles, pizarras



dixitais, proxectores, servidores de centros, etc.) nas dependencias administrativas e educativas.

- **Rexistro e xestión das solicitudes** dos centros educativos.

Dotación de material TIC aos centros: a través do equipamento adquirido no concurso 2011/2012 co que se dotou de equipamento aos centros educativos, en especial en atención ás peticións de equipamento para ciclos de FP, alumnado con necesidades de atención especializada, necesidades administrativas dos centros, roubos e sinistros.

Obxectivo 3: Cidadanía dixital

3.2. Programa de acreditación de competencias dixitais

Ten a finalidade de garantir que o conxunto da poboación galega teña a posibilidade de estar capacitado dixitalmente para mellorar o acceso ao emprego de calidade, así como certificar as competencias dixitais mediante un sistema de acreditación que poida ser recoñecido polo sector público e polo sector privado.

3.2.1. Acreditación de competencias dixitais

No plan de formación 2013 impartíronse 7 cursos para persoal TIC (6 deles específicos para o persoal das delegacións territoriais) e puxéronse a disposición do persoal autonómico, 2.500 prazas de teleformación e 3.500 por libre para o Plan Formativo Ofimático de Galicia. Este plan dá soporte á certificación en competencias dixitais en ofimática de Galicia, na que se entregaron uns **850 certificados acreditativos** (CODIX Ofimática), consecuencia da constatación mediante as probas de nivel correspondentes, organizadas por Amtega ou por outras entidades promotoras no marco dos convenios asinados entre estas e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en cumprimento do Decreto de Certificación en Competencias Dixitais.



Ao abeiro do anterior convenio, subscribíronse outros adicionais coas organizacións sindicais CSI-F (Central Sindical independente e de funcionarios) e CCOO (Comisións Obreiras), o Concello da Coruña, a AGASP (Academia Galega de Seguridade Pública) e co Ingacal (Instituto Galego da Calidade Alimentaria), no marco do Plan Formativo Ofimático de Galicia, descrito no Decreto 218/2011, de 7 de novembro, polo que se regula a certificación en competencias dixitais en ofimática de Galicia (publicado no DOG núm. 229 de 30 de novembro de 2011).

En canto ao Plan de Formación Ofimática para o persoal TIC das delegacións territoriais, realizouse no último trimestre do 2013 no marco do convenio co Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG) e desenvolveuse en modalidade mixta (teleformación e clases presencias nas cinco delegacións territoriais: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo). Os cursos impartidos foron seis: Seguridade da información e protección de datos de carácter persoal, Administración electrónica, Fundamentos de ITIL, Ofimática e software libre, Windows 7 e directorio activo e Xestión de proxectos.

Obxectivo 3: Cidadanía dixital

3.3. Rede CEMIT

A rede de Centros para a modernización e inclusión Tecnolóxica de Galicia púxose en marcha en 2011 co obxectivo de fomentar o uso das novas tecnoloxías entre a sociedade galega, en especial entre os colectivos afectados pola fenda dixital.

3.3.1. Protocolos de Adhesión á Rede CeMIT

Ao remate do ano 2012 asinouse un acordo de prórroga do protocolo de adhesión á Rede CeMIT entre os concellos e a Amtega. O acordo da continuidade aos anteriores protocolos de adhesión asinados en 2011 **por 51 concellos dos 92 concellos pertencentes á Rede** que permitiron levar a cabo accións de alfabetización dixital e actividades de dinamización das novas tecnoloxías.

3.3.2. Reforzo dos recursos para dar servizo da Rede

Doutra banda, a Amtega continúa investindo na homoxeneización das aulas da Rede, mellorando a calidade das mesmas mediante a incorporación dos medios necesarios para a unificación das aulas con equipamento de similares características, posibilitando:

- Espazos de difusión das novas tecnoloxías equipados con sistemas **de videoconferencia profesionais** con capacidade para conectarse entre as 98 aulas, ofrecendo un amplo abano de posibilidades na retransmisión de actividades e na súa difusión ao longo da xeografía galega. Espazos preparados para impartir **cursos de alfabetización dixital nas TIC** de forma directa e próxima á cidadanía con maior risco de exclusión.

Dada a importancia da páxina web como principal canle de difusión e comunicación da Rede CeMIT coa cidadanía creouse unha nova versión en 2013, obtendo un gran impacto como demostran as seguintes cifras:

- Máis de 82.000 visitantes
- Máis de 29.000 usuarios rexistrados
- Máis de 445.000 visitas
- Máis de 2.000.000 de páxinas lidas

Este renovado portal conta con novas funcionalidades que melloran a usabilidade e orientación aos usuarios. Dispón dun espazo privado no que o usuario pode consultar a súa actividade, recibir comunicacións do centro, consultar cursos do seu centro de referencia, etc.



3.3.3. Modelo de funcionamento

En maio de 2013 iniciouse unha nova liña de colaboración entre a Rede CeMIT e os axentes sociais e organismos oficiais de Galicia mediante un **Convenio Marco de Colaboración** entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede. O acordo permite potenciar o traballo desenvolvido por estas entidades de carácter social poñendo á súa disposición os recursos cos que conta a Rede para a realización de actividades de alfabetización de grupos en risco de exclusión dixital. En concreto:

- **23 entidades** asinaron xa o Convenio desde a súa posta en marcha.
- Entre estas 23 entidades inclúense algunhas de gran importancia como Cruz Vermella, Cáritas, Cogami ou o Colexio Oficial de Traballo Social.

Para afianzar os avances en alfabetización dixital logrados a Amtega traballa na definición dun novo modelo de Rede con horizonte 2020, mediante a elaboración do **Plan de Inclusión Dixital**. Nunha primeira fase de redacción definíronse os escenarios necesarios para a consecución dos obxectivos de inclusión dixital marcados a nivel nacional e europeo.

No mes de decembro iniciouse a segunda fase coa aprobación polo Consello de Goberno do convenio de colaboración entre a Amtega, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a FEGAMP, que será asinado en 2014.




Con este convenio de colaboración garántese a continuidade e mellora dun servizo fundamental para reducir a fenda dixital e mellorar a empleabilidade no sector das TIC.

A Amtega presentará o **Plan de Inclusión Dixital de Galicia no primeiro semestre de 2014**.

3.3.4. Plan formativo

Dende a súa posta en marcha, a Rede CeMIT achegou as novas tecnoloxías a máis **de 32.300 persoas e impartiu case 99.000 horas de formación**. Durante o 2013, no marco do plan de formación da Rede CeMIT, alcanzouse un incremento do 50% no número de usuarios rexistrados respecto ao ano anterior.

No seguinte gráfico móstranse os principais logros alcanzados no 2013:



Doutra banda, durante o 2013 desenvolvéronse actividades de teleformación a través do

Espazo Multimedia de Aprendizaxe (EMA). Trátase dunha plataforma libre para a alfabetización dixital en calquera punto xeográfico que, desde a súa posta en marcha en maio de 2012, rexistrou case 32.000 accesos.

Continuando o labor iniciado en 2012 púxose en marcha no mes de xaneiro unha iniciativa específica destinada ao emprendemento das mulleres de zonas rurais: “**Miradas de muller**”.

Conseguiuse a seguinte participación:

- **32 concellos**
- **Máis de 300 mulleres** asistiron ás xornadas presenciais.
- **Máis de 360 mulleres** galegas inscribíronse na plataforma:
 - A participación galega na plataforma é de media o **70% da participación nacional**.
 - Resultaron usuarias destacadas nos traballos fotográficos realizados.



A final de ano repetiuse a **iniciativa Papá Noel**, aberta á participación de nenos de diversas localidades galegas. Esta iniciativa, que convocou en 2013 a 1.700 nenos de 30 centros educativos, permítelles manter unha videoconferencia con Papá Noel.

Doutra banda, conseguíuse aumentar o impacto das xornadas formativas realizadas por outros organismos mediante a posibilidade de empregar os sistemas de videoconferencia da Rede, permitindo chegar a un maior número de núcleos poboacionais e localidades especialmente illadas.

Como resultado, durante 2013 retransmitíronse distintas xornadas de formación das TIC a través dos sistemas de videoconferencia impartidas por recoñecidos profesionais do sector (CDTIC, CNTG e VoldIX):

- **16 xornadas retransmitidas** a través dos sistemas de videoconferencia, transformadas en máis de 125 **accións formativas**.
- Matriculáronse máis de 700 **usuarios**.
- Alcanzouse unha participación de 39 **concellos**

3.3.5. Xornadas Uso responsable das Redes Sociais polos menores

O obxectivo desta xornada foi informar e concienciar aos pais, nais, titores e á sociedade en xeral da importancia de facer un bo uso de internet e as redes sociais, como convivir con elas e dar a coñecer as súas principais ameazas.

Ademais, facilitouse a difusión de consellos xerais para a protección dos equipos nos fogares, desde un punto de vista técnico e mediante recomendacións de sentido común sobre o bo uso da tecnoloxía.

Esta actividade intégrase no convenio de colaboración para o ano 2013 co **Colexio Profesional de Enxeñeiros Técnicos de Informática de Galicia**. Puxéronse a disposición desta iniciativa as aulas da Rede CeMIT conseguindo levar a cabo 2 xornadas formativas retransmitidas por videoconferencia, permitindo chegar a máis de 15 localidades distintas.



Obxectivo 3: Cidadanía dixital

3.4. Voluntariado Dixital

Esta iniciativa ten o obxectivo principal de achegar as nova tecnoloxías á vida cotiá dos cidadáns mediante a colaboración de persoas voluntarias, para fomentar a inclusión social mediante o uso das novas tecnoloxías.

O protocolo de colaboración cos mecenas dixitais e as entidades colaboradoras asinou-se en xuño e durante o ano pasado alcanzáronse as seguintes cifras:

- Adheríronse ao protocolo máis de 340 **voluntari@s dixitais**, dos cales 260 realizaron actividades de apoio en entidades de acción social galegas
- Adheríronse **78 entidades colaboradoras**, das cales 14 son organismos colaboradores, 41 entidades de acción voluntaria e 23 mecenas dixitais.
- As actividades do programa beneficiaron a 4.300 **persoas** pertencentes a 5 colectivos (maiores, persoas con discapacidade, reclusos, persoas desempregadas e entidades do terceiro sector).



A continuación enuméranse as principais actividades realizadas no marco do Programa de Voluntariado Dixital VOLDIX:

Proxectos orientados ao colectivo de persoas maiores:

- **Proxecto Santa Comba na memoria:** o voluntario dixital do programa encargouse de etiquetar e engadir comentarios a miles de documentos gráficos achegados polos veciños.
- **Proxecto Envellecemento activo da Asociación Sociocultural Os Tilos:** un voluntario dixital de preto de 70 anos, decidiu compartir as súas nocións informáticas con outras persoas atraídas polo mundo das TIC
- **Posta en marcha e dinamización da aula de informática na parroquia dos Rosales (A Coruña):** impartición de formación e novo equipamento por 3 voluntarios dixitais



Proxectos de colaboración coas entidades adheridas ao programa:

- **Tecnoloxía e software libre en Centros Penais Galegos:** talleres tecnolóxicos que permitan aos internos adquirir os coñecementos para poder en marcha un aula informática con software libre e xestionada por eles mesmos.
- **Centro de recursos para persoas con gran discapacidade física da comarca de Lugo:** asesoramento tecnolóxico sobre produtos e servizos. Máis axeitados para as persoas do centro
- **EDUCA R:** profesionais de R impartiron charlas en centros de Primaria e Secundaria para formar a familias e profesorado sobre o uso seguro das TIC polos máis pequenos.

- **Proxecto “Espazos de Procura Activa de Emprego”**: voluntarios dixitais e de Cruz Roja colaboran no servizo de orientación e procura de emprego.

Promoción da investigación e a innovación no ámbito da tecnoloxía social:

- **Xornada de boas prácticas para a inclusión social**: 11 empresas tecnolóxicas expuxeron 13 solucións orientadas a persoas con discapacidade, maiores e dependentes.
- **Proxecto UnimaísTIC**: celebrouse unha xuntanza formal coas oficinas de voluntariado das universidades, escolas e facultades técnicas e colexios profesionais para a análise da articulación do proxecto así como a participación na V xornada Empresa-Universidade RedPir.

Foros orientados ao fomento do emprego nas profesións dixitais:

- **Foro “Identidade Dixital e procura de emprego”**: participaron 4 voluntarios dixitais expertos no ámbito de RRHH e identidade dixital (InfoJobs, R, Blogue Laboral news, EGA Consultores).
- **Foro “Novos perfís profesionais na era dixital”**: 9 voluntarios dixitais comparten a súa experiencia como community manager, professional blogger ou analista web.

Promoción da innovación social:

- **Foro “Redes Sociais e Comunicación 2.0”**.
- **Proxecto RSE-TIC**: asinouse un convenio de colaboración RSE TIC entre a AMTEGA, a Consellería de Traballo e Benestar e as asociacións do sector TIC Organización da Xornada “Boas prácticas de Responsabilidade Social Empresarial no sector TIC galego”.
- **Plataforma Crowdfunding Agora máis que nunca. Colaboración coa Cruz Vermella no proceso de difusión da plataforma mediante voluntarios dixitais.**

Proxecto SOCIALMAIS TIC: fomento da profesionalización do terceiro sector a través das TIC:

- **Reunión cos responsables de SOCIALIA** para facer extensibles os apoios profesionais que presta este programa ás entidades integradas en Voldix
- **Xornadas formativas “Redes sociais e comunicación 2.0”** dirixidas a entidades do terceiro sector, participación de máis de 1000 asistentes.
- **Participación na Xornada “SinergiaCRM”** orientada a amosar ao Terceiro Sector unha ferramenta para xestionar de forma eficiente, integral e estratéxica as relacións coa súa base social estendida.

Avances no proxecto MáisCLICK:

- Participación dunha representante da plataforma GOTEIO nas **Xornadas formativas “Redes sociais e comunicación 2.0”** en calidade de experta en Crowdfunding

Outras actuacións:

- Participación no seminario de contacto europeo Grundvitg.

Así mesmo, a Comisión Europea seleccionou o Programa de Voluntariado Dixital para ser analizado en 2014 como exemplo de boa práctica en materia de inclusión social a través das TIC.

Obxectivo 3: Cidadanía dixital

3.5. Modernizar a catalogación e difusión do patrimonio e bens de interese cultural

O obxectivo deste programa é promover as ferramentas tecnolóxicas que garanten un soporte ás necesidades anteriormente descritas para a correcta descrición, conservación e preservación dixital (no seu caso), catalogación, normalización, estandarización e difusión dos bens culturais que se xestionan desde arquivos, bibliotecas e museos dependentes da Xunta de Galicia, do ámbito local ou outros, e que se estima aproximadamente en 2.000 puntos de servizo.

Durante o ano 2013 a actividade neste ámbito centrouse en:

- Garantir a continuidade dos sistemas vixentes. Inventariar e aliñar as iniciativas neste ámbito de actuación.
- Por en marcha proxectos que se desenvolverán fundamentalmente no ano 2014.
- Identificar as necesidades básicas no eido do soporte e infraestruturas.

3.5.1. Mantemento e evolución de sistemas de información

- **Asegurouse a continuidade** de todos os sistemas en produción. Destacan os relevantes en cada un dos seguintes ámbitos:



Bibliotecas xestionadas: 24 con AbsysNET, 1492 con Meiga, 5 co sistema Koha.

Plataforma de control de equipos públicos en 148 bibliotecas

Arquivos municipais xestionados: 13 con Albalá, 133 con Xaral.

Museos que manexan Domus: 7 museos

- Sistemas para a xestión da rede de bibliotecas de Galicia: Absys nas Bibliotecas Nodais, Meiga nas bibliotecas municipais. E os sistemas dependentes delas.
- Sistema de control de equipos públicos en bibliotecas públicas.
- Sistema para a xestión dos arquivos dependentes da Xunta de Galicia: Albalá.
- Sistema para a xestión dos arquivos municipais: Xaral.
- Sistema para a xestión dos fondos dos museos dependentes da Xunta de Galicia: Domus.
- Sistema básico de xestión do patrimonio.

- De xeito específico **no eido da rede de bibliotecas**:
 - Púxose en marcha unha nova edición de LerContaMoito, así como un blog de difusión da iniciativa.
 - Realizouse a actualización da enquisa de Bibliotecas.
 - Actualizouse o portal da Biblioteca de Galicia <http://bibliotecadegalicia.xunta.es>
- De xeito específico **no eido de arquivos**, actualizouse o espazo en internet do Sistema de Arquivos de Galicia: <http://arquivosdeg Galicia.xunta.es>
- De xeito específico **no eido de patrimonio**, avanzouse na definición das fichas e desenvolvemento para a súa publicación dos Bens de Interese Cultural (BIC):
 - Desenvolvemento de novas funcionalidades, adaptación do interface a nova estrutura e carga de datos no módulo común
 - Adaptación do interface do Módulo de Protección do Patrimonio



3.5.2. Posta en marcha e inicio de proxectos

Iniciáronse na maior parte dos ámbitos, proxectos que terán resultados visible no vindeiro 2014. Mencionanse a continuación os mais salientables:

- **Nova web da S.X. de Cultura.** Deseñouse e iniciouse o desenvolvemento dunha nova web da S.X.de Cultura, incluíndo a **xestión dunha Axenda Cultural**, e a publicación dos Bens de Interese Cultural.
- Sistema de xestión bibliotecaria:
 - Como resultado da análise feita pola Rede de Bibliotecas Nodais, se estableceron os requisitos e características do novo sistema de Xestión Bibliotecaria.
 - Abordouse o deseño do novo web da Rede de Bibliotecas de Galicia.
 - Abordouse o deseño do catálogo de publicacións institucionais.

Todas estas propostas foron **presentadas na Comisión de Bibliotecas**. A fase de execución e implantación destas iniciativas realizarase en 2014.

- Iniciouse o proxecto de deseño e construción do **Arquivo Dixital Histórico de Galicia**, aliñado co proxecto ARPAD. O desenvolvemento deste proxecto continuará no 2014.
- Iniciouse o desenvolvemento do módulo de **Denuncias e Sancións** dentro da aplicación do Inventario do Patrimonio Cultural.

- Creación do **novo espazo en internet de difusión da rede de museos**, substituíndo e mellorando o actual museosdegalicia.com:
 - Abordouse o deseño e desenvolvemento do portal: museos.xunta.es
 - De xeito colaborativo con todos os museos recopílanse contidos para a integración do espazo de difusión.



O portal presentárase en 2014.


3.5.3. Infraestruturas nos Arquivos, Bibliotecas e Museos

E obxectivo desta Axencia a renovación, mellora na xestión da infraestrutura TIC dos arquivos, museos e bibliotecas. Durante o 2013, iniciouse este proceso progresivo de ordeación destas infraestruturas, así:

- Licitouse e púxose en marcha o servizo de configuración dun CAU único de Arquivos, Bibliotecas e Museos, e do seu soporte in-situ.
- Renovación do modelo de copias de seguridade.
- Ampliación da capacidade de liñas de comunicacións en bibliotecas e museos

3.5.4. Ademais...

Coincidindo coa celebración do 20 aniversario do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), púxose en marcha o novo espazo en internet: <http://cgac.xunta.es>



O Portal do Centro Galego de Arte Contemporánea. Inclúe información sobre este espazo, destinado á difusión da diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea, incluíndo actividades, cursos, xestión... na súa última versión engade unha axenda de eventos e accesos ás súas redes sociais.

Data de publicación: decembro de 2013

<http://www.cidadedacultura.org>

Obxectivo 3: Cidadanía dixital

3.6. Impulso á ordenación, normalización e dinamización lingüística a través das TIC

Inclúense neste apartado as actividades relativas a a utilización das TIC como ferramenta para o impulso da ordenación, normalización e dinamización do uso adecuado da lingua galega: Posta en marcha de sistemas normalizados de tradución automatizada, ferramentas e sistemas para a dinamización e normalización lingüística, políticas de aplicación da linguaxe na administración pública, etc.

3.6.1. Sistema de tradución automatizada – GAIO

En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral de Política Lingüística, ponse en marcha un novo sistema de tradución automatizada para a súa utilización na Administración Pública Autonómica, Administración Local e Administración de Xustiza en Galicia.



Atópase publicado na dirección <http://gaio.xunta.es>

- Desenvolvemento e instalación do sistema gaio.xunta.es que inclúe:
 - Portal de tradución de documentos en múltiples formatos, tradución de textos.
 - Sistema de tradución automatizada para a integración con sistemas de xestión.
 - Dicionario personalizado con terminoloxía específica administrativa, órganos de goberno e microtoponimia, especialmente importante o eido local.
- Posta a disposición dos usuarios mediante a publicación do acceso nas intranets: intranet.xunta.es, intranetxustiza.xunta.es, intranet.sergas.es, eidolocal.es.

Lévese a cabo a presentación **pública** do sistema en novembro **de 2013**.

3.6.2. Dicionario Xurídico en Liña

Publicación da versión on-line do Dicionario Xurídico Galego, resultado dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Editorial Xerais:

- Configuración do acceso ao sistema.
- Posta a disposición dos usuarios mediante a publicación do acceso nas intranets: intranet.xunta.es, intranetxustiza.xunta.es, intranet.sergas.es, eidolocal.es

3.6.3. Enciclopedia Galega Universal e Dicionario Enciclopédico

Tramitación da adquisición da infraestrutura de publicación da Enciclopedia Galega Universal e Dicionario Enciclopédico Galego, para a súa posta a disposición de toda a cidadanía.

3.6.4. Ademais...

Ademais das actuacións anteriores xa previstas, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Reordenación dos espazos de recursos lingüísticos na Intranet da Xunta de Galicia e na Intranet de Xustiza .
- Avaliación continuada da presenza da lingua galega no desenvolvemento en Internet da Administración Pública Galega.

Obxectivo 3: Cidadanía dixital

3.7. Ordenación e impulso da presenza da administración pública en Internet


Seguindo o modelo definido no **Decreto 201/2011, do 13 de outubro**, a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet evoluciona de xeito notorio a través de diversas liñas de traballo nas que se continuou avanzando ao longo de 2013 co obxectivo de:

- Mellorar a calidade da presenza das institucións
- Fomentar as áreas vinculadas á divulgación da identidade cultural, patrimonial, lingüística e social galega, dando a coñecer aspectos máis diferenciais da nosa comunidade
- Fomentar as áreas temáticas de servizos, promoción da accesibilidade, impulso das actuacións vinculadas ao goberno aberto e á transparencia
- Promover canles de participación cidadá e mellorar a interrelación coa cidadanía dun xeito dinámico e continuo
- Promover a reutilización de información do sector público.


3.7.1.- Coordinación do catálogo de portais e redes sociais

A evolución do catálogo de portais web da Xunta de Galicia en 2013 reflicte a evolución agardada en canto á:

- **Redución no número de portais web**, camiñando así cara a un modelo máis coherente, simplificado, racional e eficaz procedendo a:
 - Simplificar a rede de portais para favorecer a localización dos contidos que procuran os cidadáns
 - Integrar portais para un mellor aproveitamento dos recursos en beneficio da súa utilización común por todos os departamentos
 - Eliminar os portais obsoletos e de baixo interese para a cidadanía
- **Incremento de iniciativas nas redes sociais**, coas que se promoven canles de participación para mellorar a interrelación coa cidadanía dun xeito dinámico e continuo. Aínda que tamén permite establecer a necesidade de focalizar nas pautas de uso das redes por parte da administración pública galega.



A seguinte gráfica mostra a situación actual respecto da distribución de portais e redes por departamentos e organismos dependentes a decembro de 2013.



3.7.2. Presenza nas redes sociais

A finais de 2013 o catálogo de redes sociais da Administración galega en internet ascende a un **total de 210 iniciativas** nas redes sociais.

Facebook, Twitter e YouTube son as canles máis empregadas. Xuntas representan o 74% da actividade. Nestas canles o número de seguidores acada os 393.685, o que supón un incremento do **199%**.

O seguinte gráfico recolle a evolución de seguidores da última anualidade, na que destaca o crecemento da rede **Twitter**:

Canle	2012	2013
Seguidores Facebook	140.772	240.430
Seguidores Twitter	69.341	148.879
Seguidores YouTube	2.594	4.376
TOTAL	212.707	393.685

3.7.3. Portal web da Xunta de Galicia

O portal web da Xunta de Galicia, **referente dos servizos** da Administración Pública galega en internet, recibiu en **2013** un total de **10.177.746 visitas**, con **3.240.456 visitantes distintos**.

Xunta.es é obxecto de mellora continua co fin de facilitar e axilizar o acceso da cidadanía á información e aos servizos electrónicos, de **reorganizar os contidos de interese** en base a categorías máis próximas ao cidadán (fronte á estrutura organizativa da administración) e **potenciando os servizos participativos** e de relación coa cidadanía.

Ademais de continuar avanzando nestas liñas, durante o 2013 acometéronse diversas **melloras de usabilidade e accesibilidade** para facilitar a localización de contidos de interese no portal corporativo e puxéronse en marcha novos servizos. Destácanse, como actuacións máis relevantes deste ano:



Nova versión do **buscador corporativo**, con melloras tanto desde o punto de vista da usabilidade e presentación dos resultados no portal (novos filtros de busca avanzada; presentación do listado de resultados por tipo de contido, data ou sitio web...) como desde o punto de vista da indexación dos portais de Xunta: incluíndo contidos ad hoc a partir dunha análise das consultas máis frecuentes realizadas polos usuarios/as do portal.



Servizos no mapa: nova aplicación que a Xunta pon a disposición da cidadanía, que ten por obxectivo a localización de servizos da Administración pública, tanto autonómica como estatal e local. Esta funcionalidade dispón, ao peche de 2013, de máis de 6.300 recursos xeorreferenciados, aos que se seguirán incorporando, de xeito progresivo, novos tipos de servizos co obxectivo de converterse nunha guía de referencia para coñecer os datos de contacto e localización destes no territorio.

Integráronse na web institucional durante o 2013 **dúas novas áreas temáticas**, substituindo a portais dispersos, relativos a recursos humanos. Co que se conseguiu reducir portais dispersos a manter, e homoxeneizar o eido de recursos humanos:


[Goberno e institucións](#)
[Consellería de Facenda](#)
[Función pública](#)

Función pública e xestión de recursos humanos

 [Procesos selectivos](#)
 [Listas de contratación](#)

 [Fondo de acción social](#)
 [Verificacións e descargas](#)

CONVOCATORIAS

Procesos selectivos

11/03/14  - 2077 - ESCALA DE ENXEÑEIRO/S TÉCNICO/S AGRÍCOLAS
 ESCALA DE ENXEÑEIRO/S TÉCNICO/S AGRÍCOLAS: Nota aclaratoria sobre as normas de dereito positivo obxecto do primeiro exercicio.
[NOTA ACLARATORIA.](#)

11/03/14  - 206N - ESCALA DE AXUDANTES DE ARQUIVOS (CONSOLIDACIÓN)
 ESCALA DE AXUDANTES DE ARQUIVOS (CONSOLIDACIÓN): Nota aclaratoria sobre as normas de dereito positivo obxecto do primeiro exercicio.
[NOTA ACLARATORIA.](#)

Contratación temporal

27/02/14 - 2062 - CORP DA XUNTA DE GALICIA, E CAMIÑOS, CANLES E PC
 Consecuencia do remate: actualizáronse as puntuacións do apartado I do baremo e posición dos interesados.

11/12/13 - 004 - GOBERNOS DOMÉSTICOS
 Consecuencia do remate: actualizáronse as puntuacións do apartado I do baremo e posición dos interesados.


[Goberno...](#)
[Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e](#)

Prevención de Riscos Laborais


 [Petición de recoñecemento médico anual](#)

 [Embarazo e lactación natural](#)

Campaña de vixilancia da saúde 2014

1 2 3 4 5 6

RISCOS LABORAIS NOS POSTOS DE TRABALO

Manuais

- [Manual de prevención no embarazo e a lactación natural](#)
- [Manual para a prevención de riscos laborais na defensa contra incendios forestais](#)
- [Manual de prevención de riscos para condutores/as](#)
- [Manual para persoal de medio ambiente](#)
- [Manual de ergonomía en oficinas](#)

Fichas

- [Ficha de riscos xenéricos](#)
- [Ficha para a prevención de riscos esqueléticos. Manexo co](#)
- [Ficha de pantallas de vis](#)
- [Ficha de aplicación de he](#)
- [Ficha de primeiros auxilios](#)

[Máis \[+\]](#)

No marco das accións de homoxeneización de accesos aos contidos e integración de portais para unha xestión máis racional e eficaz destes, o portal da Xunta de Galicia incorporou ás súas páxinas, nunha única subportada, toda a información dispoñible ata ese momento no que era portal da Dirección Xeral da Función Pública. Creouse así, unha nova sección en específica para a **“Función pública e a xestión de recursos humanos”**. <http://www.xunta.es/funcion-publica> na que se pon a disposición dos cidadáns e empregados públicos toda a información da política de persoal da Administración da Xunta de Galicia.

Na mesma liña de traballo, abordouse tamén integración do contido do antigo portal <http://webriscos.xunta.es> nunha nova sección do portal da Xunta para promover **a política de seguridade e saúde laboral e a organización da prevención da Xunta de Galicia**. Con esta nova subportada, dirixida ao colectivo dos traballadores e traballadoras da Administración xeral da Xunta de Galicia, melloráronse cuestións (respecto do anterior portal) como: novo deseño, melloras na usabilidade e accesibilidade, acceso aos contidos en galego e castelán, maior visibilidade da sección, facilidades para a actualización de contidos, novas seccións...

3.7.4.- Catálogo de aplicacións de mobilidade

A Xunta de Galicia responde á demanda de contidos adaptados aos dispositivos móbiles co desenvolvemento de aplicacións que identifica baixo a súa autoría para aumentar a confianza e fiabilidade dos usuarios

O Consello da Xunta do 30 de maio de 2013 autorizou á Amtega para actuar en nome da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e realizar todos os actos necesarios para a tramitación, xestión, mantemento ou retirada de aplicacións para móbiles e

outros dispositivos electrónicos e sistemas baixo a denominación única “Xunta de Galicia”.

Derivado de esta actuación:

- Creáronse os espazos da Xunta nos principais marketplaces de mobilidade.
- Publicouse o catálogo de aplicacións móbiles: <http://www.xunta.es/aplicaciones-mobiles>
- Recopiláronse diferentes iniciativas e aplicacións baixo un marco común e xestionadas nas plataformas corporativas.

Así ao fin de 2013, o catálogo de aplicacións móbiles da Xunta de Galicia, contaba coas seguintes iniciativas, promovidas por diferentes ámbitos departamentais:

- **DOG** - Diario Oficial de Galicia.
- **abalarMóbil** - Comunicación entre as familias e os centros educativos
- **Mobem** - Para demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia
- **Bono Iacobus** - Servizo turístico da Axencia Turismo de Galicia
- **Carné Xove** - últimas novidades e os establecementos máis próximos con ofertas e descontos para os mozos e mozas.
- **MeteoSIX** – Predición meteorolóxica para calquera lugar do suroeste de Europa.
- **Sendegal** - Rutas de senderismo oficialmente homologadas en Galicia.
- **MeteoRoute** - Predición meteorolóxica e oceanográfica para rutas e viaxes, tanto por terra como por mar.
- **Enoturismo** - Establecementos adheridos ás rutas dos viños de Galicia, así como as Denominacións de Orixe Protexidas
- **Turismo de Galicia** - Patrimonio cultural, museos, aloxamentos, artesanía, deportes, festas, gastronomía




3.7.5.- Reutilización de información do sector público. Servizos no mapa

Ao longo de 2013 incorporáronse **36 novos conxuntos de datos** no portal Open Data da Xunta de Galicia (<http://abertos.xunta.es>), que pechou así o ano cun catálogo de **292 datasets** e **5.316** descargas de datos.

Aínda que neste período se incorporaron outros datos de relevancia (como o Calendario laboral 2014, que é o contido máis descargado do portal), os esforzos de incorporación de información reutilizable centráronse, fundamentalmente, na publicación de:

- **Información de rexistros:** rexistro de asociacións, rexistro de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, talleres artesáns, entidades deportivas, censo de entidades xuvenís, entidades locais de Galicia, empresas habilitadas no ámbito da seguridade industrial...
- **Información de servizos xeorreferenciados:** na segunda metade de 2013 apostouse pola xeorreferenciación de servizos, equipamentos, infraestruturas... de interese para a cidadanía. O obxectivo, ademais de poñelos a disposición de empresas e reutilizadores para que estes poidan empregalos para as súas propias utilidades, foi engadir progresivamente información a *Servizos no mapa*, unha nova aplicación para a localización de servizos da Administración pública que se converteu, á súa vez, nun exemplo de reutilización de datos por parte da propia Xunta de Galicia.

Ao longo de 2013 este servizo incorporou, desde <http://abertos.xunta.es>, a xeorreferenciación de:



No marco da iniciativa Open Data da Xunta, cómpre salientar tamén outras accións completadas en 2013:



Federación do catálogo con datos.gob.es

En 2013 completáronse as xestións necesarias para federar o catálogo de Abert@s co do portal <http://datos.gob.es>. Coa aplicación dunha serie de requirimentos técnicos, a federación visualizárase de forma pública nos primeiros meses de 2014, o que permitirá aumentar, con efecto multiplicador, a visibilidade dos datos de Abert@s.

Ademais, a federación con <http://datos.gob.es> será escalable a organismos supranacionais que aglutinen catálogos de diferentes nacións, como por exemplo o do portal de datos abertos pan-europeo, que permitirá compartir e intercambiar descrições de conxuntos de datos entre portais de países membros europeos.

Nova versión de <http://abertos.xunta.es>. A versión 2 do portal foi obxecto en 2013 de:

- Melloras na usabilidade para facilitar e a difusión das iniciativas recollidas.
- Máis información sobre os conxuntos de datos desde a portada: nova pestana para os conxuntos máis vistos, mantendo os últimos publicados
- Renovación da sección Experiencias! para incorporar fichas individualizadas para cada nova aplicación web ou móbil que se desenvolva empregando datos publicados en Abert@s
- Novo deseño da caixa multicontido, que amplía a súa funcionalidade ao permitir a incorporación de aplicacións e doutras páxinas do portal, externas, etc.
- Incorporación, en todas as páxinas do portal e fichas de datos dunha caixa para recoller as suxestións dos cidadáns

3.7.6. Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (PCPG)

En setembro de 2013 publicouse a nova versión da **Plataforma de Contratos Públicos de Galicia** (<http://contratosdegalicia.es>). O espazo web de referencia para a consulta da información de todos os perfís dos órganos de contratación do sector público galego.

Entre as novidades que incorporou esta versión, respecto da anterior, destácanse:

- Buscador de anuncios
- Consultas e descarga de documentación asociada a un procedemento
- Adxudicacións
- Documentación de interese e forma de contacto cos órganos de contratación
- Un sistema de alertas que envía gratuitamente ao correo electrónico avisos sobre os novos procedementos que se publican na Plataforma.

Data de publicación: setembro de 2013

<http://www.contratosdegalicia.es>



En 2013 publicáronse un total de **1.628 expedientes de contratación** no portal, que nestes momentos ten activos **210 perfís de contratante**.

3.7.7. DOG Dixital

Durante o 2013 publicáronse un total de **13.626 anuncios na versión dixital** do DOG, mantendo un número similar de publicacións ás alcanzadas o ano anterior.

Publicouse tamén a **aplicación móbil** para a consulta da información do DOG, dispoñible para os sistemas operativos Android e iOS. Permite unha consulta do mesmo xeito que se faría a través da web, pero abrindo, a maiores, unha serie de posibilidades novas:

- filtrar os artigos por seccións (disposicións xerais, autoridades e persoal, anuncios...);
- filtrar os artigos por rangos (lei, decreto, orde, resolución...);
- seleccionar os artigos por área temática (ensino e formación; medio ambiente; ciencia e tecnoloxía; economía, empresa e emprego...);
- seleccionar os artigos por colectivo ao que van dirixidos (autónomos/as, desempregados/as, empresas, emigrantes, pais e nais...);
- engadir ou eliminar artigos nunha lista de favoritos.



Obxectivo 4: Transforma TIC

Obxectivo 4: Transforma TIC

4.1. Apoio á innovación TIC e ao fomento do emprendemento

Esta iniciativa ten como obxectivo o impulso do hipersector TIC de forma que se converta nun soporte para incrementar a competitividade da rexión, en xerador de emprego cualificado e á súa vez nun sector estratéxico na economía de Galicia.

4.1.1. Programa Transforma TIC

Durante o 2013 definiuse o **programa Transforma TIC**, iniciativa que alia os instrumentos e medios dos que dispón a Administración autonómica nunha estratexia única para o sector tecnolóxico de Galicia co obxectivo de impulsar o seu crecemento e competitividade. Esta iniciativa conta coa participación de todos os axentes do sector, Xunta de Galicia, Centros Tecnolóxicos, Universidades e Clúster TIC.

Para a súa articulación elaborouse o Acordo de Coordinación Competencial entre a Amtega e as Consellerías de Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; e Traballo e Benestar, co fin de coordinar todas as iniciativas que impulsen e fortalezan o sector TIC.

Está a elaborarse ademais un convenio para establecer un marco adecuado de colaboración entre a Amtega, o Sistema Universitario de Galicia, o Clúster TIC de Galicia e os Centros Tecnolóxicos TIC para a posta en marcha de actuacións conxuntas

4.1.2. Firma do Pacto entre a Xunta e o sector TIC para o desenvolvemento dixital de Galicia

No mes de xullo asinouse este Pacto, un acordo que selou un decálogo de compromisos por ambas partes como mostra de determinación para acadar unha cooperación firme que converta ao sector TIC nun dos motores da economía e lograr o desenvolvemento dixital de Galicia no período 2013-2020, sendo un dos primeiros acordos deste tipo asinados en España.

Durante 2013 suscribiron o Pacto dez empresas (HP, Indra, Everis, Tecnocom, Iecisa, Satec, Televés, R, Altia, Coremain e o Clúster TIC Galicia), aínda que outras xa manifestaron o seu interese. Tal é o caso de Telefónica que se adhería ao Pacto no mes de novembro e que adoptará como primeira medida a posta en marcha dun Centro de emprendemento TIC no Gaiás, que entrará en funcionamento en 2014.

Obxectivo 5: Economic TIC

Obxectivo 5: Economic - IT

5.2. Centro Público Demostrador TIC

O Centro Demostrador TIC de Galicia, CDTIC, constitúe un punto de encontro entre a oferta do Sector TIC e o resto dos sectores empresariais de Galicia que demandan novos servizos e produtos para mellorar a súa produtividade e competitividade. Para iso, o CDTIC ofrece:



- Ao sector TIC, os medios e o apoio necesario para achegar as súas solucións TIC a outras empresas potenciais demandantes dos mesmos.
- Ás empresas doutros sectores produtivos, demostracións prácticas de solucións tecnolóxicas específicas do seu sector e formación práctica en materia TIC.

5.2.1. CDTIC - Fomento da interrelación entre a oferta do sector TIC e as empresas galegas

- Durante o ano 2013 celebráronse **33 actividades** nas que participaron **28 empresas demostradoras con 260 empresas asistentes**.
- CDTIC acolleu a presentación de 37 **solucións tecnolóxicas de 28 provedores galegos**:

5.2.2. Formación TIC altamente especializada para o tecido empresarial

O CDTIC ofertou durante o 2013 máis de 130 **horas de formación especializada** a través de 16 **talleres** sobre Comercio Electrónico, Redes Sociais, Cloud computing Centros de Datos, Mobilidade e Software Libre.



Un total de máis de 1.100 **profesionales participaron** nas actividades, o que supón un incremento do 85% respecto ao ano anterior. Posibilitouse o acceso a algunhas sesións de formación a través de videoconferencia nas aulas CeMIT e a participación en redes sociais.

5.2.3. Semanas sectoriais

En 2013 puxéronse en marcha as Semanas TIC Sectoriais, dentro das accións encamiñadas á sensibilización sobre a aplicación das TIC aos procesos produtivos das empresas.


O **sector téxtil** foi o protagonista da **I Semana TIC** dedicada a este sector no CDTIC reunindo a máis de 131 **profesionais** do sector. Esa semana presentouse o **Catálogo ModaTIC.gal**, mostra representativa de 40 empresas, 5 axentes de innovación e 70 produtos e servizos tecnolóxicos específicos para o sector téxtil.

5.2.4. Desenvolvemento do Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia MapaTIC.gal

MapaTIC.gal nace co obxectivo de establecerse como un punto de encontro dos diferentes actores que participan na oferta – demanda tecnolóxica de Galicia.

A plataforma web superou as **4.000 visitas durante** o 2013 e contén información sobre **227 provedores**

MapaTIC.gal



5.2.5. Programa para a incorporación das TIC nas Pemes

En decembro de 2013 asinou un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, Amtega, o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio,

Industria e navegación de España e as Cámaras de Comercio de Galicia, para o desenvolvemento do **Programa Innocámaras**.

Este programa atópase orientado a satisfacer as demandas específicas das empresas, A metodoloxía de traballo inclúe un diagnóstico inicial personalizado, o apoio posterior ao proceso innovador adaptado ás necesidades e características da empresa beneficiaria e a posterior difusión de coñecemento para favorecer a extensión das mellores prácticas e o establecemento de redes empresariais.

O orzamento do programa ascende a mais de 4,7M€ dos que a Amtega aporta 269.831,13€ durante 2014 e 2015.

Obxectivo 5: Economic - IT

5.3. Smart turismo

Posta en marcha de iniciativas para a difusión e promoción do turismo en Galicia, tanto dende as actividades da administración pública, como na relación cos operadores de Galicia.

O programa está dirixido ao desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica de Turismo de Galicia, baixo ou concepto *smart*, no que a tecnoloxía concíbese como unha ferramenta que fai os servizos públicos mais interactivos, eficientes e integrados para ou cidadán. Os investimentos realizados neste ámbito fomentarán ou desenvolvemento sustentable e incrementarán a difusión e promoción do sector turístico e de lecer de Galicia, tanto dende as actividades da Administración pública, como na relación cos operadores de Galicia.

5.3.1. Elaboración do plan de actuación no eido do Turismo

Durante o 2013 traballouse na elaboración dun plan de actuación para o desenvolvemento das TIC no eido do Turismo:

- Elaboración do plan de actuación **SMART Turismo**.
- Elaboración do plan de actuación **SMART Camiño**

Para a elaboración deste plan tivéronse en conta as necesidades identificadas por todos os ámbitos que se integraron na *Axencia Turismo de Galicia*: Secretaría Xeral de Turismo, Turgalicia, Xacobeo, Escola Superior de Hostalería, Instituto de Estudos Turísticos.



Ou plan aprobarase en 2014, unha vez presentado ou Plan Integral de Turismo de Galicia, co que queda aliñado.

5.3.2. Rexistro de Establecementos de Actividades Turísticas

Licitación do Repositorio único de información do recurso turístico, que debe integrar:

- Sistema de Xestión de Recursos Turísticos (SXRT) – Con información promocional.
- Rexistro de Establecementos e Actividades Turísticas (REAT) - Con información administrativa.
- Sistema de soporte completo á inspección turística

Garantindo a coherencia, calidade e integridade entre os datos promocionais e os administrativos. E incluíndo a xestión do ciclo completo da inspección, dende a súa planificación, asistencia durante proceso, e tramitación, se procede, das infraccións e sancións.

5.3.2. Outras actuacións

- Mantemento das enquisas turísticas.
- Desenvolvemento das adaptacións necesarias para a integración dos portais dos distintos órganos que se integran na Axencia, para a súa homoxeneización da presenza en internet. Finalización prevista en 2014.
- Desenvolvemento dun sistema básico de inspección, para suplir necesidades básicas, de xeito transitorio ao novo sistema. Porase en marcha en 2014.

Obxectivo 5: Economic - IT

5.4. Modernización do transporte público en Galicia

Este programa posibilitará a modernización do sector do transporte e a mellora da calidade dos servizos, tanto na xestión e toma de decisións, como no referido á información e servizos ofrecidos aos usuarios.

5.4.1. Mantemento e evolución do Sistema de información do Transporte Metropolitano de Galicia

Os sistemas de información do Sistema de Información do Transporte Metropolitano de Galicia (SITME e SITBUS) son as pezas centrais do funcionamento do transporte metropolitano de Galicia, e da relación entre as empresas de transportes de viaxeiros, os viaxeiros, a administración autonómica, a administración local e as entidades bancarias colaboradoras. O seu funcionamento operativo é imprescindible, tanto desde o punto de vista da operatividade do sistema de transporte como desde o punto de vista financeiro (colectas, pagos, compensacións, etc.), así como a evolución para a adaptación de novas funcionalidades, novas zonas de transporte, novos concellos, ou operadores, etc.

Entre as principais actuacións levadas a cabo podemos destacar as seguintes:

SITME (Sistema de Información do Transporte Metropolitano de Galicia):

- Automatización do cálculo de imputacións aos concellos que forman parte do Plan Metropolitano correspondente ao ano 2012.
- Automatización do cálculo de liquidacións quincenais aos operadores.
- Preparación para a incorporación de novos concellos nas AAMM de Coruña e Santiago. Subida da tarifa ordinaria (mes de abril).
- Explotación de datos e elaboración de informes a medida.
- Monitoraxe do correcto funcionamento da plataforma (procesamiento de colectas).



**transporte público
de Galicia**
metropolitano

SITBUS (Sistema de Información do transporte por autobús):

- Despregamento de dúas novas versións en produción que inclúen a resolución de erros e o desenvolvemento dun módulo de xeración de tarifas.
- Análise dun novo módulo para a xestión do transporte de uso especial.

5.4.2. Sistema de Axuda á Explotación do Plan de Modernización do Transporte

O Plan de Modernización establece entre as súas actuacións, unha serie de medidas tecnolóxicas e de explotación, consistentes nun sistema de axuda á explotación, S.A.E. en toda a frota adscrita ás concesións, que permita a localización e identificación en tempo real dos autobuses.

Durante o 2013 desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Análise de alternativas de mercado e viabilidade técnica.
- Elaboración da Resolución pola que se aproban as especificacións funcionais para a implantación de Sistemas de Axuda á Explotación (SAE) en toda a frota adscrita aos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia. A resolución contén os seguintes anexos:
 - Especificacións funcionais.
 - Obrigacións das empresas concesionarias dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular que opten por dotarse dun Sistema de Axuda á Explotación propio.
 - Documento de adhesión ao servizo de sistema de axuda á explotación da mobilidade de Galicia.

Obxectivo 5: Economic - IT

5.5. Potenciar a xestión electrónica no sector agrogandeiro

A finalidade deste plan é desenvolver novos servizos e instrumentos que permitan ao sector gandeiro galego facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa administración como con terceiros, mellorando a explotación e a xestión da información en poder da administración.

5.5.1. Sistema integrado de xestión e control de axudas

Durante o 2013 o sistema integrado de xestión e control de axudas implantou melloras cun esforzo de 4.800 **horas** (actualización de datos equinos CCAA, concorrencia competitiva, marcas colocación bovino, retorno servizo web guías, procesado de datos dos matadoiros, produtos fitosanitarios, etc.).

No campo da gandería, recóllense no sistema **7,5 millóns de animais** cos seus correspondentes históricos e declaráronse en 2013 1,65 millóns de movementos de reses.

O Rexistro vitícola supuxo **6.700 actualizacións** afectando a 22.500 recintos.

5.5.2. Oficina Agraria Virtual (OAV)

A Oficina Agraria Virtual (OAV) é o portal de relación electrónico co sector agropecuario.

- Realizouse a **integración de diferentes servizos** na nova rama OAV_PAC (consulta de presolicitudes, estado da solicitude unificada PAC, trámites a través de WEB_PAC).
- Avaliación do servizo de acceso á información de parcelas **vitícolas** vía OAV_Vitícola .
- Soporte ao funcionamento da OAV.

5.5.3. Mantemento e evolución dos sistemas de soporte á xestión da Política Agraria Común (PAC) no marco do FOGGA (xestión de axudas e xestión contable)

- Despregáronse **novas versións do SIXC** coas funcionalidades de cambio de procedemento de pago FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía) / FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural), solicitude unificada 2013, modelo 346 AEAT, modificacións no cálculo CES, carga automática de inspección de animais, etc.
- Despregamento de 3 novas versións de Ligazón **Externa Organismo Pagador (EEOP)**.
- Melloras técnicas (revisión de táboas e claves, modelo de datos, etc.)
- Explotación de datos e elaboración de informes a medida.



- Monitoraxe do correcto funcionamento da plataforma.
- Empregáronse un total **6.196 horas estimadas** en tarefas de mantemento, soporte e evolución.
- Apoio na campaña de controis de campo 2013 mediante a ferramenta CONSUPAC (Controis de Superficies da PAC).
- Inicio dunha nova ferramenta de controis de campo vitícola e establecemento de novas bases tecnolóxicas e funcionais para controis de campo en xeral.
- Análise do desenvolvemento integral dunha ferramenta de xestión contable de pagos en 2014.

Ademais, deuse **cumprimento das obrigacións normativas do FOGGA**, en relación á xestión de fondos europeos agrícolas, en materia de seguridade de sistemas de información (ISO 27002):

- Auditoría do cumprimento da LOPD.
- Avaliación de activos e riscos.
- Documento de Seguridade e procedementos asociados.
- Soporte para as auditorías internas e externas de revisión do cumprimento.
- Desenvolvemento e soporte do Comité de Seguridade da CMRM.

5.5.4. Mantemento e evolución de varios sistemas que dan soporte á xestión

- Posta en marcha do proxecto piloto de Lonxa **Virtual de Gandería**: servizo gratuíto para os gandeiros galegos, destinado á compravenda de gando a través de internet. A lonxa permite a poxa de animais de abasto da especie bovina, de idades comprendidas entre os 6 e os 24 meses, destinados a sacrificio, dados de alta en explotacións rexistradas no ámbito territorial de Galicia, que dispoñan de cualificación sanitaria.
- Implantación de novas versións da aplicación de xestión de mostras para as **Asociacións de Defensa Gandeira de Galicia (ADSGs)**.
- Implantación de novas versións da aplicación de xestión dos **laboratorios de sanidade e produción animal de Galicia** – LASAPAGA (MARIS).
- Evolutivo do Rexistro de Calidade de Leite Diferenciado.
- Desenvolvemento dunha nova ferramenta de axudas.

5.5.5. Desenvolvemento dun sistema de axuda á toma de decisións (BI) no sector de gandería

Desenvolvemento dun sistema de información baseado en plataformas de intelixencia de negocio que permita a análise da información do sector gandeiro para a **axuda á toma de decisións** e cuestións relativas a sanidade animal.

Durante o 2013 realizouse a licitación do expediente de ampliación de funcionalidades (en curso) e a formación do piloto desenvolvido en 2012 para técnicos e xestores.

Obxectivo 5: Economic - IT

5.6. Impulsar la gestión integral de los recursos forestales

A finalidade deste plan está orientada a desenvolver novos servizos e instrumentos que permitan ao sector facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa Administración coma na súa propia xestión, e impulsar a través da tecnoloxía melloras na loita contra os incendios e na prevención destes.

5.6.1. Desenvolvemento de servizos no sector forestal

- o Adaptación da **aplicación de xestión de axudas no monte (XAMON)** a novas convocatorias e liñas de axuda despregadas en 2013.
- o Despregamento dun **novo tramitador para novas liñas de axuda**. Aplicación para as axudas de SOFOR.
- o Documento de análise sobre o sistema de comunicación web de corte de madeira privada. Pendente do lanzamento do desenvolvemento.
- o Análise de viabilidade do novo **Rexistro de Industrias Forestais**, en conexión co Rexistro Industrial de Galicia (DSI).
- o Análise de viabilidade dunha nova **aplicación de sanidade vexetal e forestal (SAVIFOR)**.
- o Avaliación de proxecto de corte de madeira pública.
- o Soporte e evolutivo con persoal interno de distintas aplicacións (xestor, listas, ordenación forestal, actos de disposición, rexistro de montes. etc.).



5.6.2. Desenvolvemento de servizos na loita contra os incendios forestais

- o Adaptación da **aplicación de xestión de axudas no monte (XAMON)** para a xestión da liña de axudas FEADER de incendios.
- o Modificación e soporte evolutivo das aplicacións de xestión PHP (Queimas Controladas, Diario de Incendios, Inventario e Infraestruturas, Xestión de Quendas, Convenios, Inventario, Georecursos, etc.).
- o Modificación e soporte evolutivo das aplicacións actuais de incendios a Delphi /XIS para a xestión do operativo na extinción de incendios (Xlumes/Xeocode).
- o Despregamento de novos posicionadores no dispositivo de prevención e extinción de incendios e integración en Xlumes.



- o Atención de incidencias mediante un **Centro de Atención a Usuarios (CAU-Incendios)**, reforzado durante a campaña de incendios (4 meses) con 3000 tickets e actuacións (incidencias, instalacións de medios e equipos informáticos e de radicomunicacións, soporte,...) atendidos.
- o Avaliación do proxecto **piloto de vixilancia de incendios (Sistema FAEDO)** (proxecto impulsado desde a CMRM).
- o Avaliación dunha proposta de evolución tecnolóxica e novas funcionalidades das aplicacións para o seguimento do dispositivo de extinción (Xlumes/Xeocode).

Migración gradual e consolidación de servidores e aplicacións na nova infraestrutura corporativa de AMTEGA (CPDi).

Obxectivo 5: Economic - IT

5.7. Potenciar a plataforma de xestión de servizos para o sector da pesca e do mar

Este plan oríentase a consolidar e impulsar os servizos que permitan ao sector do mar facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa administración, como con terceiros; mellorando os procedementos do sector a través do emprego das TIC.

5.7.1. Desenvolvemento da plataforma de teleformación e do portal de formación para o sector do mar

- Evolución das **aplicacións de xestión dos cursos e alumnos**, e a súa integración coa ferramenta **moodle** que permite a xestión dos cursos.
- Ademais desenvolvéronse as seguintes accións de impulso á formación para o sector do mar:
 - Mellora e integración (fase 1) do portal de formación do sector do mar (http://www.mediururalemar.xunta.es/mar/investigacion_e_formacion/formacion/).
 - Posta en servizo dun novo simulador de prácticas de buques na Escola Náutico Pesqueira de Ribeira e análise de proxectos en outras escolas.
 - Análise da situación actual de diversas aplicacións de ensinos náuticos para presentar unha proposta de integración das mesmas co fin de optimizar o fluxo de traballo.

5.7.2. Desenvolvemento de servizos no sector da pesca e do mar

- Mantemento e soporte evolutivo da **Plataforma Tecnolóxica de Pesca (PTP)**
 - Análise, tratamento e publicación de datos.
 - Melloras de aplicativos (alternancia de artes) e conexión con outros sistemas e plataformas (INTECMAR, sanidade, etc.).
 - Redeseño web Pesca de Galicia.
 - Tarefas técnicas (migración SQL Server 2008, validación arquitectura BI, automatizacións).
 - Soporte ao Servizo de Análise e de Rexistros (SAREX).
- **Soporte e atención a usuarios** de equipamento e software de lonxas e confrarías que fan uso da contorna tecnolóxica da PTP (cunha media de 120 incidencias ao mes de mantemento correctivo in situ, accións de mantemento



preventivo remoto e in situ), incluíndo o soporte dos terminais de autoxestión de pesca (32 TICPESC).

- o Soporte (aloxamento) externo da PTP.
- o Desenvolvemento da aplicación de apoio na xestión dos procesos de eleccións de confrarías de pescadores.
- o Análise dun novo **Rexistro de Marisqueo a pé**.
- o Posta en produción do portal **PescadeRías** e soporte á ferramenta de xestión asociada.
- o Desenvolvemento dun proxecto piloto de tramitación electrónica de axudas con fondos FEP (PE104D), baseado nunha nova plataforma de tramitación (instalado e en probas).
- o Preparación do expediente de licitación para a extensión dun mínimo de 24 novos TICPESC (pregos aprobados por AMTEGA a expensas de encomenda FEP) e avaliación de sistemas de integración de pesada.



5.7.3. Ademais...

- o Posta en funcionamento das **webs promocionais de difusión de produtos do mar** (*Ponlle as pilas ao teu bocadillo, O sabor da aventura está non mar*)
- o Instalación e personalización de software de Xestión de bibliotecas (Koha) e de Xestión de referencias bibliográficas (EndNote). Acceso a bases de datos científicas (World of Knowledge), paquete estatístico (Minitab), etc.
- o Soporte e análise de melloras da aplicación de xestión e web dos **Grupos de Acción Costeira (GAC)**.
- o Probas de integración de sistemas de mobilidade (inspeccións, toma de mostras).
- o Integración do **Centro de Investigacións Mariñas (CIMA)** na rede corporativa de comunicacións da Xunta de Galicia (RCXG)
- o Análise da integración de ferramentas na web do IGAFa (Bolsa de Emprego) e transferencia de web deste Instituto..

Obxectivo 6: InfraTeleCom

Obxectivo 6: InfraTeleCom

6.1. Plan director de Banda Larga

A súa finalidade é o desenvolvemento de infraestruturas de comunicación modernas e sustentables que garantan aos cidadáns e ás empresas de todo o territorio rexional o seu dereito de acceso aos servizos avanzados da sociedade da información.



6.1.1. Despregamento de infraestruturas de telecomunicacións para a extensión da banda larga

En 2013 continuouse o despregamento das redes fixas de tecnoloxía ADSL e de redes inalámbricas de tecnoloxía 3G, alcanzando unha **cobertura do 97%** (máis de 2,7 millóns de galegos) ao final do ano.

Máis de 103.000 **habitantes** pertencentes a 824 núcleos de poboación , que non podían acceder á Rede, dispoñen de cobertura de banda larga a través de conexións ADSL de ata 10Mbps.

Centros públicos cubertos con ADSL

 45 Farmacias	 15 Xuzgados de paz
 97 Centros educativos	 10 Aulas Ce/MIT
 23 Centros Sanitarios	 141 Casas Consistoriais

Polígonos industriais e parques empresariais cubertos con ADSL

 9 polígonos industriais e parques empresariais

De igual modo, continuouse o despregamento de novas **redes inalámbricas** na contorna rural de Galicia. Ata 2013, dotouse de cobertura de banda ancha a máis de 223.000 habitantes e máis de 10.600 núcleos de poboación con tecnoloxía 3G de ata 7Mbps.

6.1.2. Extensión de redes de nova xeración - NGAs

Ampliáronse as redes de acceso de nova xeración en núcleos de máis de 500 habitantes que xa tiñan cobertura de banda ancha, excluindo os principais núcleos das 7 grandes cidades.

Máis de 629.000 **habitantes de 193 núcleos de poboación** dispoñen de acceso a estas redes de ata **200Mbps** a finais de 2013.

Centros públicos cubertos con redes de nova xeración:



Incluindo as 7 grandes cidades, a día de hoxe aproximadamente **1,4 millóns de habitantes (50% do total de Galicia) teñen acceso a redes NGA de ata 200Mbps**.

6.1.3. Internet vía satélite

Esta acción pretende complementar a cobertura de banda larga de calidade ao 3% da poboación que non pode ser cuberta polos tipos de redes anteriores debido á dispersión da poboación e ás dificultades orográficas.

Un total de 858 **familias e empresas** solicitaron en dous meses as axudas da Xunta de Galicia para contratar o servizo de conexión a internet vía satélite en 2013.

6.1.4. Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia

O obxectivo desta liña de traballo é establecer un marco normativo que axilice e facilite o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións en todo o territorio, dunha maneira homoxénea, harmónica e respectuosa co medioambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural.

6.1.5. Verificación e comprobación da calidade dos servizos asociados ao PDBL

En base a un convenio asinado entre a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) e a Amtega realizáronse comprobacións na calidade do servizo de Internet que ofrecen os



operadores nas redes executadas ao amparo das actuacións do Plan de Banda Larga.

6.1.6. Medidas de divulgación do novo escenario regulamentario e da importancia do despregamento das infraestruturas de telecomunicacións en Galicia

No marco do convenio entre a Amtega e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) elaborouse unha “**Guía de Boas Prácticas para o desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións**” que analiza o novo escenario legislativo e achega unha visión práctica do despregamento destas infraestruturas dirixida aos técnicos dos concellos e demais axentes implicados.

Para dar a coñecer a guía celebrouse unha xornada divulgativa “**Boas prácticas para o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións**” dirixidas aos técnicos dos 314 concellos galegos, operadores e axentes do sector.

6.1.7. Rexistro de Demandantes (ReDe)

É unha ferramenta web de consulta que proporciona información sobre a cobertura de banda larga acadada coas actuacións do PDBL e permite rexistrar demandas de cobertura no caso de que o usuario non dispoña dela. Xestionáronse **máis de 800 demandas de cobertura de banda larga** a través de ReDe .



6.1.8. Oficina do Plan de Banda Larga

As principais actividades realizadas por esta Oficina, posta en marcha en 2010, son:

- Ofrecer información sobre a banda larga a cidadáns, empresas e concellos, por vía telefónica ou por correo electrónico.
- Elaboración de informes sobre o avance do PDBL.
- Seguimento operativo, comercial, económico e de cobertura das actuacións de despregamento.
- Tramitación e seguimento das demandas de banda larga recollidas en ReDe e actualización da cobertura.



Obxectivo 6: InfraTeleCom

6.2. Potenciación de RETEGAL como operador de vanguardia

Esta actuación persigue dotar ao operador público Retegal de máis medios e capacidades para convertelo nunha ferramenta que permita optimizar e acelerar o despregamento de banda larga na contorna rural, aproveitando toda a infraestrutura pública actual, reducindo así os custos do despregamento e favorecendo a competitividade efectiva dos operadores privados.

6.2.1. Plan sectorial RETEGAL

En 2013 apróbase mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia de 2 de maio o **“Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico xestionadas por RETEGAL”**.



Este Plan está orientado a ordenar as infraestruturas existentes, a súa evolución previsible a medio-longo prazo e estimar as súas necesidades.

Obxectivo 6: InfraTeleCom

6.3. Modernización das redes do sector público autonómico

Este programa persegue a optimización da xestión e contratación das redes do sector público autonómico a través de 4 subprogramas “definición da arquitectura tecnolóxica das redes e servizos telco”, “mellora dos procesos de xestión e control do gasto”, “mellora de xestión dos servizos e redes de telecomunicación” e “a integración de redes na RCXG (Rede Corporativa da Xunta de Galicia)”.

Ademais mediante este programa preténdese o impulso das infraestruturas de soporte da rede corporativa. Esta iniciativa consiste nunha serie de proxectos como a mellora da conexión dos xulgados ordinarios, mellorar a velocidade de acceso dos centros da rede corporativa da RCXG, aumentar a velocidade dos centros educativos do proxecto ABALAR ou mellorar as infraestruturas no CPD Integral da Xunta de Galicia.

Por último pretende a mellora dos servizos ofrecidos aos usuarios. Esta iniciativa inclúe proxectos como a instalación de liñas de respaldo nos principais Centros Remotos, ou a mellora na seguridade coa reestruturación da electrónica de comunicacións do CPD de respaldo.

6.3.1. Centro de xestión de rede

Durante o ano 2013 continuouse coa prestación do **servizo de administración da rede corporativa**.

En 2013 o CXR conseguiu a renovación da **súa Certificación de Calidade ISO 9001**.



6.3.2. Cableados estruturados para a rede corporativa da Xunta de Galicia

Continuouse coa **subministración de cableados estruturados** para a rede corporativa da Xunta de Galicia.

En base a este contrato realizáronse importantes **melloras do cableado en diversos edificios** administrativos, xulgados e centros de benestar.

En xullo formalizouse unha ampliación deste contrato para a **mellora do cableado de 35 aulas CEMIT**.

6.3.3. Servizo de telecomunicacións

Continúa a prestación do servizo de rede de telecomunicacións corporativa, incluíndo os servizos de datos, telefonía fixa e móbil.

Melloráronse as conexións dos distintos centros á Rede Corporativa, alcanzando unha velocidade media de 28,57 **Mbps** a finais de 2013. En particular aumentouse a velocidade de

acceso en 30 aulas CeMIT, pasando dunha velocidade media de 10,97Mbps a finais de 2012 a unha velocidade media de 67,62 Mbps en 2013.

Ampliáronse a 200 Mbps **32 centros da rede corporativa**, maioritariamente centros educativos.

Tamén se garante a redundancia de operador na malla troncal mediante os servizos de conexión con RETEGAL en localizacións da Xunta de Galicia para a súa Rede Corporativa

6.3.4. Mellora do equipamento de comunicación dos servizos administrativos

Durante o 2013 renovouse a **electrónica de comunicación en numerosos edificios administrativos** substituíndo os conmutadores obsoletos por outros máis modernos con capacidade de GigabitEthernet .

Esta renovación permite multiplicar por 10 a velocidade das redes de área local nos edificios administrativos.

6.3.5. Plataforma de monitoraxe da rede corporativa

Implantouse unha **plataforma de monitoraxe** baseada en software libre (Zabbix) que permite coñecer o estado operativo dos distintos equipamentos de conmutación e enrutado que forman parte da rede, alertando de erros de forma automática.



Esta plataforma permite detectar con maior rapidez os problemas que se producen no equipamento da rede corporativa e contribúe a mellorar os tempos de resposta ante incidencias e, polo tanto, a dispoñibilidade da rede.

6.3.6. Ampliación da electrónica de rede do CPDi

Durante o 2013 Red.es licita un concurso para a **adquisición de electrónica de comunicación para o CPDi**, en base ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Red.es para o desenvolvemento de actuacións na comunidade autónoma de Galicia no ámbito da Administración Electrónica.

- 27 conmutadores Cisco Nexus 5596UP para o CPDi
- Transceptores de 10 Gb e de 1 Gb, que permitirán mellorar a dispoñibilidade e a velocidade na prestación de servizos aloxados no CPDi.



6.3.7. Mantemento da electrónica de comunicacións e dos Sistemas de Alimentación ininterrompida

Durante o ano 2013 continúaase a prestar o servizo de mantemento da electrónica de comunicacións da rede corporativa da Xunta de Galicia, de acordo co expediente 30/2012, e

o servizo de mantemento dos sistemas de alimentación ininterrompida (exp. 31/2012 e 91/2012

Obxectivo 6: InfraTeleCom

6.4 Constitución dun servizo integral de comunicacións de emerxencias de Galicia

A finalidade fundamental deste programa consistirá no despregamento dun servizo de comunicación de emerxencias que posibilibite dispoñer dos medios adecuados para a resolución de situacións de urxencias ou de catástrofes.

6.4.1. Adxudicación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia

Durante o 2013 Red.es adxudicou a implantación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, iniciándose as actuacións de replanteos nas primeiras fases do proxecto.

O obxectivo desta rede é integrar nun mesmo sistema a todos os colectivos que participan en emerxencias, mellorando a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas ou de saturación. Algúns datos para destacar son os seguintes:

- Será a **primeira rede de emerxencias de España** con capacidade para **multiplicar por 5 a velocidade** de transmisión de datos respecto das redes de emerxencia convencionais.
- Está dimensionada inicialmente para **8.000 usuarios** pero terá capacidade técnica para alcanzar os 12.000 usuarios
- Conta cun **orzamento de 6,2 millóns de euros**. A Xunta de Galicia achega o 30% e o resto Red.es grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

Empregará as **infraestruturas do operador público RETEGAL**, permitindo un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos respecto ao uso de redes comerciais.

Obxectivo 7: Medidas instrumentais de eficiencia e de cooperación

Obxectivo 7: Medidas instrumentais de eficiencia e de cooperación

7.2. Coordinación coas axendas dixitais locais e apoio ás alianzas estratégicas

A súa finalidade fundamental é aliñar o políticas TIC da Xunta de Galicia coas iniciativas locais en materia de Sociedade da información para posibilitar a racionalización do gasto público, reducir as disparidades tecnolóxicas, o aproveitamento de sinerxias e aumentar a eficacia das actuacións.

7.2.1. Coordinación de actuacións derivadas da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

- **Vixilancia tecnolóxica:** actividades de investigación co obxecto de coñecer as noticias, informes e publicacións que poidan ter un impacto directo e decisivo no desenvolvemento dos programas da ADG.
- **Comunicación:** soporte a todas as actividades relacionadas coa comunicación (roldas de prensa, discursos, etc.).
- **Avaliación e seguimento das actuacións en materia de S.I.:** tarefas de soporte ao seguimento, control técnico, xestión e control orzamentario.
- **Supervisión do seguimento sobre as actuacións incluídas nos programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense:** a oficina de coordinación supervisa a recollida de información sobre o avance dos proxectos.
 - Desenvolvemento das redes de banda larga na contorna rural e o impulso de redes de nova xeración.
 - Desenvolvemento das actuacións de alfabetización dixital (Rede CeMIT)
 - Aproveitamento do CDTIC por parte de empresas (especialmente Pemes).
- Xestión e seguimento de todas as actividades da ADG: seguimento da evolución dos proxectos da Axenda Dixital de Galicia.
 - Balance 2009 – 2012.



- Informe 2012.

7.2.2. Apoio e colaboración no deseño da Estratexia de Especialización Intelixente - RIS3 no ámbito das TIC

Ao longo do 2013 participouse nos grupos de traballo para o deseño deseño da Estratexia RIS3 de Galicia, co obxecto de xerar un mapa de prioridades no que as TIC xoguen un papel principal no desenvolvemento dos sectores produtivos clave de Galicia, aliñado coa visión estratéxica da Amtega.

Nunha primeira fase abordouse a análise do contexto rexional e do potencial innovador das TIC na sociedade galega.

A Amtega tamén elaborou unha proposta de recomendacións para a definición dunha estratexia de especialización intelixente no ámbito das TIC que permita o crecemento dixital de Galicia.

7.2.3. Elaboración da Estratexia galega de crecemento dixital

A Amtega elaborou en 2013 a Estratexia galega de crecemento dixital, aliñada coa RIS3 de Galicia para potenciar as relacións e captar fondos europeos en proxectos tecnolóxicos para a Comunidade no novo período de financiamento 2014-2020. Ademais prioriza as grandes liñas de actuación que consolidarán e darán continuidade ás medidas da Axenda Dixital 2014.gal.



Esta nova estratexia servirá para obter unha plena converxencia con Europa no horizonte 2020, obxectivo que se marca Galicia no ámbito do crecemento dixital.

7.2.4. Participación na fase inicial de definición dos Programas Operativos de Galicia no ámbito das Tecnoloxías da Información e a Comunicación

Colaborouse na elaboración dos **Programas Operativos Regionais e Plurirregionales** correspondentes aos fondos europeos da Política de Cohesión 2014-2020 no campo das TIC:

- Apoio na fase inicial de definición do Programa Operativo do Fondo Social Europeo levado a cabo pola “Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios”.

- A Amtega informou das actuacións previstas para o período 2014-2020 aliñadas coas prioridades de investimento do FEDER para a elaboración do seu programa operativo.

A Amtega realizou unha serie de alegacións ao Plan de Desenvolvemento Rexional elaborado pola Consellería do Medio Rural e do Mar propoñendo novas actuacións dentro das necesidades identificadas.

Obxectivo 7: Medidas instrumentais de eficiencia e de cooperación

7.3. Impulso da colaboración e acción coordinada entre administracións: Plan e-Concellos

Este programa materialízase no plan e-Concellos cuxa finalidade é alcanzar un conxunto de servizos comúns dixitais de uso xeneralizado polas administracións locais, que acompañen o desenvolvemento das TIC na administración local e que mediante a eliminación de duplicidades favoreza a eficiencia no consumo de recursos, sistemas e infraestruturas tecnolóxicas.

7.3.1. Desenvolvemento do catálogo de servizos compartidos

Puxéronse a disposición das entidades locais os seguintes servizos compartidos:

- o Sistema de tradución **automatizado GAIO**. Posta a disposición das entidades locais e presentado o 19 de Novembro de 2013.
- o **Dicionario Xurídico en Liña**.
- o Licitouse o prego de contratación do **servizo de licitación electrónica** para as entidades locais que se atopa pendente de formalización da adxudicación.,

7.3.2. Portal EidoLocal

Máis de 3.600 usuarios no 100 % das entidades locais utilizan Eidolocal. Durante o ano 2013 levouse a cabo un proxecto de evolución do portal Eido Local que pretende consolidalo como espazo de referencia para o acceso á información e servizos dirixidos ao ámbito local.

- o Posta en marcha da nova versión do portal Eidolocal.
- o Redeseño gráfico e reestruturación de contidos. Revisión da arquitectura do portal.
- o Integración da guía local con administración distribuída.
- o Presenza nas redes sociais.



Eido Local. Portal da Administración local de Galicia. *Versión renovada do portal*

Data de publicación: outubro de 2013

<http://www.eidolocal.es>

7.3.3. Elaboración ADL

No marco da 2ª convocatoria de proxectos transfronterizos Galicia – Norte de Portugal, se desenvolveuse o proxecto “0374_ADL_1_E, Axenda Dixital Local da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”.

A iniciativa contou co seguinte partenariado:

- Xunta de Galicia – D.X. de Administración Local.
- Xunta de Galicia – Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte.
- Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular – Galicia.
- Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular - Norte de Portugal.

Resultado deste traballo elaboráronse:

- Informe TIC da Eurorrexión.
- Estratexia de ADL
- Manual de Implantación.
- Glosario de termos.
- Guía de boas prácticas



Obxectivo 7: Medidas instrumentais de eficiencia e de cooperación

7.5. Observatorio da sociedade da información e a modernización de Galicia

A finalidade deste organismo é analizar, comparar, seguir e divulgar os datos relacionados coa sociedade da información en Galicia e coa modernización das administracións públicas.

7.5.1. Actuacións do Observatorio da sociedade da información e a modernización (OSIMGA)

- o Publicación de 23 **informes** e seguimento de 650 **indicadores** sobre equipamento e uso das TIC pola poboación, empresas, sector TIC e administración pública.
- o Diversos estudos sobre software libre, banda larga e uso das TIC polos autónomos.
- o Presentación ao Consello Galego de Estatística dos proxectos técnicos de 3 estudos: “As empresas TIC de Galicia”, “O sistema de indicadores da SI” e “A Administración electrónica na Xunta de Galicia”.
- o Actualización continua do portal web coa publicación de 863 **análise e noticias**.
- o Recollida de datos para a elaboración do informe sobre a Administración electrónica nos concellos de Galicia.
- o Resolución de demandas de información sobre a Sociedade da Información en Galicia.
- o Colaboración e intercambio de experiencias con máis de 20 administracións, observatorios, organismos e entidades.



Para optimizar a recollida dos datos sobre penetración das TIC nos fogares e empresas galegas que o OSIMGA emprega nos seus informes, asinouse un **convenio entre a Xunta de Galicia e o Instituto Galego de Estatística**. Como froito deste acordo tamén se recolle un módulo específico sobre as novas tecnoloxías nos fogares galegos no estudo “Condiciones de vida das familias” do IGE.



O portal web da OSIMGA recibiu **82.625 visitas, un 27,7% máis que o ano anterior** (superando os 44.000 visitantes distintos) e conta con máis **de 1.800 subscritores** ao seu boletín semanal de actualidade .

7.5.2. Estados temáticos sobre a situación laboral das Enxeñerías Informáticas en Galicia, con especial atención ás mulleres tecnólogas

En 2013 elaborouse un **estudo sobre a situación profesional dos enxeñeiros en informática galegos**. Esta actividade enmárcase dentro do convenio de colaboración asinado co Colexio Profesional de Enxeñeiros de Informática de Galicia. Ademais, púxose especial atención na situación das mulleres galegas na Sociedade da Información coa publicación do caderno “*A incorporación das mulleres tecnólogas ao mercado laboral de*

Galicia”, elaborado en colaboración coa Unidade de Muller e Ciencia, no que se avalía a súa situación nas empresas do sector TIC en Galicia.

7.5.3. Pleno do OSIMGA e Balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

As actividades realizadas polo OSIMGA no ano 2013 teñen como marco de referencia o Plan de Traballo aprobado polo Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), o órgano que avalía anualmente a xestión do OSIMGA.

O Pleno do Observatorio, presidido pola Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia, está integrado por representantes das distintas Administracións públicas, universidades, sindicatos, patronal, así como personalidades de recoñecido prestixio en materia de Sociedade da Información e de modernización administrativa.

No Pleno do OSIMGA, celebrado en abril de 2013, presentouse o balance da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal e avalíouse o estado da Sociedade da Información en Galicia a través dos principais datos estatísticos.

Segundo o compromiso de información expresado na elaboración da Axenda Dixital de Galicia, 2014.gal, preséntase anualmente un balance anual de actividades relacionadas coas distintas liñas estratéxicas que a compoñen, así como datos de indicadores de avance da sociedade de información en Galicia, dos orzamentos investidos, etc. En resumo, trátase dun documento onde atopar toda a actividade da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento da Axenda Dixital, os seus plans e programas, e tamén os resultados conseguidos



5. Instrumentos de colaboración e desenvolvemento normativo

Durante o exercicio 2013 a Amtega formalizou 40 acordos con institucións públicas e privadas, asociacións e colexios profesionais para desenvolver actuacións nos diferentes ámbitos da sociedade da información.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como entidade encargada da definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das TIC, debe garantir a

posibilidade de participación das consellerías con iniciativas no ámbito tecnolóxico, para corresponsabilizar e aliar esforzos de todo o Goberno e a administración da comunidade autónoma.

Así mesmo, dentro dos seus ámbitos de actuación, a Amtega ten como obxectivo promover a participación e colaboración da Administración pública autonómica co sector privado – tanto de empresas como doutras entidades que dan soporte ás TIC e á innovación – no ámbito da Sociedade da información.

Polo tanto, a Amtega constitúese como o principal organismo da Xunta de Galicia para intermediar e impulsar iniciativas entre Consellerías e outros organismos ou axentes sociais e económicos no ámbito da sociedade da información e, ao mesmo tempo, servir como vehículo de información,

formación, difusión e concienciación social neste eido.

As anteriores circunstancias implican a necesidade de impulsar o desenvolvemento normativo no ámbito das TIC e o desenvolvemento tecnolóxico, así como a articulación de acordos nos que queden establecidas todas as condicións, obrigas e compromisos das partes.

A continuación preséntanse os acordos e convenios de colaboración que a Amtega subscribiu, as encomendas que realizou a outros organismos e entidades, así como o desenvolvemento normativo durante o ano 2013.

• Convenios e acordos con departamentos da Administración Pública Galega

Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación.		30/01/2013
Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Escola Galega de Administración Pública e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación.		16/07/2013
Acordo de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a AMTEGA para a adquisición conxunta de obras creadas en lingua galega		16/07/2013
Acordo de coordinación competencial entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e as consellerías de Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; e Traballo e Benestar para o desenvolvemento do programa Transforma TIC		31/07/2013
I Addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia		29/07/2013
Convenio de colaboración entre á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia para a posta a disposición de espazos libres da planta baixa do edificio CINC, a favor de terceiras empresas coa finalidade de facilitar a coordinación de proxectos estratéxicos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia		22/10/2013
Acordo de Colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a AMTEGA, e a Secretaría Xeral da Presidencia para o desenvolvemento da Plataforma Tecnolóxica do Turismo de Galicia		25/10/2013

• Convenios con outras administracións e entidades públicas ou público-privadas

- *Convenio para a coordinación estratéxica e desenvolvemento de servizos avanzados no ámbito das tecnoloxías da información na Administración de Xustiza, asinado por Ministerio de Justicia, o Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a Axencia para la Modernización Tecnolóxica de Galicia , e a Entidade Pública Empresarial Red.es.*

26/04/2013



- *Convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica*



31/10/2013

- *Convenio de colaboración de natureza patrimonial entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia (FCDCG) e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) como consecuencia da localización da sede da Amtega no edificio denominado "Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia (CINC) e no "Centro de Proceso de Datos Integral" (CPDI) na Cidade da Cultura de Galicia*



31/10/2013

- *Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións informáticas de xestión universitaria de Galicia (CIXUG) para o apoio ás actividades en materia de software libre.*



08/05/2013

- *Convenio de Colaboración entre a AMTEGA e a Fundación para o Desenvolvemento Infotecnolóxico de Empresas e Sociedade (FUNDETEC) para a posta en marcha de actividades para o fomento da Sociedade da información*



13/05/2013

- *Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fundación para o Desenvolvemento Infotecnolóxico de Empresas e Sociedade (FUNDETEC) para a posta en marcha de actividades para o fomento da Sociedade da información*



06/07/2013

•

- *Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da administración electrónica*



18/06/2013

- Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Entidade Pública Empresarial Red.es para o desenvolvemento de servizos dixitais para o benestar social de Galicia dirixidos á rede galega de centros de iniciativa pública do ámbito de benestar social


red.es
27/12/2013
- II Adenda ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Entidade Pública Empresarial RED.ES para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á posta en marcha de Servizos Dixitais no ámbito da Administración de Xustiza


red.es
24/09/2013
- II Addenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Entidade Pública Empresarial RED.ES para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á posta en marcha dunha Rede de Emerxencias.


red.es
13/12/2013
- Convenio entre o Valedor do Pobo, a Universidade de Santiago de Compostela, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a elaboración e implantación dun sistema de screening do uso problemático de internet nos centros de ensinanza secundaria obrigatoria de Galicia


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


USC
 UNIVERSIDADE
 DE SANTIAGO
 DE COMPOSTELA


**Valedor
do Pobo**
 Galicia


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 ECONOMÍA E INDUSTRIA


**avencia
galega de
Innovación**


Cámaras


USC
 UNIVERSIDADE
 DE SANTIAGO
 DE COMPOSTELA

04/11/2013
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria; a Axencia Galega de Innovación; a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia; o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio; Industria e Navegación de España e as Cámaras de Comercio de Galicia, para o desenvolvemento do Programa InnoCámaras.


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 ECONOMÍA E INDUSTRIA


**avencia
galega de
Innovación**


ga


Cámaras

31/12/2013
- I Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Administración electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia


Fegamp

24/10/2013
- Convenio de colaboración entre a Fundación EOI e a Axencia Turismo de Galicia e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia para levar a cabo un proxecto para o fomento da innovación e a competitividade nas pymes do sector turístico vinculadas ao Camiño de Santiago "Camiño Intelixente"


Fegamp

17/12/2013
- Convenio de Colaboración entre o Parlamento de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a

04/11/2013

Universidade de Santiago de Compostela e a AMTEGA para a Modernización Tecnolóxica de Galicia en materia de dinamización lingüística

- *Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a AMTEGA e Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia para a implementación do proxecto educativo "Escolas na Nube"*

19/04/2013
- *Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (REDE CeMIT) da Xunta de Galicia. Concello de O Grove*

07/05/2013
- *Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (REDE CeMIT) da Xunta de Galicia. Concello de Ribadumia*

08/05/2013
- *Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (REDE CeMIT) da Xunta de Galicia. Concello de Salceda de Caselas*

16/05/2013
- *Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (REDE CeMIT) da Xunta de Galicia. Concello de Curtis*

23/05/2013
- *Convenio de colaboración para o uso compartido da torre de telecomunicación sen fíos de acceso a internet de banda larga situada no parque empresarial de Muimenta*

21/01/2013
- *Convenio de colaboración para o uso compartido da torre de telecomunicación sen fíos de acceso á internet de banda larga situada no polígono industrial Curtis-Teixeiro*

03/04/2013

• **Convenios con federacións, asociacións e colexios profesionais**

- *Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e a Central Sindical e Independente de Funcionarios de Galicia, como entidade promotora de acción formativas de ofimática dentro do marco do acordou de formación para o emprego das administracións públicas, para a Certificación galega de competencias dixitais en ofimática*



01/03/2013

Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e a Federación de servizos a cidadanía de CC.OO. de Galicia, como entidade promotora de acción formativas de ofimática dentro do marco do acordou de formación para o emprego das administracións públicas, para a Certificación galega de competencias dixitais en ofimática		22/02/2013
Convenio coa Asociación de Empresas Galegas de Software Libre para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción do software libre e de fontes abertas e o uso de estándares abertos en Galicia		26/02/2013
Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia.		15/03/2013
Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) para a realización de actuacións de formación, capacitación e promoción no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia		02/04/2013
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Asociación de enxeñeiros de telecomunicación de Galicia para a posta en marcha de actividades de fomento da sociedade da información.		12/04/2013
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e Asociación PuntoGal para o impulso do dominio .GAL		08/05/2013
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as Asociacións galegas de usuarios de software libre (AGUSL), para o desenvolvemento do software libre en Galicia		15/05/2013
Protocolo de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e as Asociacións empresariais Agasol, Agestic, Cluster Tic e Eganet, para a posta en marcha do proxecto RSE-TIC para o fomento da responsabilidade social empresarial no sector TIC galego		20/11/2013

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	 CLUSTER TIC GALICIA	 AGASOL ASOCIACIÓN DE EMPRESAS GALLEGAS DE SOFTWARE ONLINE	 agestic ASOCIACIÓN GALLEGA DE EMPRESAS DE TECNOLOGÍAS DE INFORMACIÓN Y COMUNICACIÓN	 eganet EMPRESAS GALLEGAS APLICADAS A INTERNET E AS NOVAS TECNOLOGÍAS
• <i>Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de apareladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación da Coruña para a realización de actividades conxuntas na promoción do acceso electrónico a información dos procedementos tramitados polo Colexio</i>				28/11/2013
• <i>Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e Telefónica de España, SAU, para o deseño, desenvolvemento e lanzamento dun programa de apoio ao desenvolvemento de iniciativas de emprendemento en Galicia</i>				11/12/2013
• <i>Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)</i>				07/05/2013
• <i>Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (REDE CeMIT) da Xunta de Galicia. Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia</i>				03/05/2013
• <i>Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (REDE CeMIT) da Xunta de Galicia. Asociación AMIPA</i>				10/05/2013
• <i>Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (REDE CeMIT) da Xunta de Galicia. Confederación Galega de Persoas con Discapacidade. COGAMI</i>				10/05/2013
• <i>Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (REDE CeMIT) da Xunta de Galicia. ACEBE CCA</i>				20/05/2013
• <i>Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (REDE CeMIT) da Xunta de Galicia.</i>				22/05/2013

<i>Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica Informática de Galicia</i>		
<i>Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades que se adhiran para a realización de actividades coa Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica (REDE CeMIT) da Xunta de Galicia. Cáritas Diocesana de Lugo</i>		27/05/2013

• Encomendas

<i>Resolución do 18 de abril de 2013 pola que se encomenda á Sociedade Tecnoloxía e Servizos Agrarios S.A. a xestión de determinadas actuacións relacionadas con servizos informáticos de administración, soporte, mantemento de aplicacións e tecnoloxías desenvoltas nos eidos de Conservación da Natureza, Calidade e Avaliación Ambiental, e Agropecuaria. (TRAGSATEC)</i>		18/04/2013
<i>Resolución do 14 de xuño de 2013, pola que se encomenda á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia a xestión de determinadas actuacións relacionadas coa Promoción e Desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia</i>		14/06/2013
<i>Encomenda de Xestión para a adquisición de Equipos de Impresión Móviles para levantamento de actas de inspección e Equipos de Traballo de Campo para o desenvolvemento do plan de controis vitícolas sobre o terreo en Galicia</i>		19/09/2013
<i>Resolución do 4 de outubro de 2013, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) pola que se modifica a resolución da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica pola que se acorda encomendar á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A., determinados servizos para o Desenvolvemento das Redes Troncais de Transporte e Infraestruturas Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia segundo Plan de Banda Longa 2010 - 2013</i>	 retegal redes de telecomunicación galegas	04/10/2013

- *Resolución do 7 de outubro de 2013, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), pola que se encomenda á Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A., servizos de conexión en localizacións da Xunta de Galicia para a súa Rede Corporativa*



07/10/2013

- **Desenvolvemento normativo**

- *Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.*
- *Decreto 57/2013, do 11 de abril, polo que se modifica o Decreto 21/2010, do 4 de febreiro, polo que se crea e se regula o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.*
- *Orde do 20 de febreiro de 2013 pola que se nomean novos vogais do Consello Reitor da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se derroga a Orde do 2 de marzo de 2012 pola que se nomean os vogais do Consello Reitor da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.*
- *Orde do 26 de xuño de 2013 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal*



XUNTA
DE GALICIA

galicia

